

Memoria de actividades ■ 2008



Memoria de actividades ■ 2008

C E I D A

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN

Carlos Vales Vázquez

CEIDA Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia

Castelo de Santa Cruz s/n 15179 Liáns, Oleiros. A Coruña

Teléfono 981 630 618 Fax 981 614 443

www.ceida.org ceida@ceida.org

DEPÓSITO LEGAL

DESEÑO E MAQUETACIÓN

CEIDA

Impreso en papel 100% reciclado e libre de cloro



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA

Memoria de actividades 2008

0. INTRODUCCIÓN.....	7
1. EDUCACIÓN AMBIENTAL	25
1.1 Programas: <i>O mar e a costa, Pés na terra e Cambio climático</i>	27
1.2 Congreso Escolar.....	37
1.3 Aula do mar	47
1.4 Hemeroteca	51
2. FORMACIÓN E CAPACITACIÓN	53
2.1 Cambio climático	55
2.2 Municipal	61
2.3 Conservación	77
2.4 Medio mariño	87
2.5 Educación ambiental	97
2.6 Cooperación	113
2.7 Forestal	125
2.8 Turismo	135
2.9 Hemeroteca	143
3. PROGRAMA DE EXPOSICIÓN.....	159
3.1 Exposiciones itinerantes	161
3.2 Exposiciones no Castelo Santa Cruz	169
4. CENTRO DE DOCUMENTACIÓN DOMINGO QUIROGA	185
Servizos e actividades	
Publicacións	
5. ENTIDADES COLABORADORAS.....	201

Introducción

Presentación

O CEIDA dá resposta ao papel primordial da defensa do capital medioambiental, un patrimonio colectivo que contén valores irrenunciables para o progreso da sociedade e cuxa conservación e preservación fronte á deterioración provocada pola acción do home, é un compromiso de todos.

A estratexia do CEIDA contempla a incentivación das institucións municipais na súa implicación na adopción de políticas activas na defensa do noso medio, no coidado dos hábitats e na preservación de espazos protexidos. Para iso, o centro programa cursos de formación para os membros das corporacións locais e colectivos veciñais, ou culturais, interesados polo medioambiente. As políticas de aforro enerxético, de sustentabilidade e de boas prácticas deben formar parte da programación e do día a día dos nosos concellos e o CEIDA quere contribuír a cumplir ese obxectivo.

O compromiso acadado pola Consellería de Medioambiente como parte do consorcio do CEIDA foi vital nestes últimos anos para poder chegar a milleiros de escolares e mestres así como para a formación de monitores e persoas preocupadas pola biodiversidade e o futuro da terra, divulga máis alá das fronteiras do noso país os programas e estudos de expertos que colaboran e participan nas diversas actividades de educación ambiental que se levan a cabo.

Foron moitas e importantes as exposicións que desde o CEIDA se deron a coñecer relacionadas co mar, cos bosques, coa fauna e coa flora, coas materias primas, sempre da man de grandes investigadores, biólogos, naturistas coa implicación de patrocinadores, imprescindibles para estas actividades.

O consorcio do CEIDA, formado pola Consellería de Medio Ambiente, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros, está na obriga de seguir traballando para implicar cada día a máis colectivos cidadáns, escolares e corporacións locais nesa loita pola defensa de políticas sustentables e respectuosas co medioambiente e coa biodiversidade.

Cando se trata de asegurar que as xeracións futuras poidan recibir un legado de hábitats saudables, con recursos sostibles, cando a cuestión de preservar a vida é entendida e cualificada de prioritaria por gobernos e institucións de todo o mundo, o CEIDA confirma a súa inescusable razón de ser e ratifica o seu compromiso na defensa deses valores irrenunciáveis aguilloando as conciencias colectivas para que xa non sexan posibles políticas anacrónicas que permitían contaminar pagando ou asfaltar a mesma costa.

A liña de traballo do CEIDA centra esforzos en conseguir que a sensibilización social promova unha actividade lexislativa que asegure a obtención dos recursos enerxéticos e as materias primas sen efectos secundarios devastadores ou riscos potenciais sen marcha atrás. O desalento é unha palabra que non figura no dicionario do Centro porque cada pequena conquista ten un efecto multiplicador para tratar de cumplir o obxectivo primordial: salvar a vida no planeta.

*Ángel García Seoane
Alcalde de Oleiros e Presidente do CEIDA*

O CEIDA: unha apostia por dinamizar a educación ambiental en Galicia

Antecedentes

O CEIDA nace en 1992 co nome de Centro de Educación, Información e Divulgación Ambiental, coa vocación de ser o centro de referencia para a educación ambiental en Galicia. O Centro ten a súa sede no castelo situado na illa de Santa Cruz, declarado Ben de Interese Cultural e propiedade do Concello de Oleiros, quen lle cede as instalacións á Xunta de Galicia para os fins de educación ambiental definidos no convenio de cesión. Constitúese como un organismo dependente da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura da Xunta de Galicia, baseado nun modelo similar ao que levara á creación, poucos anos antes, do CENEAM (Centro Nacional de Educación Ambiental), adscrito ao ICONA (Instituto de Conservación de la Naturaleza), do Ministerio de Agricultura do Goberno español.

O seu modelo de xestión, non obstante, nunca chegou a concretarse, pola carencia dun equipo humano e dunha asignación orzamentaria específica, de maneira que o convenio de cesión das instalacións é denunciado polo Concello de Oleiros, o que leva a unha reformulación do proxecto que a partir do ano 1998 pasa a denominarse Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia, mantendo as siglas CEIDA, e a funcionar como un consorcio entre o Goberno autonómico, o Concello de Oleiros e a Universidade da Coruña. Así pois, as tres institucións crean un consorcio para dinamizar e promover a Educación Ambiental en Galicia.

A pesar de que o consorcio é constituído no ano 1998, de que se nomea un director, así como xefes de área, non existe un proxecto de xestión que teña continuidade ata o ano 2001, no que a praza de director é sometida a concurso público, asociada a un proxecto e obxectivos de xestión específicos.

Xustificación

O CEIDA pode ser considerado como centro de referencia para a educación ambiental, no sentido conceptual das recomendacións do *Seminario Internacional de Educación Ambiental de*

Belgrado (1975) que propuxo «a creación de centros rexionais ou subrexionais para centralizar a información e estimular o desenvolvemento coordinado da educación ambiental», e da *Conferencia Intergubernamental de Educación Ambiental de Tbilisi* (1977), que fai explícita a necesidade de crear infraestruturas de referencia para axudar as persoas e grupos sociais a descubrir os valores do seu medio e contribuír, así, a desenvolver actitudes, comportamentos e prácticas sociais coerentes coa conservación e uso sustentable do ambiente. Quince anos máis tarde, a Estratexia Mundial para a Conservación da Natureza (IUCN/PNUMA/WWF, 1992) tamén recomendará aos Estados dispoñer de institucións que fagan de dinamizadoras, canalicen e coordinen a Educación Ambiental. En definitiva, un centro de referencia en educación ambiental debe cumplir un papel de dinamizador dos recursos existentes, de formación de mediadores, de elaboración de materiais, así como fornecer información e documentación relevante desde o punto de vista ambiental.

Traxectoria

O traballo acometido ao longo do período de xestión que comezara no ano 2001 obedece aos seguintes obxectivos:

- Promover un contacto permanente con institucións galegas e con outras institucións para coordinar estratexias para a sostenibilidade.
- Promover accións de orientación e asesoramento técnico e profesional nos contextos ocupacionais e laborais.
- Prestar apoio e asesoramento técnico a distintos axentes promotores da educación ambiental en Galicia. Promover foros, xornadas e encontros que posibiliten un intercambio de experiencias.
- Desenvolver iniciativas de educación ambiental dirixidas a diferentes sectores da sociedade (técnicos e profesionais dos servizos públicos, educadores ambientais, profesorado e outros colectivos sociais).
- Organizar concertadamente coas universidades, as administracións públicas e outros colectivos da sociedade civil programas de divulgación, formación e extensión universitaria que poñan ao servizo da sociedade os recursos formativos, de investigación e de información ambiental dispoñibles.
- Colaborar con institucións universitarias e centros de investigación na definición de novas liñas de traballo que redunden no beneficio da comunidade (local, comarcal, autonómica) e no establecemento dun modo de vida sostible.

- Promover a integración da educación ambiental nos distintos niveis de desenvolvemento curricular. Promover o desenvolvemento nos centros educativos de grupos de traballo, obradoiros, campañas, etc. Animar os centros de ensino a participar e a implicarse na resolución dos problemas ambientais e nas iniciativas ambientais que xurdan no seu contorno inmediato.
- Promover a elaboración de materiais didácticos para a educación ambiental adaptados ao tratamento das problemáticas correspondentes.
- Potenciar o deseño e desenvolvemento de campañas de sensibilización dirixidas ao conxunto da poboación ou a sectores sociais específicos.
- Crear bancos de datos que melloren a cantidade e calidade da información educativa e ambiental disponible.

Os obxectivos aquí sinalados concretáronse nunha serie de iniciativas e actividades que poden ser estruturadas nos apartados seguintes:

- ***Actividades de formación e divulgación ambiental:*** Inclúen diferentes tipoloxías e formatos, tales como cursos e xornadas formativas, congresos e seminarios internacionais, conferencias e exposicións e visitas guiadas, entre outras. O balance do período, en canto ao número de actividades e de participantes nas mesmas, inclúese no anexo ao final desta sección.
- ***Posta en marcha e consolidación do Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga.*** Destinado a catalogar e divulgar todo tipo de materiais de interese ambiental e educativo.
- ***Producción de materiais de carácter formativo, educativo e divulgativo,*** en diferentes soportes e formatos.
- ***Desenvolvemento de programas de educación ambiental.*** Polo seu carácter transversal, inclúen distintos tipos de actividades e prácticas de comunicación e educación, e teñen vocación de continuidade no tempo, é dicir, carácter estratéxico. No anexo sinálanse as principais liñas de traballo en curso.

Por último, destacar tamén a importancia que os seguintes criterios tiveron neste período, para optimizar a repercusión do traballo do CEIDA na sociedade:

- **Aposta polo traballo cooperativo.** Na medida do posible, o CEIDA desenvolve as súas actividades en colaboración con outras administracións, organizacións e entidades. As memorias de actividades do CEIDA publicadas (2001-2005, 2006 e 2007) dan conta da intensidade dessa colaboración, que inclúe as administracións estatal, autonómica e local, organismos internacionais, grupos ambientalistas locais, universidades, fundacións e empresas, entre outros.
- **Descentralización das actividades.** Partindo dunha apostia inicial por identificar o CEIDA coa súa sede no Castelo de Santa Cruz, o criterio evoluciona no sentido de achegar no posible as actividades, particularmente as formativas e divulgativas, aos seus potenciais destinatarios. Entendemos que a situación da sede do Centro no canto noroeste de Galicia non debe ser un impedimento para o acceso dos potenciais usuarios residentes en lugares xeograficamente afastados.
- **Creación de redes e cooperación internacional.** O ámbito natural no cal o CEIDA desenvolve as súas relacións de colaboración e intercambio de experiencias é o estatal, co CENEAM e con centros equivalentes doutras comunidades autónomas; o espazo europeo; iberoamérica, e a comunidade de países lusófonos. As colaboracións incluíron intercambio de experiencias e organización de encontros, realización de actividades formativas ou publicación conxunta de documentos educativos e materiais relevantes.
- **Posta en valor das instalacións da Illa e o Castelo de Santa Cruz,** dado o seu potencial como recurso educativo tanto polo seu valor patrimonial como polo potencial do seu contorno natural. Esta liña de trabalho no propio contorno inclúe a xestión, como equipamento ambiental complementario do propio Castelo, a proposta do Concello de Oleiros e en colaboración coa Dirección Xeral de Conservación da Natureza, da Aula do Mar dos Faros de Mera, que funciona como Centro de Visitantes do Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes, na costa norte do concello de Oleiros.
- **Traballo no propio contorno xeográfico:** nesta liña inclúense tanto a posta en valor das instalacións da Illa e o Castelo de Santa Cruz, dado o potencial como recurso educativo da súa singular combinación de patrimonio cultural e natural, como a xestión doutro equipamento ambiental complementario do propio Castelo. Trátase da Aula do Mar dos Faros de Mera, que grazas á apostia do Concello de Oleiros, e á colaboración coa Dirección Xeral de Conservación da Natureza, na actualidade funciona como Centro de Visitantes do Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes, ao norte de Oleiros.

Anexo

Traxectoria do CEIDA no período 2001-2008 por tipoloxía de actividade e número de participantes

Nº DE ACTIVIDADES REALIZADAS									
	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	Totais
Actividades de formación ambiental	8	29	32	30	21	31	29	38	218
Programas de educación ambiental	22	61	169	151	194	219	148	221	1.185
Aula do Mar	-	-	-	-	-	Aberta ao público ^A			
Actividades de cooperación	-	-	-	-	-	-	4	6	10
Exposicións no castelo	1	5	5	10	11	9	12	10	63
Exposicións itinerantes	-	-	-	4 ^B	27 ^C	42 ^D	80 ^E	70 ^E	223
Totais	31	95	206	195	253	301	273	345	1.699

^A: Aberta como Centro de Visitantes do Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes

^B: 1 exposición / ^C: 2 exposicións / ^D: 4 exposicións / ^E: 5 exposicións

Nº DE PARTICIPANTES									
	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	Totais
Actividades de formación ambiental	445	1.140	1.210	1.393	769	1.326	1.144	1.782	9.209
Programas de educación ambiental	1.352	2.527	3.150	5.664	6.389	6.217	4.778	5.719	35.796
Aula do mar	-	-	-	-	-	10.662	12.137	16.087	38.886
Actividades de cooperación	-	-	-	-	-	-	540	327	867
Exposicións no Castelo	880	5.400	11.686	14.675	18.577	17.181	18.761	19.605	106.765
Exposicións itinerantes	-	-	-	Sen datos	Sen datos	20.663	40.814	87.109	148.586
Totais	2.677	9.067	16.046	21.732	25.735	56.049	78.174	130.629	340.109

Áreas de traballo do CEIDA e liñas extratéxicas de Educación Ambiental

	OBXECTIVOS	LIÑAS DE ACTUACIÓN
EDUCACIÓN AMBIENTAL NON FORMAL	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ser punto de encontro, reflexión e referencia formativa para os educadores ambientais galegos ▪ Ser un interlocutor de referencia en Galicia para colectivos, e equipamentos tanto de España como doutros países 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Fomentar espazos de encontro e reflexión entre estes colectivos ▪ Ofertar accións formativas con criterios de excelencia

	OBXECTIVOS	LIÑAS DE ACTUACIÓN
EDUCACIÓN AMBIENTAL NO SISTEMA EDUCATIVO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Incentivar os centros educativos a que traballen en iniciativas a prol da conservación e divulgación do medio natural ▪ Axudar na consolidación dunha nova cultura ambiental entre toda a comunidade educativa ▪ Consolidar vías de comunicación e de colaboración entre os centros educativos e o CEIDA ▪ Consolidar o Congreso Escolar como espacio de referencia da posta en valor do patrimonio natural galego e divulgación dos traballos realizados 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Asesoramento técnico e apoio económico aos proxectos participantes ▪ Satisfacción das necesidades de documentación tanto do profesorado como do alumnado a través do Centro de Documentación Domingo Quiroga ▪ Realización do Congreso como espacio de intercambio e punto de encontro entre todos os participantes

	OBXECTIVOS	LIÑAS DE ACTUACIÓN
DESENVOLVEMENTO LOCAL	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Contribuir á formación ambiental dos técnicos e persoal responsable da xestión ambiental municipal ▪ Contribuir á dinamización das Axendas 21 Locais, con especial incidencia na comarca das Mariñas e nos concellos integrantes dos núcleos de Sostibilidade 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Deseño e execución dun plan formativo para persoal técnico e cargos políticos das administracións locais ▪ Asesoramento e apoio documental

	OBXECTIVOS	LIÑAS DE ACTUACIÓN
CAMBIO CLIMÁTICO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ofertar actividades formativas en torno ás causas, efectos e medidas de mitigación necesarias en torno ao quentamento global tanto a nivel global como galego ▪ Convertir o CEIDA nun centro de referencia en eficiencia enerxética en colaboración co INEGA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ofertar un amplio abano de actividades tanto formativas como divulgativas e de concienciación ▪ (Comunicación, educación e participación para o cambio climático, exposición itinerante, cursos de conducción eficiente, arquitectura bioclimática) ▪ Auditoría enerxética do CEIDA

	OBXECTIVOS	LIÑAS DE ACTUACIÓN
TURISMO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Promover boas prácticas ambientais ▪ Divulgar o patrimonio natural e cultural de Galicia como recurso turístico 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Formación ambiental dos distintos axentes turísticos ▪ Organización de actividades de divulgación e promoción do patrimonio natural e cultural de Galicia ▪ Colaboración cos distintos actores que traballan a prol do desenvolvemento do turismo sostenible
AUGA	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Impulsar un cambio progresivo nos hábitos de consumo da auga por parte da ciudadanía, imprescindible para garantir a preservación axeitada deste recurso natural ▪ Promover e estimular o debate social ao redor dunha nova cultura da auga 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Actividades formativas sobre a problemática da auga, vincelladas á xestión da mesma e uso sustentable ▪ Actividades de divulgación e sensibilización sobre a auga ▪ Deseño, elaboración dunha exposición itinerante sobre a auga e elaboración de materiais didácticos de apoio ON LINE para o profesorado e alumnado ▪ Apoio documental a investigadores, técnicos etc. a través do Centro de Documentación Domingo Quiroga
MEDIO MARIÑO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Dar a coñecer a todos os sectores da sociedade a deficiente protección do medio mariño e a urxente necesidade de establecer Áreas Mariñas Protexidas ▪ Cooperar coas administracións públicas, centros de investigación, organizacións de pescadores e outros colectivos para fomentar a creación de pesquerías sostenibles e o establecemento de Áreas e Reservas Mariñas Protexidas ▪ A posta en valor do Patrimonio Cultural e Etnográfico vincellado ás Comunidades Costeiras 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Accións de formación ▪ Exposición itinerante Áreas Mariñas Protexidas ▪ Proxecto Serea
CONSERVACIÓN E USO PÚBLICO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sensibilizar e informar a ciudadanía sobre a importancia e a necesidade de conservar o patrimonio natural, especialmente o galego e, en particular, o do ámbito comarcal e local ▪ Fomentar a través de diversas actuacións un proceso de reflexión cara á mellora da xestión da conservación dos espazos naturais 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Actividades formativas e divulgativas ▪ Programas de educación ambiental ▪ Xestión do uso público do Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes ▪ Congreso escolar. «Espazos para Conservar. Defendamos o noso patrimonio natural»

	OBXECTIVOS	LIÑAS DE ACTUACIÓN
MONTES	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Divulgar a importancia da conservación e a multifuncionalidade do monte e dos bosques, fomentando unha conciencia ambiental en termos de sostibilidade ▪ Crear un Parque Botánico Forestal como dinamizador da cultura forestal e a mellora da calidade ambiental do territorio 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Accións de formación, divulgación e concienciación ▪ Estudo técnico e proxecto educativo e interpretativo do Parque Botánico Forestal ▪ Rede de Reservas Forestais de Galicia


	OBXECTIVOS	LIÑAS DE ACTUACIÓN
COOPERACIÓN INTERNACIONAL	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Participar nas principais redes internacionais envolvidas na conservación da natureza e na educación ambiental ▪ Favorecer a divulgación do papel de Galicia na conservación da natureza e na educación ambiental ▪ Colaborar con administracións e colectivos doutros países que perseguen obxectivos comúns 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Traer a Galicia novos coñecementos, experiencias e iniciativas que contribúan a un mellor desenvolvemento no noso país de accións ambientais ▪ Compartir coñecementos e experiencias, promover marcos de colaboración e outras actividades que contribúan a mellorar as capacidades para resolver os problemas socioambientais tanto no ámbito local como no rexional e global

	OBXECTIVOS	LIÑAS DE ACTUACIÓN
INVESTIGACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Desenvolver proxectos de investigación sobre a educación ambiental como instrumento para a conservación, xestión e mellora do medio ambiente ▪ Coordinar a revista científica AmbientALMENTE sustentable ▪ Desenvolver proxectos de innovación no ámbito formativo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Editar dous números da revista AmbientALMENTE sustentable ▪ Desenvolver unha investigación sobre os programas de educación ambiental que se están a desenvolver nos espazos naturais galegos ▪ Iniciar cursos de educación ambiental cunha plataforma on-line

Cadastro de persoal								
Entidades que achegan persoal ao CEIDA	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
CEIDA	2	3	7	15	13	11	16	16
Universidade da Coruña	2	2	2	2	1	1	1	1
Concello de Oleiros	1	7	8	1	1	1	1	1
Consellería de Educación	-	-	-	-	-	-	1	1
Asistencias externas	-	-	-	-	-	-	-	5
Prácticas*	1	5	2	7	4	4	6	10

*A través da Universidade da Coruña e ciclos formativos

Orzamento comparado do período de xestión 2001-2008		
Ano	CONTRIBUCIÓNS (en €) Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e Universidade da Coruña	ORZAMENTO TOTAL
2001	347.625,40	420.708,48
2002	108.182,18	242.985,43
2003	120.000,00	281.922,64
2004	150.000,00	459.145,03
2005	184.764,00	608.116,08
2006	270.000,00	747.751,88
2007	250.000,00	861.177,53
2008	250.000,00	1.002.221,09



O orzamento do CEIDA provén das achegas directas feitas pola Consellería de Medio Ambiente e pola Universidade da Coruña, así como dos recursos captados pola propia institución. A gráfica semella indicar unha capacidade ascendente de captación de recursos distintos aos destinados inicialmente polas institucións para o CEIDA e, por tanto, unha capacidade para incrementar os recursos destinados en Galicia á educación ambiental no seu conxunto.

Relación de convenios vixentes no ano 2008

- ▶ **Proxecto Serea** - Seaside Reorientation Activities - actividades complementarias da pesca e do marisqueo. Cofinanciado polo Fondo Social Europeo

Listaxe de socios
<i>Centro Tecnológico del Mar-Fundación CETMAR</i>
<i>Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos</i>
<i>Federación Galega de Confrarías de Pescadores</i>
<i>Confraría de Pescadores de Santo Antonio de Cambados</i>
<i>Confraría de Pescadores de Cedeira</i>
<i>Confraría de Pescadores de Lira</i>
<i>Universidade de Vigo</i>
<i>Universidade da Coruña</i>
<i>Universidade de Santiago de Compostela</i>
<i>CEIDA</i>
<i>Societa Cooperativa di Pescatori "CO.PE.GA"</i>
<i>Coopérative Audierne Port</i>
<i>Latvian National Board of Fisheries</i>
<i>Latvian Fisherman Federation</i>

- ▶ Proyecto Fundació Territori i Paisatge: **Rede de reservas forestais representativas de Galicia.**
- ▶ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CEIDA para o Programa de formación, asesoría, divulgación e participación ambiental para os concellos da provincia da Coruña **Por unha cultura ambiental.**



Carlos Vales, director do CEIDA, e Joan Carles Mercadé, segundo tenente de alcalde do Ajuntament de Serós -Lleida- e representante da Universitat Catalana d'Estiu de Ciències de la Natura, comprometérónse a coorganizar cursos internacionais



O alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, recibiu a Joan Carles Mercadé e a Guillem Chacón, representantes da Universitat Catalana d'Estiu de Ciències de la Natura

- ▶ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CEIDA para o Programa de Educación e Sensibilización Ambiental: *O mar e a costa, recursos valiosos para todos.*
- ▶ Convenio coa Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial para a realización de accións específicas que incrementen a presenza do mar e o patrimonio marítimo de Galicia.
- ▶ Convenio co Concello de Betanzos para a organización das *II Xornadas da paisaxe cultural do noroeste.*
- ▶ Convenio marco de colaboración entre a Universitat Catalana d'Estiu de Ciències de la Natura e o CEIDA para a organización de cursos internacionais, así como de congresos e conferencias nos seus respectivos territorios catalán e galego.
- ▶ Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e o CEIDA, dentro dos ámbitos da formación, a investigación e o asesoramento mutuo.
- ▶ Convenio de colaboración entre a Università della Calabria e o CEIDA para a formación e orientación profesional dos alumnos italianos no CEIDA.
- ▶ Programa de formación no marco do Programa *Leonardo Da Vinci* para o proxecto de prácticas *Eco Europa-Portugal.*

Senén Barro Ameneiro, reitor de USC, e José María Barja, como presidente do CEIDA e reitor da UDC, asinaron un convenio de colaboración entre as dúas institucións







1. educación ambiental

As actividades desenvolvidas polo equipo de educadores do CEIDA en 2008, tiveron a conservación do medio como unha das súas temáticas principais. Os participantes nas mesmas estableceron relacions afectivas e reforzaron a visión respectuosa co contorno. Estes valores foron adquiridos grazas aos programas de educación ambiental, ao congreso escolar e coas visitas a un centro de visitantes dun Espazo Natural Protexido.

programas de educación ambiental



Os educadores ambientais do CEIDA na súa praxe educativa asumen que a educación ambiental ten que ser social, práctica, crítica e integradora e, polo tanto, orientada á construcción de sociedades sustentables. Estes principios constitúen o eixo dos programas de educación e sensibilización ambiental que anualmente o CEIDA ofrece a todos os cidadáns.

O mar e a costa, recursos valiosos para todos

Un programa maduro e estable



No 2004 o CEIDA asumiou o desafío de desenvolver a longo prazo un proxecto de educación ambiental co obxectivo de fomentar entre a sociedade actitudes positivas e comportamentos favorables cara á protección e a conservación da costa galega, a través do coñecemento dos valores naturais e culturais e da análise das problemáticas ambientais. Así é como naceu o programa de educación e sensibilización ambiental *O mar e a costa, recursos valiosos para todos*, patrocinado pola Deputación da Coruña e dirixido aos centros de ensino e aos colectivos sociais de toda Galicia.

O 2008 foi o quinto ano que se desenvolveu esta actividade polo que a continuidade permite que o programa sexa aberto e en permanente construcción, adaptando a metodoloxía e os recursos a unha realidade en continuo cambio.

Ao longo do 2008, participaron no programa de educación ambiental 160 grupos

O CEIDA, a través de *O mar e a costa, recursos valiosos para todos*, pretende fomentar o coñecemento do litoral galego dende unha perspectiva multidisciplinar que abrangue os aspectos naturais, culturais e económicos poñendo de manifesto a vinculación do pobo galego co mar. Desta forma, os participantes no programa serán capaces de analizar as problemáticas ambientais da beiramar galega, as causas, os efectos, os axentes involucrados e tamén de reflexionar sobre os patróns de consumo cotiáns presentes na sociedade actual.

As actividades de *O mar e a costa, recursos valiosos para todos* desenvólvese nun espazo litoral protexido, a Costa de Dexo-Serantes. Sitúase no concello de Oleiros e está declarado Monumento Natural dentro da Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos e tamén ten a figura de Lugar de Importancia Comunitaria - LIC - da Rede Natura 2000 xa que representa unha das poucas áreas naturais ben conservadas da Costa Ártabra. Este é un lugar de importancia ecolóxica tanto pola singularidade dos ecosistemas e hábitats como pola xeomorfoloxía e paisaxe. A estes valores naturais e, sobre todo paisaxísticos, súmanse valores histórico patrimoniais. Ademais, neste espazo atópase a Aula do Mar - Centro de Visitantes do Monumento Natural Costa de Dexo - Serantes. Este equipamento, situado na antiga vivenda do fareiro de Mera, acolle unha exposición interpretativa permanente e dende a súa apertura é un dos recursos utilizados para desenvolver este programa de educación ambiental.



Estas ferramentas de traballo axudan aos visitantes a descubrir os beneficios que ten a declaración dun espazo protexido para o desenvolvemento local sustentable, recoñecendo e defendendo as limitacións de uso como necesarias para a conservación e como potenciais para a creación dunha nova relación co medio máis respectuosa e sostible.

Actividades



Todas as actividades do programa *O mar e a costa, recursos valiosos para todos* pretenden, de maneira lúdica e participativa, traballar a niveis afectivos e cognitivos, co fin de espertar emocións e proporcionar aos participantes experiencias significativas e enriquecedoras. Os participantes nesta actividade non só deben facer unha mera lectura deste espazo do litoral e un simple coñecemento dos valores naturais e


ecolóxicos que ofrece. Os educadores ambientais do CEIDA pretenden que os asistentes teñan unha visión global tendo en conta os aspectos naturais, sociais, económicos e amosando o ambiente como un sistema complexo con múltiples interaccións coa finalidade de incentivar a análise crítica das problemáticas ambientais, das consecuencias e da necesidade de actuar para a súa resolución tanto a nivel individual como colectivo. Polo tanto, o fin último destas actividades é fomentar actitudes e comportamentos positivos cara á conservación, promovendo unha interacción do ser humano coa natureza, e o uso sustentable da costa galega, xa que os participantes do programa ambiental deberán extrapolar o caso da Costa de Dexo-Serantes ao resto do litoral galego.

Paralelamente e como complemento ao programa, durante os meses de febreiro, marzo e abril de 2008 desenvolveuse unha actividade de educación ambiental asociada á exposición *A natureza mariña galega* da Sociedade Galega de Historia Natural - SGHN -

de Ferrol que estivo na sala de exposicións do Castelo de Santa Cruz, en Oleiros. Con esta actividade complementaria aspirouse a dar a coñecer o medio mariño e a súa importancia social e cultural, informar das agresións e ameazas que sofre o litoral galego e descubrir o labor social e ambiental dos grupos ecoloxistas a través do traballo coa Sociedade Galega de Historia Natural.

Participantes

Un total de 4.248 asistentes, distribuídos en 160 grupos de diversa índole, participaron ao longo do 2008 no programa de educación ambiental *O mar e costa, recursos valiosos para todos*.



O grupo que máis participou no programa foi o dos centros de ensino seguido das asociacións culturais e deportivas, entre as que se inclúen colectivos minoritarios como a comunidade xorda, centros de educación especial ou colectivos de exclusión social (inmigrantes, menores, presos, drogadictos en rehabilitación...) A diversidade de participantes pon de manifesto a actual demanda da sociedade por coñecer os valores que ofrece o litoral.

O programa de educación e sensibilización ambiental O mar e a costa, recursos valiosos para todos procura ser un gran de area na conservación da beiramar, tratando que os participantes sexan conscientes da importancia que poden chegar a ter os comportamentos cotiáns no seu deterioro e das posibles actuacións a prol da conservación.

pés na terra

O monte merece unha atención prioritaria no contexto do medio rural galego pola riqueza económica, ambiental e social que xera. Así, e desde o punto de vista social, o patrimonio forestal galego produce emprego e riqueza e exerce unha importante función de socialización. Na dimensión ambiental, o monte contribúe á loita contra o cambio climático, á conservación da biodiversidade, á produción de recursos hídricos...

O medio rural, e integrado nel o monte, constitúe un patrimonio esencial para o desenvolvemento sustentable do noso país, onde os terreos de monte representan máis do 65% da superficie do territorio. O monte e, polo tanto, os seus recursos forestais son esenciais para a vida e, ao longo da historia, sempre xeraron beneficios para a sociedade, non só económicos, tamén sociais, culturais e ambientais. O que era unha relación equilibrada entre o ser humano e os montes, cando estaban totalmente

vinculados ás tarefas agrícolas e gandeiras, está agora en perigo. Cómpre rescatar este equilibrio, por parte dunha cidadanía cada vez más distanciada do mundo rural, a través da aproximación ao monte como elemento vivo da natureza, con multitud de valores e oportunidades.

Esta tarefa esixe esforzos, dirixidos a todos os sectores sociais, cos que fomentar o apego polo patrimonio forestal e contribuír ao asentamento no rural. A mocidade é obxectivo prioritario de cara á implicación



nas posibilidades de futuro que ofrece o rural galego e, consecuentemente, o monte.

Só amosando este importante legado natural e cultural ás novas xeracións, futuros propietarios forestais, gandeiros, técnicos, xestores... a sociedade será quen de valorar, apreciar e, por suposto, coidar e conservar para poder seguir gozando dos seus beneficios.

No ano 2008, o CEIDA, en colaboración coa Consellería do Medio Rural, puxo en marcha o programa de educación ambiental *Pés na terra*.

O programa naceu co ánimo de amosar as riquezas e potencialidades que o monte agocha, achegar á comunidade educativa a importancia da xestión sustentable, o aproveitamento dende o punto de vista multifuncional, así como traballar na adquisición dunha conciencia ecolóxica necesaria para valorar, protexer e defender o monte galego como parte indisociable do patrimonio natural e cultural.



Dende o mes de febreiro e ata o mes de xuño, cerca de cincocentos alumnos de educación secundaria, bacharelato e ciclos formativos da provincia da Coruña participaron en dous itinerarios guiados por montes xestionados pola Consellería do Medio Rural e localizados nos concellos de Cedeira e Monfero. Estes itinerarios guiados polos educadores ambientais do CEIDA e adaptados ás necesidades dos grupos visitantes, constituíron elementos didácticos de primeira orde para abordar, *in situ*, cos pés na terra, temas como a historia do monte en Galicia; os valores e beneficios económicos, sociais e ambientais, os traballos no monte, os incendios forestais, etc.

Como complemento á realización dos itinerarios e buscando reforzar os contidos e mellorar os coñecementos adquiridos por parte do alumnado, así como incentivar a incorporación de actividades de investigación e estudo sobre o monte dende os centros de ensino, o CEIDA elaborou un caderno para cada un dos itinerarios que se distribuíu entre os centros participantes.



cambio climático

Coñecedor de que un dos problemas ambientais más importantes é o cambio climático o equipo de educadores do CEIDA desenvolveu nos meses de abril e maio un programa de educación ambiental dirixido aos centros de ensino de toda Galicia cos obxectivos de dar a coñecer as causas e os efectos do quentamento global, de clarificar ideas erróneas sobre este fenómeno e de concienciar sobre a necesidade de cambiar os hábitos de consumo fomentando boas prácticas de cara ao aforro enerxético tanto na escola coma na casa.

A actividade, na que en 2008 participaron 746 alumnos, consistiu na práctica dunha visita guiada pola exposición *Cambio climático. O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción*, situada nas salas do Castelo de Santa Cruz; na realización de obradoiros e na proxección dun audiovisual.

A mostra, baseada no proxecto europeo Clarity Acción Educativa por el Clima, traslada ao visitante a alerta emitida pola comunidade científica da necesaria procura de solucións inminentes para a mitigación do cambio climático. Foron dous os obradoiros ambientais ofertados polo CEIDA dentro desta actividade. O primeiro deles, chamado *E máis eu, cantas emisións podo evitar?*, consistiu en calcular as emisións que se poderían evitar co uso dunha bicicleta. Neste módulo os alumnos e alumnas pedalearon nunha



bicicleta estática conectada a un ordenador que, a través dun programa informático, realizaba o cálculo.

O segundo dos talleres que se realizou cos participantes foi *Emisión cero*. Aquí, os educadores ambientais do CEIDA ensinaron como unha pila de combustible de hidróxeno xera electricidade cunha emisión cero de gases contaminantes. Por último e tras a visualización do vídeo *Cambio climático: o reto do século XXI*, os alumnos debateron sobre as causas, os efectos e as solucións do quentamento global.



Nesta actividade participaron rapaces de todas as idades, dende o alumnado de educación primaria ata o de bacharelato e ciclos formativos. Para o alumnado de educación secundaria, o CEIDA publicou un caderno de actividades didácticas co fin de que trasladen o traballo ás aulas.

II congreso escolar



Por segundo ano consecutivo, o CEIDA organizou o Congreso de educación ambiental dos centros de ensino da Coruña, baixo o título *Espazos para conservar*. Desta forma consolídase a idea de incentivar os centros educativos para que traballen na conservación e divulgación do medio natural. O evento foi patrocinado pola Deputación da Coruña e contou coa colaboración da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do Concello de Sada, de Voz Natura e dos Centros Comerciais Haley.

II Congreso de educación ambiental dos centros de ensino da Coruña

Espazos para conservar. Defendamos o noso patrimonio natural



O presidente da Deputación da Coruña, Salvador Fernández Moreira, no acto inaugural do congreso

O 29 de maio celebrouse na Casa da Cultura Pintor Lloréns de Sada o *II Congreso de educación ambiental dos centros de ensino da Coruña* co fin de que cada centro educativo presentase o proxecto desenvolvido ao longo do curso académico 2007/2008. Nesta edición foron case 250 alumnos os que, asesorados polo profesorado e co apoio do CEIDA, traballaron pola divulgación dos valores patrimoniais galegos. En total participaron trece centros da provincia da Coruña que expuxeron os traballos durante toda a xornada.

O congreso, no que os protagonistas foron os rapaces, arrancou cun acto inaugural que contou coa presenza de Salvador Fernández Moreira, presidente da Deputación da Coruña, Manuel Tajes Gómez, delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible na Coruña, José Antonio Díaz Núñez, representante do comité científico do programa Voz Natura e Carlos Vales Vázquez, director do CEIDA.

Durante toda a xornada, os centros expuxeron os traballos. O educador ambiental Pedro Brandoiz puxo unha nota de humor ambiental entre presentación e presentación. O contacontos Anxo Moure dinamizou o congreso interactuando cos asistentes a través das historias do carballo con botas e as árbores atrapadoras de contos, sorprendendo aos rapaces co paxaro que voaba en patinete.

Habilitouse unha zona no exterior da casa da cultura sadense para albergar unha feira de experiencias onde cada centro contou cun espazo para expoñer os materiais realizados con motivo do proxecto: maquetas, carteis, fotos, trípticos... Este foi un lugar moi concorrido durante todo o evento, xa que fixo ás veces de comedor e serviu de protección nunha xornada chuviosa.

Tras un ano de traballo e un longo día de congreso clausuraron o evento Ana Lago, relacóns públicas de Gadisa; José Garrote, concelleiro de Deporte, Turismo e Medio Ambiente do Concello de Sada e Carlos Vales.

Centros participantes no Congreso	Localidade
CEIP de Carnota	Carnota
CEIP Pedro Barrié de la Maza	Sada
CPI Os Dices	Rois
CPI Monte Caxado	As Pontes
CPR Peñarredonda	A Coruña
CPR Santa Xoana de Lestonnac	Ferrol
IES Agra de Leborís	A Laracha
IES Agra de Raíces	Cee
IES de Pastoriza	Arteixo
IES Isaac Díaz Pardo	Sada
IES Maximino Romero Lema	Zas
IES Miraflores	Oleiros
IES Xosé Neira Vilas	Oleiros
Total centros participantes	13

Os proxectos

O Congreso comezou cos participantes máis novos: alumnado do 1º ciclo de educación primaria do CPI Monte Caxado do concello das Pontes e alumnos do CEIP de Carnota.

O **CPI Monte Caxado** abriu a quenda das presentacións co proxecto *Aula de Medio Ambiente*; unha iniciativa que implicou e implica a todos os estudantes do centro dende o curso 2002/2003. O concello das Pontes cedeu un espazo no que os escolares están creando unha fraga autóctona á que lle chaman *Parque natural didáctico e de ocio*. Nesta actividade, que ten como obxectivo crear un lugar de lecer para os veciños, tamén participan as familias dos alumnos.

Talleres, murais, exposicións fotográficas e realización de itinerarios foron as actividades levadas a cabo polo **CEIP de Carnota** dentro do proxecto *Mergullández nos Miñarzos*. Este é un traballo que implicou a todo o alumnado do centro moi vinculados aos mariñeiros que día a día desenvolven o seu traballo na Reserva Mariña de Interese



Alumna do CPI Monte Caxado das Pontes

Pesqueiro Os Miñarzos (Decreto 87/2007 do 12 de abril). Nas visitas que realizaron á praia e nas conversas que mantiveron cos traballadores do mar, puideron observar de primeira man os numerosos beneficios que achega esta reserva a Carnota e á súa área de influencia.

Merece atención o feito de que tres centros participantes, o CPR Peñarredonda, o IES de Pastoriza e o IES Miraflo-



Fragas do Eume

res, coincidiran na elección do espazo onde desenvolver o proxecto: o Parque Natural Fragas do Eume; máis de 9.000 hectáreas cunha alta diversidade de especies que se sitúa entre os concellos de Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume e As Pontes.

Tres alumnos de 1º da ESO do **CPR Peñarredonda**, do concello da Coruña, presentaron o audiovisual *Aproximación á natureza galega*, que recolle os aspectos más salientables da paisaxe, flora e fauna do Parque Natural Fragas do Eume, baixo a premisa do descoñecemento que a poboación ten dos espazos de interese ambiental. Para o proxecto visitaron as

Fragas e realizaron un traballo bibliográfico previo que incluíu a procura na Internet.



Ría do Burgo

Pola súa parte, os estudantes de 4º da ESO do **IES de Pastoriza**, do concello de Arteixo, expuxeron o *Proxecto planeta terra. A biodiversidade en Galicia* no que fixeron unha recompilación exhaustiva dos recursos naturais e culturais do Parque Natural das Fragas do Eume que proxectarón durante o evento.

Outros rapaces deste centro, de 3º da ESO, contribuíron ao congreso con outro proxecto, *A importancia da auga no concello de Arteixo*, no que tamén estudaron o patrimonio, esta vez, do contorno do centro educativo.

A actividade levada a cabo polo grupo de 1º de bacharelato do **IES Miraflores**, do concello de Oleiros, propiciou a inmersión no ecosistema dunha fraga, escollendo as do Eume. A raíz do proxecto *As Fragas do Eume a través do goce estético* os alumnos chegaron á conclusión de que o coñecemento do valor ecolóxico, cultural e estético dun espazo motivan á poboación cara á preservación. Os estudantes conduciron o traballo con citas literarias de recoñecidos autores que exaltan as especies arbóreas e o bosque autóctono.

O segundo congreso deu continuidade a proxectos iniciados na edición anterior. Este foi o caso do **IES Xosé Neira Vilas**, situado tamén no concello de Oleiros. No trab-

allo *Recollida, tratamiento e uso dos residuos extraídos da Ría do Burgo* explícase como se debe facer unha correcta xestión ambiental. O estudo, levado a cabo por alumnado de bacharelato, consistiu no seguimento dos lodos extraídos da ría durante



Mariñeiros na zona dos Miñarzos



Paisaxes de Traba

as tarefas de limpeza realizadas pola Confraría de Pescadores da Coruña e as empresas privadas contratadas.

O **IES Maximino Romero Lema**, situado en Baio, no concello de Zas, afianzou a participación no congreso presentando o proxecto *O mar... gran escultor. Penedos de Traba e Pasarela II*. Os alumnos de 3º e 4º da ESO e de 1º de bacharelato mostraron a posta en valor dun camiño situado entre a lagoa e o areal de Traba (Laxe) e Camelle (Camariñas). Este percorrido está ameazado pola construcción dunha estrada paralela a este tramo de costa e tamén por unha futura piscifactoría. Na edición anterior, estudantes deste centro reivindicaban cunha gran pancarta estendida sobre o escenario a figura de Monumento Natural para os Penedos de Traba e Pasarela, unha zona naquel momento sen protección e que actualmente é unha das dúas Paisaxes Protexidas de Galicia.

Camiñando pola Costa da Morte: de Caión a Punta Nariga foi o título do proxecto esco-llido polos vinte e dous alumnos do grupo de bioloxía e xeoloxía de 4º da ESO do **IES Agra de Leborís** do concello da Laracha. O traballo consistiu na realización de distintos itinera-

rios guiados por expertos onde se fixo unha análise crítica sobre a incidencia das actividades humanas neste treito do litoral, observando a xeoloxía, flora e fauna desta ruta que une dúas vilas costeiras.

Dous dos centros do concello de Sada centraron os seus traballos nas Brañas de Sada, un humidal ameazado pola presión urbanística.

As telleiras de Sada foi o traballo presentado polo alumnado de 5º e 6º de primaria do **CEIP Pedro Barrié de la Maza**. As actividades consistiron na realización de entrevistas a donos de antigas telleiras, veciños que traballaron nelas... que fortaleceron a memoria viva e a complicitade entre dúas xeracións vinculadas con este espazo e permitiu-lles coñecer os valores etnográficos do municipio.

Durante as saídas realizadas para coñecer as antigas telleiras os estudiantes realizaron fotos que emplegaron para confeccionar murais e facer maquetas. O alumnado de educación infantil colaborou no proxecto facendo carteis e moldeando tellas, material que tamén se mostrou na feira de experiencias do congreso.

O **IES Isaac Díaz Pardo** expuxo o proxecto *Un tesouro descoñecido: as Brañas de Sada*, onde se viu o grao de coñecemento e de sensibilización do humidal por parte da poboación local. Fixéreronlo a través de enquisas, contando co apoio do CEIP Barrié de la Maza. A seguinte actuación dos alumnos de 4º da ESO e de 1º e 2º de bacharelato foi a divulgación dos valores do espazo para o que realizaron un boletín informativo, un concurso fotográfico, un tríptico que distribuíron entre a comunidade e ademais colocaron pancartas informativas na fachada do centro.



Maquetas de telleiras

O alumnado do **CPI Os Dices** relataron o traballo desenvolvido durante o curso académico 2007/2008 que se centrou no estudo de árbores senlleiras do municipio. No proxecto *Estudo e catalogación das árbores senlleiras do concello de Rois* destacaron máis de setenta, recollendo unha vintena delas nun folleto divulgativo que editaron tras o congreso.

Os estudantes da materia de bioloxía e xeoloxía de 1º de bacharelato do **IES Agra de Raíces**, de Cee, traballaron no proxecto *Coñece o teu patrimonio*. Este foi un traballo consistente na identificación de paisaxes e na realización de fichas técnicas para a posta en valor do patrimonio natural do contorno. Para o estudo da zona fixeron distintos itinearios, entre os que cabe destacar a subida a Pena Moa, 625 metros, no Macizo do Pindo, un dos puntos más altos da Costa da Morte. Os alumnos tamén saíron ao centro da vila de Cee co fin de analizar unha das zonas que lle dá nome ao lugar: a Xunqueira. Nesta observación puideron comprender que a perda deste medio natural, pola creación dun recheo para a edificación, foi unha das causas das inundacións do 2006 que anegaron a vila.

O **CPR Santa Xoana de Lestonnac**, do concello de Ferrol, no seu proxecto *Información = Concienciación* analizou a información de carácter ambiental publicada en diferentes medios de comunicación, estudiou a proporción de novas ambientais e o seu tratamento. Foi un traballo realizado dende a aula no que se decataron da importancia

que ten a información ambiental para concienciar a sociedade. Desta forma, os alumnos salientaron na proxección audiovisual que,



Os alumnos do IES Isaac Díaz Pardo realizaron encuestas nas rúas

no período estudo, a Televisión de Galicia foi a canle que demostrou maior sensibilidade co medio.

Os traballos realizados co esforzo de todos os participantes recóllense nunha publicación electrónica editada polo CEIDA. Este é un compromiso adquirido que pretende espalrexer as actividades do congreso máis aló deste, que inclúe as descripcións dos proxectos, os materiais audiovisuais elaborados para as presentacións e fotografías do evento.

A Deputación da Coruña e o CEIDA apostan polo papel dos centros educativos como difusores dunha conciencia ambiental, por isto, ambas as dúas institucións queren darrlle continuidade ás experiencias de conservación e á divulgación a través da voz do alumnado.

Comprométense así, coa colaboración de Centros Comerciais Haley, a que o *III Congreso de educación ambiental dos centros educativos* continúa sendo, no 2009, un espazo para a participación e o debate.



Anxo Moure chegou
ao congreso na súa
ciclobiblioteca

aula do mar



O CEIDA xestioná
a Aula do Mar como Centro de
Visitantes do Monumento Natural Costa
de Dexo-Serantes; un espazo ben conservado e
próximo á área urbana o que o converte nun dos máis
visitados da rede de Espazos Naturais Protexidos de Galicia.

O Centro de Visitantes do Monumento Natural Costa de Dexo - Serantes

A Costa de Dexo - Serantes ubícase nunha zona de especial interese, a costa norte de Oleiros. Este é o lugar que separa a ría da Coruña da de Ares e foi declarado Espazo Natural Protexido baixo a figura de Monumento Natural. É unha das áreas mellor conservadas da Costa Ártabra, motivo polo que se incluíu na Rede Natura 2000.

Nunha das entradas ao Monumento, o visitante atópase cunha instalación peculiar: a antiga casa do fareiro dos Faros de Mera reconvertida polo Concello de Oleiros no Centro de Visitantes do Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes, tamén coñecida entre a poboación local como a Aula do Mar. As instalacións contan cunha exposición interpretativa dotada de medios interactivos que resaltan o valor ecolóxico e cultural da costa galega e cuns anexos exteriores que proporcionan aos visitantes unhas vistas singulares: a Torre de Hércules, o Seixo Branco e as rías da Coruña, Ares, Betanzos e Ferrol.

A terraza da Aula do Mar ofrece paisaxes singulares como a ría da Coruña capitaneada pola Torre de Hércules





No interior da Aula do Mar o visitante atópase coa recreación visual, auditiva e olfactiva dunha furna e cunha reproducción dos faros



O CEIDA xestiona este centro de visitantes que é un punto de referencia para a visita de público en xeral e para grupos organizados, converténdose así nun lugar moi concorrido durante todo o ano pero cunha maior frecuencia na época estival e nas fins de semana. Máis de 13.500 persoas pasaron durante o 2008 polas instalacións atopándose cun educador ambiental que os recibía e lles daba resposta ás súas curiosidades e velaba pola conservación deste espazo.

En 2008, o centro de recepción estivo aberto ao público 145 días, tivo ao longo do ano unha media de 93 persoas por día, das cales un 49,35% eran mulleres e un 50,65% homes. Cabe sinalar que o Centro de Visitantes do Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes adapta o horario de apertura aos períodos vacacionais. Desta forma, abre as fins de semana e os festivos ao longo dos meses de inverno, non obstante, de xullo a setembro as instalacións están abertas de martes a domingo en horario de mañá e tarde.

Precisamente, foi nesta época cando se rexistrou o día de máis afluencia; o domingo 24 de agosto no que 301 persoas visitaron a Aula do Mar. Foi este mes, agosto, o más concorrido, con 4.279 visitas, o que supón unha media de 153 persoas por día aberto neste mes estival. A última hora da tarde foi a franxa horaria preferida polos visitantes ao longo de todo o ano para ver as instalacións. O horario do centro tamén se adapta ás peticións dos grupos organizados.

Este equipamento é unha das ferramentas do programa de educación ambiental *O mar e a costa, recursos valiosos para todos* do CEIDA. A especialización dos educadores ambientais crea un vínculo afectivo entre o visitante, as instalacións e o contorno sobre o que se sustenta este programa e no que participaron 2.405 persoas en 2008. O lugar foi escollido para desenvolver este programa polos valores naturais, paisaxísticos e histórico-patrimoniais, como son a presenza de catro castros e a igrexa de Santa María de Dexo, unha representación da arquitectura románica relixiosa.



Os paneis interpretativos resaltan a perigosidade do oficio de percebeiro

hemeroteca

► Congreso escolar

L10 | Domingo, 13 de enero del 2008 | 2

A Coruña

La Voz de Galicia, domingo 13 de xaneiro de 2008 ►

El Ceida organiza el segundo Congreso de Educación Ambiental

L11 | Martes, 27 de mayo del 2008

Bergantiños-Soneira-Fisterra

La Voz de Galicia, martes 27 de maio de 2008 ►

Alumnos de tres institutos de la zona participarán en un congreso ambiental

L15 | Viernes, 30 de mayo del 2008

Área metropolitana

Escolares de 14 centros de la provincia presentaron sus proyectos para conservar la naturaleza

La Voz de Galicia, viernes 30 de maio de 2008 | 2

CARRALO | Tres institutos de la comarca, el Agra de Lebo (A Laracha), el Maximino Román de Leo (Raío) y el Agra de Ribeira, participarán este jueves en la segunda edición del Congreso de Educación Ambiental para Escolares que se celebrará en la localidad coruñesa de Sada.

El congreso, que es una iniciativa para divulgar experiencias y proyectos que se realicen en favor de la conservación de espacios naturales. La actividad está organizada por el Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (Ceida) y cuenta con el patrocinio de la Diputación de A Coruña.

En total, participarán más de 250 alumnos de toda la provincia. Los propios estudiantes están encargados de presentar los diferentes proyectos que han llevado a cabo en sus localidades.

En el congreso, los centros tendrán que elaborar un estudio, que presentarán al equipo técnico del Ceida, y en el que se abordarán aspectos relacionados con conservación y posta en valor de paisajes y espacios naturales, explican desde la organización. Asimismo, todos los trabajos que resulten seleccionados recibirán una ayuda de 500 euros, así como todo tipo de información y asesoramiento, que será prestada por los expertos del Ceida.

Dos de las participantes en el congreso, en la casa de la cultura saderense | XOK

Nuria Vilas, del mismo municipio, analizaron el tratamiento y uso de los residuos extraídos de la ría de O Burgo.

Los alumnos del IES Pastoriza presentaron dos acciones: una sobre la biodiversidad de Galicia y otra sobre el patrimonio natural arteixán. Por su parte, la propuesta del CPR Peñaredondo recorrió diferentes aspectos del paisaje, la flora y la fauna gallegas.

Entre los trabajos presentados se encuentra uno sobre las Brañas de Sada, realizado por alumnos del IES Isaac Peral. Díaz sostuvo el que se trata de difundir la necesidad de conservar el humedal. Otra de las presentaciones destacadas estuvo a cargo de los escolares del IES Miraflores, de Oleiros, cuyo proyecto se centró en el valor ecológico del ecosistema formado por las fregas del Eume, la flora y la fauna gallegas.

► Aula do Mar

16 | Jueves, 28 de febrero de 2008 | 2

oleiros

La Opinión, xoves 28 de febreiro de 2008 ►

El aula de mar de Mera vuelve a abrir sus puertas al público

El centro se puede visitar sábados, domingos y festivos

Redacción
OLEIROS

Este sábado, 1 de marzo, el Aula do Mar-Centro de Recepción de Visitantes del Parque Natural Costa de Dexo-Serantes vuelve a abrir sus puertas al público en horario de 11.00 a 14.00 horas y de 16.00 a 19.00, los sábados, domingos y festivos. La entrada es gratuita.

El Centro de Extensión Universitaria e Divulgación de Galicia (Ceida) es el encargado de la gestión de la actividad de la fábrica de los Faros de Mera, en donde hay una exposición interpretativa, donde se explica el funcionamiento de los imponentes acristalados, un laboratorio, espacios para la proyección de audiovisuales y también puntos de observación ornitológica.

Además de esta exposición, el Aula do Mar actúa como centro de recepción de visitantes del monumento natural, y facilita información y asesoramiento sobre las rutas que se pueden hacer a través de la costa.

Algunas de las exposiciones que están interesadas en esta oferta pueden realizarla en su reserva y concertar el día en el teléfono 981 630 618 o en www.ceida.org.



Imagen de la muestra que acoge el aula de mar. / LA OPINIÓN

contarán con las explicaciones de un guía.

Las personas que están interesadas en esta oferta pueden realizarla en su reserva y concertar el día en el teléfono 981 630 618 o en www.ceida.org.





2. formación e capacitación

A cantidade de actividades formativas e divulgativas organizadas ano tras ano converten o CEIDA en referente de educación ambiental en Galicia. Ao longo do 2008 organízaronse case corenta actividades formativas nas que participaron máis de 1.400 persoas. Isto indica que as actuacións desenvolvidas son multidisciplinares e dirixidas a públicos diversos preocupados polo cambio climático, a conservación, a xestión municipal, o medio mariño, o forestal, o turismo ou a cooperación.

cambio climático



O quentamento global é real e os seus efectos xa se perciben; migracións masivas, desaparición de especies, fenómenos meteorolóxicos extremos... Estes cambios crean un panorama novo para a educación ambiental e, polo tanto, supoñen un desafío para o CEIDA que, dende hai anos, traballa no fomento do aforro enerxético e das enerxías renovables.

Polas súas dimensíons sociais, ambientais e económicas, o cambio climático é un dos retos aos que se ten que enfrentar a sociedade é, hoxe en día, un dos principais temas nas axendas políticas a todos os niveis. A educación ambiental ten no quentamento global un gran desafío pola dimensión global, a magnitudo dos impactos e a dificultade de solucións a este. O CEIDA ten na loita fronte ao cambio climático unha prioridade de actuación xa desenvolvida dende os seus inicios. As actividades céntranse en activar medidas educativas e divulgativas encamiñadas ao coñecemento das causas e consecuencias do quentamento global, tanto a escala global como a nivel local, e dotar a cidadanía dos recursos necesarios para tomar actitudes máis responsables centradas no aforro e na eficiencia enerxética. O traballo desenvolvido ao longo do 2008 foi múltiple e variado, adaptándose a diferentes públicos obxectivos, con actividades formativas, divulgativas e publicacións.

Dentro do convenio de colaboración coa Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo - FAIMEVI - e conjuntamente co Instituto Enerxético de Galicia - INEGA - e coa Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña - FAEPAC - desenvolvérónse os *Cursos de conducción eficiente* ofertados aos concellos galegos e que tiveron unha grande acollida. Nesta actividade, que tivo como finalidade reducir as emisións e o consumo de combustible, ademais dos cidadáns participou persoal vinculado aos parques móbiles municipais.

En relación tamén con estas entidades e para colaborar na mellora da súa xestión ambiental, o CEIDA xunto coa FEGAMP - Federación Galega de Municipios e Provincias - e dentro do Programa de Formación de Técnicos Municipais e Profesionais promovido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, organizou en edicións norte (Guitiriz) e sur (Allariz) a *Xornada eficiencia enerxética nas administracións locais*.

Para o público xeral, o CEIDA continúa coa itinerancia da exposición incluída dentro do proxecto europeo Clarity; *Cambio climático. O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción*, que estivo en distintos



O persoal municipal acolleu con interese os cursos de conducción eficiente

concellos, asociacións e centros de ensino. Como novedade, en 2008, e dada a demanda da mostra producíronse tres copias novas para poder cumplir coas solicitudes. Asemade editouse a publicación *O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción: O cambio climático. Caderno de actividades didácticas secundaria* en colaboración co INEGA e coa Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, destinada ao apoio docente. Os centros educativos foron tamén os destinatarios do programa de educación ambiental do mesmo nome que a mostra e que se desenvolveu na sede do CEIDA entre os meses de abril e maio.

En xuño e coincidindo co Día Mundial do Medio Ambiente o CEIDA, xunto co grupo empresarial Gadisa, publicou o folleto divulgativo *Cambio Climático: o reto que temos que afrontar*, distribuído polos supermercados desta cadea de alimentación en toda Galicia.

Outra das entidades involucradas na loita contra o cambio climático é a Fundació Territori i Paisatge que, xunto co CEIDA, promoveu a exposición tamén itinerante *Prestige, crónica negra dun modelo enerxético insostible*. Esta foi a base do libro, co mesmo nome, que se presentou en xaneiro de 2008 na sede do CEIDA, acto que contou coa presenza de Jordi Sargatal, director da fundación pertencente a Caixa Catalunya. Os medios escritos e radiofónicos da comarca da Coruña recolleron a noticia con entrevistas ao directivo catalán.

A pesares das dificultades técnicas da sede do CEIDA, debido ao seu carácter histórico e monumental, iniciouse un *Estudo de optimización enerxética no Castelo de Santa Cruz*, por parte do INEGA, de cara a intentar dotar as instalacións de suficiencia enerxética.

Cabe citar dentro desta liña de traballo a participación do CEIDA en seminarios de relevancia tanto nacional como internacional onde se asentaron sinerxías de colaboración, intercambio



Gadisa e o CEIDA distribuiron folletos divulgativos nos supermercados da cadea de alimentación en toda Galicia

de información, recursos e experiencias entre organismos que teñen na loita contra o cambio climático unha fronte en común e onde comenzaron liñas de traballo conxunto para o futuro. Destaca o *V Seminario respuestas desde la comunicación, la educación y la participación al cambio climático*, celebrado en Zaragoza no mes de abril baixo a organización da Oficina Española de Cambio Climático - OECC -, do Centro Nacional de Educación Ambiental - CENEAM - e do Departamento de Medio Ambiente do Goberno de Aragón.

As distintas actividades para frear o cambio climático están de plena actualidade nas axendas políticas polo que o CEIDA encamiñará intervencións educativas nos vindeiros anos.

Actividades realizadas

CURSOS: Conducción eficiente

- ▶ **Datas:** meses de xaneiro e febreiro
- ▶ **Lugar:** Concellos da Coruña, As Pontes, As Somozas, Bergondo, Boiro, Carballo, Curtis, Ferrol, Mugardos, Muros, Oleiros, Ortigueira, Paderne, Rianxo, San Sadurniño, Santiago de Compostela (A Coruña); As Nogais, Cervo, Guitiriz (Lugo); A Bola, Allariz, O Barco de Valdeorras, Piñor, Maceda (Ourense); A Cañiza, Cerdedo, Illa de Arousa, Mondariz (Pontevedra)

Contidos: Durante o curso, orientado a diminuír o consumo de enerxía e reducir a emisión de contaminantes, os participantes puxeron en práctica a teoría aprendida coa que se pode aforrar ata o 15% do carburante e das emisións.

Organiza: Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo - FAIMEVI -; Instituto Enerxético de Galicia - INEGA -; Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña - FAEPAC -.



**ii AFORRA
ATA UN 15% DE
COMBUSTÍBLE E
REDUCE AS EMISIÓNNS
CONTAMINANTES !!**

Cursos emarcados dentro do Programa de Enerxía e Ahorro e Eficiencia Energética de España 2005-2007 (ESE) desenvolvidos polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) a través de convocatoria do Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE)

PROGRAMA
■ Presentación do curso
■ Quenda de conducción normal por parte do alumno / a
■ Sesión teórica
■ Quenda de demostración por parte do monitor
■ Quenda de conducción eficiente por parte do alumno / a
■ Posta en común final [exposición dos resultados das quendas, preguntas...]
Duración do curso: 2 horas
GRATUITO. PLAZAS LIMITADAS
Datas
Más información

Presentación do libro *Prestige, crónica negra dun modelo enerxético insostible*

- ▶ **Data:** 25 de xaneiro
- ▶ **Lugar:** Castelo de Santa Cruz. Oleiros
A presentación correu a cargo de Jordi Sargatal, director da Fundació Territori i Paisatxe de Caixa Catalunya, e de Carlos Vales, director do CEIDA.

Neste volume faise unha reflexión sobre o actual modelo de consumo de enerxía, e con el preténdese contribuír a estimular novos comportamentos a favor dun modelo enerxético máis sustentable ambientalmente.



Jordi Sargatal, director da Fundació Territori i Paisatxe

CONFERENCIA: Cambio climático

- ▶ **Data:** 6 de marzo
- ▶ **Lugar:** IES Cruceiro Baleares. Culleredo. A Coruña

Sesenta alumnos asistiron ao relatorio impartido por Verónica Campos, educadora ambiental do CEIDA. Nel tratáronse as causas, os impactos e as consecuencias do cambio climático, así como a relación do fenómeno co actual modelo de desenvolvemento económico. Ademais tratáronse os distintos hábitos de conducta que se poden adoptar para reducir emisións á atmosfera. A conferencia enmarcouse dentro das VI Xornadas tecnolóxico-culturais organizadas polo IES Cruceiro Baleares do concello de Culleredo.

Fernando González Laxe, director do Instituto Universitario de Estudios Marítimos e M^ado Carme López, coordinadora de programas de educación ambiental do CEIDA



XORNADA: A enerxía que vén do mar

- ▶ **Data:** 1 de xullo
- ▶ **Lugar:** Castelo de Santa Cruz. Oleiros

Participantes: 90 asistentes interesados na enerxía e no impacto do cambio climático.

Contidos: *Mesa inaugural* coa intervención de Fernando González Laxe, director do Instituto Universitario de Estudios Marítimos da Universidade da Coruña - UDC -; Fernanda Miguélez Pose, profesora titular da UDC e María do Carme López Marcos, coordinadora de programas de educación ambiental do CEIDA ● **Abastecemento enerxético. Escenarios de futuro;** Andrés Elías Feijoo Lorenzo, da Universidade de Vigo ● **España como unha "illa" enerxética;** Emilio Menéndez Pérez, da Universidad Autónoma de Madrid ● **Situación actual do aproveitamento da enerxía do mar;** Manuel Lara Coira, da UDC ● **Aproveitamento da enerxía das ondas;** Pedro Ibáñez Ereño, de Tecnalía ● “**El wavecat**”; Gregorio Iglesias, da Universidade de Santiago de Compostela ● **A evolución do aproveitamento enerxético da Galicia: o caso da eólica;** Manuel Lara Coira, da UDC ● **Airemar: sumidoiro de CO₂ e fonte de biomasa;** Cristian Gomis, da Universidad de Alicante ● **Impacto do cambio climático nas condicións oceanográficas e nos ecosistemas mariños de Galicia;** Manuel Ruiz Villareal e Antonio Bode Riestra, do Instituto Español de Oceanografía ● **Os portos e as súas posibilidades de explotación e aproveitamento enerxético;** Andrés Guerra Sierra, Autoridade Portuaria da Coruña ● **Separar, reciclar, valorizar e proxecto “peixe verde”;** Andrés Díaz Martínez, Porto de Celeiro. ● **Disipación de enerxía;** Enrique Peña, da UDC ● **Mesa redonda: o contexto europeo e retos de futuro** coa intervención de José Álvarez Díaz, da Sociedade Galega do Medio Ambiente - SOGAMA - e Fernando González Laxe, do Instituto Universitario de Estudios Marítimos da UDC.

Organiza: Instituto Universitario de Estudios Marítimos da UDC coa colaboración do CEIDA.

municipal



Os municipios
son destinatarios preferentes para o
CEIDA, xa que teñen unha especial capacidade
para poñer en práctica as actuacións ambientais máis
correctas entre os cidadáns.

As administracións locais son as responsables da adopción dunha cultura de sustentabilidade que impregne todas as políticas e accións. O nivel de competencia, relevancia e transcendencia para un modelo de desenvolvemento local compatible coa conservación do medio ambiente converten as administracións locais nas receptoras dunha educación ambiental transformadora, e actúan naqueles destinatarios con maior capacidade de incidencia e multiplicación das boas prácticas. Así o recolle a *Estratexia Galega de Educación Ambiental* (Consellería de Medio Ambiente, 2000) cando cita nas recomendacións para as administracións públicas que “é especialmente importante o recoñecemento da educación ambiental como ferramenta para a xestión ambiental así como xeneralizar as accións formativas ao persoal técnico e político responsable da xestión ambiental”.

Sustentabilidade nas administracións locais

O incremento das esixencias internacionais para a incorporación de criterios ambientais nas diversas políticas e a posibilidade de acceder a fondos comunitarios crean a necesidade de formación continua dos profesionais das administracións locais. Esta

A correcta xestión dos residuos é unha das chaves da sustentabilidade



capacitación ábrese a áreas de coñecemento diversas que constitúen piáres fundamentais para un desenvolvemento local respectuoso. A conservación de espazos protexidos ao abeiro da Rede Natura 2000, a xestión de augas e residuos, a enerxía, a participación social no marco das Axendas 21 Locais, a posta en valor do patrimonio ou os modelos de turismo respectuoso co contorno son algúns dos temas formativos prioritarios.

Os concellos, ao ser as administracións más próximas ao cidadán, teñen unha capacidade exemplificadora das boas prácticas ambientais. Unha xestión ambiental coherente dota de credibilidade o esforzo que se lle pide aos veciños para a modificación de hábitos e a adopción de condutas correctas de cara ao medio. Soamente coa incorporación activa dos municipios en modelos de xestión coherente e de desenvolvemento local sustentable, o cidadán poderá ver nestas institucións a referencia, o estímulo e os patróns que debería introducir na súa vida persoal e laboral.

O CEIDA, sabedor da importancia e da trascendencia da educación ambiental neste eido, comeza a finais de 2007 unha nova liña de traballo destinada aos responsables políticos e aos técnicos dos concellos, ademais doutros profesionais vincellados ás administracións locais. Se ben no período anterior xa se levaron a cabo actuacións formativas, de documentación e divulgación destinadas a este colectivo, foi en 2008 cando o CEIDA



Julio Sacristán, Presidente do Consorcio das Mariñas; Manuel Vázquez Fernández, Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible; e Isidro Taibo, representante do Concello de Culleredo, durante a presentación no CEIDA da Axenda 21 Local do Consorcio das Mariñas

iniciou unha nova etapa de traballo sistemático con outros parceiros con interese en desenvolver distintas actividades de educación ambiental no ámbito municipal.

As actuacións deseñáronse especificamente e de xeito participativo cos representantes da área de medio ambiente das case noventa administracións locais que asistiron á primeira convocatoria. Consciente de que a xestión municipal debe incorporar criterios ambientais e de sustentabilidade en todas as concollerías, o CEIDA traballou para a mellora da comunicación e a incorporación doutros interlocutores municipais das áreas de urbanismo, cultura ou turismo que, tradicionalmente alleas á educación ambiental, teñen nas súas actuacións unha grande incidencia sobre o medio. O aumento do público obxectivo e das administracións locais propiciou a descentralización das actividades formativas, realizáronse cursos en edición norte (para os concellos da provincia da Coruña e de Lugo) e sur (Ourense e Pontevedra).

Diferentes proxeccións territoriais

O CEIDA promove a educación ambiental para un desenvolvemento local sustentable en tres liñas de traballo con diferentes especificidades e proxeccións territoriais.

Así, coa Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, e nun marco autonómico, o

Case cincuenta técnicos e responsables locais asistiron á xornada «Auga e desenvolvemento sostible» que tivo lugar en Abegondo (A Coruña)



CEIDA incorporouse como organizador ao *Programa de formación de técnicos municipais e profesionais*. Comezou en novembro de 2007 cunha convocatoria aberta aos concellos galegos denominada *A busca da sostibilidade dende os concellos*. Esta xornada, desenvolvida en catro edicións e dúas localidades diferentes, supuxo coñecer de primeira man e, a través dun deseño participativo, as inquedanzas e necesidades formativas do persoal dos municipios en temática ambiental.

A ampla representatividade nesta convocatoria definiu os contidos e os formatos das seguintes actuacións formativas, dando lugar ao deseño de actividades abertas a todas as administracións locais galegas. Os temas abordados tentaron responder as principais inquedanzas detectadas tales como os modelos de xestión de residuos adaptados á dispersión poboacional galega ou os beneficios e oportunidades dunha axeitada xestión enerxética.

Cómpre dicir que no ámbito autonómico o CEIDA mostrou especial atención no seguimento e asesoramento aos concellos integrados dentro do Programa Piloto Núcleos de Sostibilidade Integrada da Xunta de Galicia, así como aos municipios da Rede Galega de Concellos pola Sustentabilidade.



A nivel provincial, o CEIDA subscribe en 2007 un convenio de colaboración coa Deputación da Coruña para o desenvolvemento do *Programa de formación, asesoría, divulgación e participación ambiental para os concellos da provincia da Coruña "Por unha cultura ambiental"*, que conlevou o aumento e a diversificación das actividades de educación ambiental ofertadas aos concellos. A implicación desta institución supuxo poder ampliar as actividades formativas e consolidar o servizo de asesoramento ás entidades locais desenvolvido polo persoal do CEIDA, tanto por parte dos técnicos da área municipal como polos do Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga. Ademais, a participación dos concellos da provincia da Coruña nas actividades de divulgación e no programa de exposicións itinerantes aumentou considerablemente en 2008.



Xa nun ámbito xeográfico local, o CEIDA debe actuar como o dinamizador da educación ambiental dentro do territorio no que se enmarca: o Concello de Oleiros e o Consorcio das Mariñas. Este é motivo polo que, no último ano, se organizaron actuacións formativas en colaboración coa Asociación Grupo de Acción Local Terra das Mariñas; entidade coa que se conforma o conxunto dos principais colaboradores nesta liña de traballo. O compromiso do CEIDA co desenvolvemento local sustentable reflíctese na participación na Axenda 21 Local do Consorcio das Mariñas, proceso recente e de transcendencia para o futuro da comarca. Ao longo do 2008 participouse de forma activa nas fases de seguimento eacheas ao prediagnóstico e de dinamización de actividades. Destaca nesta liña a organización das xornadas *Experiencias exitosas de Axendas 21 Comarcias* que serviu de punto de encontro e debate con outras realidades territoriais españolas, inmersas no mesmo proceso, para coñecer dúbidas e reflexións, fornecendo así o proceso e a implicación dos axentes.

Como resultados medibles, o CEIDA atesoura unha elevada asistencia e colaboración nas actividades desenvolvidas así como avaliacións moi positivas por parte dos representantes das administracións. Durante o 2008, aproximadamente un terzo dos concellos galegos e case a metade dos municipios da provincia da Coruña participaron nas actividades formativas, de documentación, de asesoramiento ou de divulgación ambiental. A Consellería de Medio Ambiente, a Deputación da Coruña, a Asociación Grupo de Acción Local Terra das Mariñas e o CEIDA consolidáronse así como referentes para a educación ambiental no ámbito municipal galego, e poñen de manifesto a carencia existente e a necesidade de potenciar esta liña de traballo nos vindeiros anos.



Ángel García Seoane, alcalde de Oleiros, recibiu aos representantes de cinco Grupos de Desenvolvemento Rural de Andalucía

Actividades realizadas

SEMINARIO: O turismo sostenible como alternativa de desenvolvimento local

- ▶ **Data:** 19 de febreiro
- ▶ **Data:** Castelo de Santa Cruz. Oleiros



Obxectivos: Divulgar e promocionar o patrimonio cultural e natural de Galicia como impulsor do desenvolvemento local e do turismo. Potenciar a participación dos distintos profesionais do turismo e da poboación local na mellora e conservación do patrimonio. Reflexionar sobre a situación actual e os retos de futuro do turismo rural. Poñer en valor a riqueza e variedade dos produtos agroalimentarios como potencial recurso turístico.

Participantes: 83 persoas técnicos e responsables da administración, así coma integrantes das entidades locais, comarcas e provincias de desenvolvemento e promoción do turismo, xestores de equipamentos de espazos naturais e de turismo rural, informadores e guías turísticos, empresarios e profesionais da hostalería e público interesado.

Contidos: *Mesa redonda: situación actual e perspectivas de futuro do turismo nos espazos rurais de Galicia;* Moderado por Carlos Vales, director do CEIDA coa intervención de Santiago Bacariza, Xefe da Área de Turismo de Turgalicia, Marisol Lorenzo, presidenta da Federación Galega de Asociacións de Turismo Rural - FEGATUR - e Cristóbal Ramírez, xornalista de La Voz de Galicia. ● *O turismo sostenible como alternativa de desenvolvemento local;* Rubén Lois González,

Director Xeral de Turismo • ***As paisaxes culturais, un patrimonio turístico de Galicia;*** Felipe Arias, Director Xeral de Patrimonio Cultural • ***O Camiño de Santiago como recurso turístico patrimonial de Galicia;*** Ignacio Eguibar, xerente do Xacobeo • ***Os espazos naturais como recurso turístico;*** Rogelio Fernández Díaz, Subdirector de Espazos Naturais e Biodiversidade.

Colaboracións: Dirección Xeral de Turismo da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia. Turgalicia, dependente da Dirección Xeral de Turismo. Xacobeo. Centro de Estudos e Investigacións Turísticas da Universidade de Santiago de Compostela - CETUR-.



XORNADA: Experiencias exitosas en Axendas 21 Comarcais

- **Data:** 24 de abril
- **Lugar:** Castelo de Santa Cruz. Oleiros

Dionisio Rodríguez Álvarez, Subdirector Xeral de Fomento Sostible, nun momento da súa presentación

Obxectivos: Favorecer o intercambio e a reflexión sobre a situación actual e os retos vinculados ás Axendas 21. Coñecer e divulgar distintas experiencias de Axendas 21 Comarcais desenvolvidas no Estado. Potenciar a participación dos profesionais e da poboación local na implantación e proceso das Axendas 21 Comarcais. Servir de estímulo para o inicio de novas experiencias de Axendas 21 Comarcais en Galicia.

Participantes: 61 persoas pertencentes a distintas administracións locais galegas, a organismos, entidades ou asociacións ligadas ao ámbito local e implicadas nos procesos de Axenda 21 e outros interesados no desenvolvemento local, participación cidadá e xestión sustentable dos concellos.

Contidos: ***Conferencia inaugural: Rede Galega de Concellos pola Sustentabilidade;*** Dionisio Rodríguez Álvarez, Subdirector Xeral de Fomento Sostible da Consellería de Medio Ambiente

e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia • **A participación cidadá, protagonista do desenvolvemento local;** Ignacio Celaya, Director Xeral de Participación Cidadá do Goberno de Aragón • **Mesa redonda experiencias exitosas en Axendas 21 Comarcas** coa intervención de Miguel Teixido, GAL Euroeume; Óscar Tena, Mancomunidad Comarcal Els Ports (Castellón); Aitziber Cortazar, DEBEGESA, Sociedad para el Desarrollo Económico de Debabarrena (Guipúscoa).

Colaboracións: Asociación Grupo de Acción Local Terra das Mariñas - Proder II. Deputación da Coruña. Axencia Galega de Desenvolvemento Rural - AGADER -. FEOGA Orientación; Federación Galega de Municipios e Provincias - FEGAMP ..



XORNADA: Modelos de xestión de residuos urbanos axeitados á dispersión da poboación (2 edicións)

- **Data:** 2 edicións celebradas os días 15 e 16 de maio
- **Lugar:** A primeira edición tivo lugar en Abegondo (A Coruña) e a segunda en Pontecaldelas (Pontevedra)

Obxectivos: Reflexionar sobre a necesidade dunha xestión de residuos coherente e adaptada á realidade sociodemográfica dos territorios. Analizar diferentes metodoloxías e experiencias prácticas da xestión de residuos, susceptibles de ser incorporadas en lugares cunha alta dispersión poboacional.

Participantes: Na primeira edición participaron 38 persoas e 32 na segunda entre os que se atoparon técnicos municipais e outros profesionais vinculados ao asesoramento local.

Contidos: **A relevancia ambiental dos residuos urbanos e da súa correcta xestión;** Mª José Echevarría Moreno, Subdirectora Xeral de Calidade Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e Marta Vila, Agència Local d'Ecología Urbana de Barcelona • **Modelos de recollida e tratamiento de residuos segundo a distribución da poboación;** Ramón Plana González Sierra, consultor en tratamientos biolóxicos de residuos

e Carlos Pérez Losada, Ros Roca Indox CryoEnergy ● **O modelo de recollida selectiva de Austria, baseado na descentralización, redución e tratamentos biolóxicos;** Tulnik Robert, Arge kompost & biogas österreich (Austria) ● **A autocompostaxe en concellos galegos;** Ramsés Pérez, Asociación Defensa Ecolólica de Galiza - ADEGA - ● **Experiencia recollida selectiva "porta a porta" en Tiana;** Enric Coll, técnico de Medio Ambiente en Tiana (Barcelona) ● **Autoxestión de residuos orgánicos en concellos rurais. Experiencia de Boadella i les Escaules (Xirona);** Frederic Puig, SPORA Consultoría Ambiental S.L.

Coorganizado coa Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia.

Colaboracións: Asociación Grupo de Acción Local Terra das Mariñas - Proder II. Axencia Galega de Desenvolvemento Rural - AGADER -; Federación Galega de Municipios e Provincias - FEGAMP-; FEOGA Orientación; Deputación da Coruña.

XORNADA: Eficiencia enerxética nas administracións locais (2 edicións)

- **Data:** 2 edicións celebradas os días 3 de xuño e 5 de xuño
- **Lugar:** A primeira edición tivo lugar en Guitiriz (Lugo) e a segunda en Allariz (Ourense)

Obxectivos: Analizar as diferentes posibilidades técnicas e de financiamento das administracións locais para incorporar boas prácticas enerxéticas baseadas no aforro e na eficiencia dos sistemas empregados.

Participantes: 42 persoas vinculadas ao asesoramento local participaron na primeira edición e 24 na segunda.



Emilio Fernández, Director Xeral de Desenvolvemento Sostible
e Manuel Tajes, delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible na Coruña

Contidos: Introdución á xestión enerxética municipal: Escenario e política enerxética actual, subvencións e liñas de financiamento. Contabilidade enerxética municipal. Contratación de subministracións e optimización da facturación enerxética ● Experiencia: Avances na eficiencia enerxética no Concello de Tomiño. Actuacións en instalacións municipais: Coxeración. Actuacións en edificacións. Actuacións na iluminación interior e exterior. Actuacións na climatización.

Relatores: *Bernardo Parajó Calvo*, Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo - FAIMEVI -; *Germán Hidalgo Vázquez*, Instituto Enerxético de Galicia - INEGA -; *Xaquín Villadangos*, Concello de Tomiño; *Juan del Puerto*, INEGA; *Elena González*, ENERGY LAB; *Elba Fernández Fernández*, FAIMEVI; *Manuel Caride*, Universidade de Vigo.

Coorganizado coa Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia.

CURSO: Sistemas de xestión de calidade e auditorías

- ▶ **Datas:** do 30 de xuño ao 3 de xullo
- ▶ **Lugar:** Castelo de Santa Cruz. Oleiros

Participantes: 9 alumnos.

Contidos: Definición de calidade. Planificación da calidade. Sistemas da calidade ● Normas sobre sistemas da calidade. Orixes e evolución das normas ISO. Visión xeral sobre as normas ISO da serie 9000. Proceso de elaboración das normas ISO 9000/2000. Fundamentos e estrutura da norma ISO 9001/2000 ● Principios de xestión da calidade. Enfoque a procesos ● Que é a normalización? Normalización e certificación. Norma ISO 9000/2000 requisitos. ● Concepto de auditoría da calidade. Participantes no proceso de auditoría. Normas sobre auditorías. Execución de auditorías. Programación de auditorías. Desenvolvimentos de auditoría. Fases. Elaboración de informe de conclusións. Postauditoría. Accións de seguimento. O informe de auditoría. Presentación dos informes. Os requisitos dos auditores ● As áreas de competencia ● As características da personalidade do auditor ● Formación.

Relatora: *Paula Rivero Domingo*, directora de Acusmed, acústica y medio ambiente.

Organiza: OFC Centro de Formación coa colaboración do CEIDA.

XORNADA: Auga e desenvolvemento sostenible desde o enfoque local

- ▶ **Data:** 17 de novembro
- ▶ **Lugar:** Casa do Concello de Abegondo.
A Coruña



Técnicos da administración pública asistiron ás xornadas que tiveron lugar en Abegondo

Obxectivos: Presentar unha visión xeral da xestión dos recursos hídricos en Galicia e o estado da aplicación da Directiva Marco da Auga. Reflexionar sobre os grandes retos na xestión da auga na área metropolitana da Coruña. Afondar no papel da cooperación no uso e xestión da auga como clave para o desenvolvemento sustentable.

Participantes: 46 representantes e técnicos das administración públicas, membros de ONGs, axentes de cooperación, asociacións, empresas hidráulicas de obras e servizos, enxeñeiros ambientais e demais público interesado.

Contidos: *Inauguración:* Manuel Tajes, delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible na Coruña; Juan José Rocha Carro, Alcalde de Abegondo; Carlos Vales Vázquez, director do CEIDA ● **As políticas de xestión dos recursos hídricos en Galicia.** Manuel Tajes, delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible na Coruña ● **Os recursos hídricos en Galicia e seu uso sustentable.** Francisco Díaz-Fierros, catedrático de Edafoloxía e Química Agrícola da Universidade de Santiago de Compostela e vicepresidente do Consello da Cultura Galega ● **Mesa redonda. Proxecto LIFE + (2009-2011): xestión integrada de recursos hídricos e a súa aplicación no planeamento local do L.I.C. Abegondo-Cecebre.**

Actuacións e impactos agardados. Participan: Augas de Galicia; EMALCSA; Consellería do Medio Rural; Concello de Abegondo ● **A nova cultura da auga aplicada no eido local.** Nuria Hernández Mora, especialista en institucións e participación e membro da Xunta Reitora da Fundación

Nueva Cultura del Agua (Zaragoza) ● **Retos e desafíos na xestión da auga nos países en desenvolvemento: A experiencia caboverdiana.** Carlos de Pina, Director do Gabinete da Presidencia da Cámara Municipal de Santa Catarina do Fogo, Cabo Verde.

Coorganizado coa Asociación Grupo de Acción Local Terra das Mariñas e co Concello de Abegondo.

XORNADA: Xestión ambiental na hostalería. Aforro e calidade

- ▶ **Data:** 15 de decembro
- ▶ **Lugar:** Castelo de Santa Cruz. Oleiros



Bernardo Parajó, director de FAIMEVI e Xulio López, responsable da área de sustentabilidade do CEIDA

Obxectivos: Dar a coñecer aos profesionais da hostalería as posibilidades de acadar nos seus establecementos unha xestión ambiental coherente cun turismo sustentable. Potenciar a participación dos profesionais hostaleiros co fin de coñecer as súas necesidades formativas. Poñer en valor a riqueza e variedade dos produtos agroalimentarios como potencial recurso turístico. Contribuír á mellora na xestión enerxética das Baiucas das Mariñas.

Participantes: 12 persoas entre os que se atoparon donos da rede de restaurantes Baiucas das Mariñas, empresarios e profesionais da hostalería, responsables e técnicos da administración entre outro público interesado.

Contidos: A ecoinnovación e os beneficios para as empresas: competitividade, aforro, novos mercados e diferenciación; Sonia Pazos, responsable do departamento de proxectos de innovación da Fundación Empresa-Universidade Galega - FEUGA - ● **Eficiencia enerxética**

na hostalería; Bernardo Parajó, director da Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo - FAIMEVI - ● **O caso do Restaurante La Huerta de San Lorenzo (Segovia): Unha experiencia real;** Charo Domínguez, xerente do restaurante ● **Obradoiro práctico: Detección de necesidades de formación no sector** dinamizado por Germán Vargas, profesor da Universidade de Santiago de Compostela.

Coorganizado coa Asociación Grupo de Acción Local Terra das Mariñas e Restaurantes Baiúcas das Mariñas.

Colaboracións: Dirección Xeral de Turismo da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia. Axencia Galega de Desenvolvemento Rural - AGADER -. Centro de Estudos e Investigacións Turísticas - CETUR - da Universidade de Santiago de Compostela; Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola - FEOGA -.

MÁSTER: Xestión ambiental, auditoría e xestión do medio ambiente municipal


- ▶ **Datas:** Do 19 de outubro de 2007 ao 28 de xuño de 2008
- ▶ **Lugar:** Castelo de Santa Cruz. Oleiros

OFC Centro de Formación Ambiental é o organizador deste máster no que quince alumnos recibiron formación sobre xestión ambiental.


Esta é a sexta promoción formada na sede do CEIDA.



 Concellos que participaron
nas actividades do CEIDA.
Ano 2008



conservación



Nas últimas décadas, e debido á actividade humana, incrementouse de modo alarmante o deterioro de hábitats e paisaxes, a perda de biodiversidade e a sobreexplotación de recursos. Isto indica que o actual modelo de sociedade consumista é claramente insustentable.

A influencia que as actividades humanas teñen sobre o medio acaban por modificarlo. Moitas especies están sometidas a presións ambientais que as levan á extinción. Este fenómeno, que acontece de forma natural, viuse agravado nas últimas décadas debido á actividade do home salientando como principais causas a fragmentación dos hábitats e o quentamento global. A destrución da biodiversidade priva á humanidade de beneficios directos (alimentos, medicamentos ou materias primas) e indirectos (recursos educativos, recreativos e culturais, espirituais e simbólicos, de coñecemento científico).

É preciso traballar para frear a velocidade da perda da biodiversidade, e a educación ambiental é un instrumento imprescindible para dar a coñecer os valores e servizos da biodiversidade así como para que o ciudadán desenvolva vínculos afectivos.

Entre as prioridades da administración autonómica galega está a conservación do patrimonio natural, reto asumido pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible que pon en práctica as actividades de educación para a conservación a través do CEIDA, que se marca como desafío constante a sensibilización e a información sobre a importancia e a necesidade de conservar o patrimonio natural en todos os ámbitos.

Nas actividades foméntase a reflexión coas administracións e outros organismos competentes para optimizar a xestión dos espazos naturais e a percepción social destes

lugares convertendo o CEIDA nun punto de encontro para os distintos colectivos que traballan neste eido (xestores, investigadores, ecoloxistas...).

Dende esta liña de actuación trabállase *in situ* na protección dun espazo natural, desenvólvese un programa de educación ambiental orientado á conservación facendo fincapé na beira-mar e lévanse a cabo actividades formativas e de debate.



Monumento Natural Costa de Dexo - Serantes

Este Espazo Natural Protexido, localizado no concello de Oleiros, conserva interesantes valores naturais. Ao situarse cerca da cidade da Coruña está sometido a gran presión debido ao elevado número de visitas que recibe. Nunha das entradas ao espazo natural sitúase a antiga casa do fareiro que, por iniciativa municipal, rehabilitouse para albergar o *Centro de recepción de visitantes*. Actualmente, dende este equipamento, un educador ambiental atende o cidadán que se achega ao monumento guiándoo nun coñecemento respectuoso de cara ao medio. Así, o CEIDA e o concello oleirense velan pola conservación deste marco emblemático a través do traballo directo co público xeral.



Orientado especialmente á comunidade escolar lévase a cabo dende o 2004 o programa de educación ambiental *O mar e a costa, recursos valiosos para todos*, patrocinado pola Deputación da Coruña. Este programa, o de maior éxito atendendo ao volume de participantes, achega a escolares de toda Galicia a necesidade de protexer o medio. Tamén a citada institución provincial mostra especial sensibilidade tanto pola educación formal como pola conservación coa promoción do *Congreso de educación ambiental dos centros de ensino da Coruña*. En 2008 celebrouse a segunda edición que reuniu a case 250 escolares coruñeses baixo o lema *Espazos para conservar. Defendamos o noso patrimonio natural*.

As actividades formativas e informativas dirixidas a un público máis especializado centráronse, en 2008, nos humedais, na paisaxe, no lobo e nas aves, así como na cooperación internacional para a conservación.



Segundo afirman especialistas de todo o mundo, a saúde dos humedais relaciónnase coa saúde do planeta e teñen un papel importante na conservación dos recursos hídricos. Por iso e a raíz do Día Mundial dos Humedais que se celebra o 2 de febreiro, organizouse un foro ao redor das Brañas de Sada.

Esta zona húmida, a pesar de estar situada nun lugar con forte presión urbanística do concello sadense, mantén valores naturais e paisaxísticos que deben protexerse e darse a coñecer. Así, baixo o título *Humedais sans, xente sa. Defender as Brañas de Sada*, reuníronse diferentes colectivos para compartir inquedanzas e sentar as bases de traballo para o obxectivo final de protexelas. A iniciativa, que contou co apoio do CEIDA, foi promovida pola Sociedade Galega de Historia Natural – SGHN – delegación As Mariñas, o Concello de Sada e o Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural – IBADER - da Universidade de Santiago.

En relación coa paisaxe, o CEIDA involucrouse en dúas actividades. Por unha banda, na organización conjunta co Concello de Betanzos das *Xornadas de paisaxe cultural do noroeste 2008* nas que, por segundo ano consecutivo, se estudou a cultura como responsable de dar forma e sentido á paisaxe. Pola outra banda, participouse no *Foro de debate olladas críticas sobre a paisaxe* organizado polo Consello da Cultura Galega en Santiago de Compostela.

Tamén a sede do CEIDA acolleu este ano a segunda edición do *Encontro sobre o lobo galego*, organizada conjuntamente coa Asociación para a Defensa Ecolólica de Galiza - ADEGA - e coa Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. No evento deuse a coñecer o novo Plan Xeral do Lobo en Galicia e fixose unha posta en común na procura de atopar solucións para paliar os problemas derivados da conservación.

En colaboración coa Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo - AECID - desenvolveuse o *Seminario retos e desafíos da cooperación internacional na conservación da biodiversidade*. No evento expúxose a necesidade de incluír a conservación nas actividades de cooperación internacional e déronse a coñecer experiencias levadas a cabo actualmente.

O éxito das convocatorias do CEIDA sobre a xestión do lobo, a importancia dos humedais e a da paisaxe... avalan a preocupación da sociedade polo medio natural o cal indica que ao longo dos vindeiros anos continuarán sendo prioritarios temas como a conservación de especies en perigo de extinción, modelos exemplares de xestión de áreas protexidas e, en definitiva, a conservación do patrimonio galego.

Actividades realizadas

FORO: Humedais sans, xente sa. Protexer as Brañas de Sada

- *Data:* 9 de febreiro
- *Lugar:* Casa da Cultura Pintor Lloréns. Sada



Vista aérea das Brañas de Sada, un humedal ameazado pola presión urbanística que precisa protección

Obxectivo: As Brañas de Sada é un dos humedais que están actualmente en perigo. A pesares diso, permanece como o pulmón da localidade sadense e mantén unha serie de valores

naturais e paisaxísticos que é preciso dar a coñecer e protexer. Esta necesidade de conservación precisa dun foro onde diferentes colectivos compartan inquedanzas e senten as bases para un futuro traballo cun obxectivo común: protexer as Brañas de Sada.

Participantes: 35 persoas.

Contidos: *Conferencia inaugural: Liñas de acción da Dirección Xeral de Conservación da Natureza na conservación dos humidais galegos;* Xosé Benito Reza, Director Xeral de Conservación da Natureza ● *Mesa redonda: o papel da sociedade e da administración na conservación dos humidais* moderada por Carlos Vales, director do CEIDA e que contou coa intervención de José Garrote; Concelleiro de Medio Ambiente de Sada; Xosé Lois Martínez, vicerreitor de Infraestructuras e Xestión Ambiental da Universidade da Coruña; Carlos Silvar, presidente da Sociedade Galega de Historia Natural – SGHN - As Mariñas ● *Proxección do documental “As Brañas de Sada, un humidal a protexer”* ● *Conferencia: a importancia dos humidais galegos: as Brañas de Sada;* Pablo Ramil, do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvimento Rural - IBADER - da Universidade de Santiago de Compostela ● *Actividades guiadas polas Brañas de Sada* dirixidas pola Sociedade Galega de Historia Natural – SGHN - As Mariñas.

Coorganizado coa Sociedade Galega de Historia Natural - SGHN - Delegación As Mariñas. Concello de Sada. Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvimento Rural - IBADER – da Universidade de Santiago de Compostela.

SEMINARIO: Retos e desafíos da cooperación na conservación da biodiversidade

- **Data:** 10 de abril
- **Lugar:** Castelo de Santa Cruz. Oleiros



José Jiménez, asesor técnico do Programa Azahar da Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo - AECID-

Obxectivos: Promover a integración da conservación nas políticas, programas e proxectos que se levan a cabo no marco da cooperación internacional para o desenvolvemento. Facilitar o intercambio de coñecementos, experiencias e ideas no ámbito da cooperación para a conservación da natureza. Contribuír aos esforzos e accións da cooperación española e galega e fomentar a colaboración dos distintos actores involucrados en proxectos de cooperación para a conservación da biodiversidade.

Participantes: 20 persoas responsables de áreas de cooperación locais, axentes de cooperación, membros de ONGDs, membros de asociacións ecoloxistas, persoal investigador das universidades, persoal responsable da xestión de Espazos Naturais Protegidos e responsables de empresas consultoras no campo ambiental.

Contidos: Mesa inaugural: Manuel Tajes, delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible na Coruña; Carlota Román García, Subdirectora Xeral de Cooperación Exterior; Enrique Peña, director da Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC e Carlos Vales Vázquez, director do CEIDA • **A cooperación española para a conservación** coa intervención de José Jiménez, responsable da Agencia Española de Cooperación Internacio-

nal para el Desarrollo - AECID - en proxectos de cooperación internacional en África e Pacífico e asesor técnico do Programa Azahar ● **Mesa redonda; a cooperación galega no ámbito da conservación: retos e oportunidades** coa intervención de Luis Gárate, profesor de Antropoloxía da Universidade da Coruña e membro da Asociación Luso-Galega de Antropoloxía Aplicada - ALGA -; Judith Sing Jackson, presidenta da Asociación Amigos da Terra e Alfredo Novoa, Presidente Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ● **Mesa redonda: experiencias prácticas de cooperación para a conservación da biodiversidade** coa intervención de Óscar López, da Universidad de Las Palmas de Gran Canaria; Guillém Chacón, director da Universitat Catalana d'Estiu de Ciències de la Natura; Nieves González Henríquez, Subdirectora do Instituto Canario de Ciencias Marinas da Agencia Canaria de Investigación, Innovación y Sociedad de la Información.

Colaboración: Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo – AECID -.



O Director Xeral de Patrimonio Cultural, Felipe José Arias, participou nas xornadas

XORNADAS: Paisaxe cultural do noroeste 2008

- *Datas:* 23 e 24 de maio
- *Lugar:* Edificio do Liceo. Betanzos

Os condicionantes infraestruturais que se recoñecen no espazo xeográfico actúan posibilitando o desenvolvemento do sistema de aproveitamento dos recursos naturais dispoñibles. Mais é a cultura a responsable de dar forma e sentido á paisaxe.

Participantes: 67 persoas.

Contidos: *A paisaxe cultural de Galicia;* Felipe José Arias Vilas, Director Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte ● *Arqueoloxía da paisaxe en Galicia;* Xurxo Ayán, do Consejo Superior de Investigaciones Científicas - CSIC - ● *Camiños Milenarios dos Santos e dos Barcos de Pedra;* Andrés Pena Graña, doutor en Arqueoloxía e Historia Antiga, historiador, arqueólogo e arquiveiro do Concello de Narón ● *A Vía Nova, un xacemento arqueolóxico lineal;* Manuel Xusto, arqueólogo, Museo Arqueolóxico de Ourense e coordinador do equipo técnico redactor do Plan Director da Vía Nova no Concello de Lobios ● *Proxecto do parque etnográfico de Tourón;* Jesús Irisarri e Guadalupe Piñeira, arquitectos ● *Plan especial de reforma interior de Oza;* Andrés Reboreda, arquitecto, profesor do departamento de proxectos da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña ● *Presentación da exposición: "O arquitecto paisagista. Conceito e obra"* ● *Desenvolvemento da paisaxe cultural dos Países Baixos;* Niek Hazendonk, asesor de política de paisaxe do Ministerio de Agricultura de Holanda ● *Paisaxe, territorio e arquitectura;* J. Luis Dalda, arquitecto, profesor do departamento de urbanismo da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña ● *Política europea de paisaxe;* Teresa Andresen, coordinadora da Escola de Arquitectura Paisagista da Universidade do Porto, past president da European Foundation of Landscape Architecture.

Coorganizado co Concello de Betanzos.

Patrocinios: Deputación da Coruña. Escola Galega de Altos Estudos Locais - EGAEL-. Centro Internacional de la Estampa Contemporánea - Fundación CIEC -. Fundación Juana de Vega. Banco Etcheverría. Fundación Manuel Villuendas. Gadisa.

Colaboracións: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia. Asociación Española de Paisajistas. Associação Portuguesa dos Arquitectos Paisagistas. Expo Zaragoza 2008. Concello de Ourense. Delegación da Coruña do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia - COAG -.

II Encontro sobre o lobo galego

- ▶ *Datas:* 8 e 9 de novembro
- ▶ *Lugar:* Castelo de Santa Cruz. Oleiros



Obxectivos: Coñecer o novo Plan Xeral do Lobo en Galicia. Dialogar e poñer en común coñecementos e experiencias na procura de solucións que palíen os problemas derivados da conservación desta especie.

Participantes: 100 persoas.

Contidos: *Inauguración:* Pepe Salvadores, da Asociación para a Defensa Ecológica de Galiza - ADEGA - e Carlos Vales, director do CEIDA ● **Xestión e problemática do lobo en Portugal;** Silvia Ribeiro, da Universidade de Lisboa ● **Xestión e problemática do lobo en Asturias;** Laura Varona e Alfredo Menéndez, representantes de la Asociación para la Defensa Jurídica del Medio Ambiente - Ulex- ● **O incerto futuro do lobo en Galicia;** Felipe Bárcena ● **Plan de Xestión do lobo en Galicia;** Luis Llaneza, do equipo redactor do Plan ● **Mesa redonda: pasado, presente e futuro do lobo en Galicia** coa intervención de representantes do movemento ecoloxista (*Pedro Alonso*, do grupo ecoloxista ERVA); de gandeiros (Asociación de criadores de ovino e caprino de Galicia - OVICA-); de cazadores (*José Gómez Cortón*, presidente da Federación Galega de Caza) e da Consellería de Medio Ambiente ● **Roteiro polos foxos do lobo: o lobo como recurso ecoturístico**, no concello de Bande (Ourense).

Coorganizado coa Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia e con ADEGA.

medio mariño



O ritmo e a escala
dos cambios producidos polo ser
humano no medio mariño son preocupantes.
O CEIDA asume, a través das súas actividades,
o reto de concienciar e sensibilizar á sociedade sobre a
importancia do mar e da franxa litoral.

Sería más propio dicir que vivimos no Planeta Océano que no Planeta Terra, xa que o 70% da superficie mundial está ocupada polos océanos. Os ecosistemas da beiramar e oceánicos proporcionan unha ampla gama de bens e servizos fundamentais para o benestar humano tanto a escala global (producción de osíxeno, ciclos de nutrientes, captura do dióxido de carbono...) como a nivel rexional (estabilización da liña da beiramar, biorremediación, diversidade de usos estéticos e culturais...). Non obstante, menos do 1% dos ecosistemas están protexidos como Áreas Mariñas Protegidas. Iso significa que os mares e océanos sufren a presión das actividades humanas, das accións extractivas, da contaminación local por augas residuais non tratadas, dos vertidos industriais e tamén cambios na composición química.

A Declaración de Valencia, resultado da Conferencia Mundial sobre Biodiversidade Mariña celebrada nesa cidade en novembro de 2008, destaca que a biodiversidade e os ecosistemas mariños son esenciais para o funcionamento da biosfera e para o benestar humano.

As reservas mariñas proporcionan beneficios socioeconómicos e aumentan a capacidade de recuperación fronte ás presións globais, para iso é preciso que sexan ecoloxicamente coherentes e se inclúan nun marco de xestión que regule as actividades e os impactos humanos dentro e fóra delas. Hai



A conservación do medio mariño e do litoral é unha prioridade para o CEIDA

que ter unha precaución especial cos ecosistemas mariños profundos que difiren, de forma significativa, dos da beiramar.

Para acadar o uso sustentable da biodiversidade mariña, a Declaración de Valencia propón desenvolver estruturas de xestión participativa dos recursos vivos mariños, involucrando a todos os implicados na explotación. Tamén é preciso aumentar a cooperación entre científicos, gobernos e organizacións de pescadores e ecoloxistas para identificar e protexer as áreas significativas.

O CEIDA non é alleo á destrucción da beiramar e dos océanos, un dos principais problemas ambientais actuais. Por isto, a conservación do medio mariño e do litoral e a promoción do uso sustentable dos recursos é unha liña prioritaria de actuación. Dende o ano 2004 desenvólvense actividades formativas, divulgativas e de información vinculadas a este ámbito.

Ao longo do 2008, dende o CEIDA promoveuse a conservación do medio mariño fomentando a creación de pesqueiras sustentables e o establecemento de Áreas e Reservas Mariñas Protexidas; para isto cooperouse coa administración pública, cos centros de investigación e con organizacións de pescadores. Asemade traballouse na posta en valor do Patrimonio Cultural e Etnográfico vinculado ás comunidades costeiras.



A participación do CEIDA no *Proxecto SEREA* é unha das accións desenvolvidas dentro desta liña de traballo. O proxecto, que tivo lugar dende novembro de 2006 ata decembro de 2008, buscou facilitar a cultura do cambio dentro do sector da pesca de baixura e do marisqueo, fomentando o desenvolvemento sustentable e seguindo unha filosofía participativa. Estivo promovido por institucións, como o CETMAR e o CEIDA, as tres universidades galegas e organizacións de pescadores de Galicia, Bretaña e Sardeña. No ano 2008 os traballos centráronse na elaboración de distintos estudos socioeconómicos para coñecer a evolución do sector nos vindeiros tres anos. Os resultados presentáronse

convxuntamente nun informe final en Santiago de Compostela. Tamén se desenvolveron comités de asesoramento da pesca de baixura nos que os socios do proxecto e expertos externos debateron sobre diversificación, pesca sustentable e xestión dos recursos humanos do sector.

Dentro da cooperación coas administracións públicas creouse o *Boletín Informativo Amares. Polo uso sostible do mar*, especializado en pesca e medio mariño que, co patrocinio da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, se elabora dende hai dous anos. As distintas entidades que conforman o sector atopan nel un punto de referencia sobre a situación do sector e as novedades editoriais.

En 2008 o CEIDA continuou co Programa de Educación e Sensibilización Ambiental *O mar e a costa, recursos valiosos para todos*, un desafío assumido dende o 2004, co obxectivo de fomentar entre os centros de ensino e os distintos colectivos sociais actitudes e comportamentos favorables cara á conservación do medio mariño.

Para achegar os valores ambientais e culturais do mar á sociedade, o CEIDA conta cun



programa de exposicións itinerantes. En colaboración coa Fundació Territori i Paisatge produciuse a exposición *Áreas Mariñas Protexidas* que, xunto coa mostra *O patrimonio marítimo de Galicia*, da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, sensibilizan a sociedade da importancia do mar e do litoral como patrimonio natural e cultural.

Os resultados de participación nas actividades formativas, divulgativas e de información vinculadas ao ámbito mariño consolidan esta liña de traballo. O futuro neste eido pasa por consolidar a cooperación entre administracións, organizacións de pescadores e grupos ecoloxistas para promover a creación de Áreas Mariñas Protexidas e unha actividade pesqueira máis sustentable. Outro desafío é concienciar sobre a fraxilidade da beiramar e a necesidade dunha xestión integral do litoral para que estes colectivos desenvolvan todo o potencial de forma sustentable.

Proxecto SEREA 2008

O Proxecto Serea realizou durante dous anos (2006-2008) distintas actividades co fin de crear un modelo de reestruturação do sector da pesca de baixura e o marisqueo. Tras a realización en 2007 das fases de diagnose e preparación, en 2008 centrouse na fase de intervención co obxectivo da elaboración dunha estratexia de actuación para o sector pesqueiro nun horizonte de tres anos. Para iso realizarónse actividades de asesoramento e forma-



Os socios do Proxecto Serea visitaron o Parque Nacional Dell'Asinara (Sardenha)



O pósito de Baiona conta coa certificación PescadeRías



Na viaxe a Sardeña, os socios coñeceron a granxa de peixe de Pontis

ción, complementadas coa difusión e mellora da imaxe do sector.

O Centro Tecnológico del Mar - Fundación CETMAR - e a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos promoveron este proxecto que implicou ás tres universidades galegas, á Federación Galega de Confrarías de Pescadores, aos pósitos de Cedeira, Lira e San Antonio de Cambados e ao CEIDA, ademais doutros socios transnacionais con situacions similares no sector obxecto do proxecto procedentes de Bretaña, Sardeña e Letonia. O Fondo Social Europeo cofinanciou as actividades desenvolvidas.

O CEIDA foi seleccionado como socio pola súa experiencia na educación ambiental no medio mariño achegando, grazas ás actividades e aos seminarios de sensibilización coordinados, o punto innovador do proxecto.

A participación neste proxecto, no que un elevado número de socios nacionais e internacionais expuxeron os seus casos concretos, supuxo para o CEIDA a posibilidade de somerxerse nun sector que require un enfoque práctico das actividades que promoven a conservación.

A transmisión de resultados e a experiencia adquirida na xestión de proxectos e no desenvolvemento de actividades complementarias á

pesca, tales como a comercialización e o turismo, garante a continuación do proxecto a través dos Grupos de Acción Costeira de Galicia – GAC -, entidades de apoio para a xestión dos fondos do Eixo IV do Fondo Europeo da Pesca. Ademais, experiencias piloto desenvolvidas dentro do proxecto, como o servizo de asesoramento ao sector pesqueiro, posto en marcha nas confrarías socias, e os comités de asesoramento para a pesca de baixura e o marisqueo, afianzan un campo de traballo futuro.

Relación de actividades do Proxecto Serea



REUNIÓN PREPARATORIA: Comité de asesoramiento da pesca de baixura

- *Data:* 18 de xaneiro
- *Lugar:* Sede da Federación Galega de Confrarías de Pescadores.
Santiago de Compostela

XORNADA: Presentación do Proxecto SEREA

- ▶ Data: 13 de febreiro
- ▶ Lugar: Santiago de Compostela



SEREA

REUNIÓN INAUGURAL. Comité de asesoramiento da pesca. V REUNIÓN TRANSNACIONAL de socios do proxecto.

- ▶ Data: 14 de febreiro
- ▶ Lugar: Sede do CETMAR. Vigo

II REUNIÓN DA REDE TRANSNACIONAL. Revisión interpareas de boas prácticas aplicadas ao sector pesqueiro

- ▶ Data: 15 de febreiro
- ▶ Lugar: Sede do CETMAR. Vigo

Presentáronse as boas prácticas recollidas en España, Portugal, Francia e Italia relacionadas coa pesca sustentable, o turismo mariñeiro e a innovación.

REUNIÓN: Comisión de diversificación do comité de asesoramento da pesca de baixura

- ▶ Data: 26 de marzo



- ▶ Lugar: Sede da Federación Galega de Confrarías de Pescadores. Santiago de Compostela

Tratouse da diversificación de actividades e das oportunidades que ofrece o turismo ao sector pesqueiro.

REUNIÓN: Comisión de pesca sostenible do comité de asesoramento da pesca de baixura

- ▶ Data: 25 de abril
- ▶ Lugar: Sede da Federación Galega de Confrarías de Pescadores. Santiago de Compostela

Durante a reunión en Bretaña tivo lugar o obradoiro sobre os contratos azuis franceses

PRESENTACIÓN: Spot de mellora da imaxe do sector

- ▶ **Data:** 5 de xuño
- ▶ **Lugar:** Sede da Confraría de pescadores. Cedeira

Ao longo do mes de setembro, emitíronse 99 pases en diferente horario na Compañía de Radio Televisión de Galicia.

REUNIÓN TRANSNACIONAL: Sardeña (Italia)

- ▶ **Data:** do 17 ao 19 de setembro

A viaxe consistiu nas visitas ao Parque Nacional dell'Asinara e á granxa de pescado Pontis, nunha reunión da comisión de diversificación, un relatorio internacional sobre a diversificación no sector da pesca e nun obradoiro de pescaturismo. A visita a Sardeña rematou coa VI Reunión transnacional.

REUNIÓN TRANSNACIONAL: Bretaña (Francia)

- ▶ **Data:** do 14 ao 16 de outubro
- ▶ **Lugar:** Bretaña

Os socios trasladáronse á Bretaña para coñecer o porto e as instalacións do Parque Mariño de Iroise e para realizar un obradoiro sobre os contratos azuis franceses. Visitaron a sede do Instituto Francés de Investigación Mariña – IFREMER -. Durante a viaxe tivo lugar a VII Reunión transnacional e asistiron á conferencia Obxectivo Pesca de Baixura 2020: estratexias, apostas e ambicións.

VISITA: Centro de formación A Aixola e á lonxa de Baiona

- ▶ **Data:** 18 de novembro
- ▶ **Lugar:** Marín e Baiona

Nestes lugares poténcianse iniciativas relacionadas co mar. Na lonxa de Baiona promóvese a pesca tradicional certificando a calidade de produtos como a ameixa fina, a robaliza, o percebe e o ourizo coa marca PescadeRías mentres que no centro de formación A Aixola favorécese o mantemento do legado cultural herdado do mundo pesqueiro.

REUNIÓNS: Federación Galega de Confrarías de Pescadores

- *Data:* 19 de novembro
- *Lugar:* Santiago de Compostela

Celebráronse tres xuntanzas: a segunda reunión da comisión de pesca sostenible, a segunda reunión do comité de asesoramento para o sector pesqueiro e a VIII Reunión transnacional.



Representantes dos socios do proxecto durante a celebración da conferencia final

CONFERENCIA FINAL. Proxecto SEREA

- *Data:* 20 de novembro
- *Lugar:* Santiago de Compostela

Os socios, representantes dos sete Grupos de Acción Costeira, membros de distintas confrarías de pescadores e administracións vinculadas ao sector pesqueiro reuníronse para coñecer os resultados acadados ao longo do proxecto. *Alberto González Garcés*, director do Centro Tecnológico del Mar - Fundación CETMAR - e *Carlos Vales Vázquez*, director do CEIDA, presidiron a mesa inaugural.


Avaliación do Proxecto polo Fondo Social Europeo

- *Data:* 15 de decembro
- *Lugar:* Sede da Federación Galega de Confrarías. Santiago de Compostela

Os socios galegos do proxecto participaron na avaliação das actividades do proxecto que levou a cabo *Marili Parisakis*, representante do Fondo Social Europeo.



educación ambiental



O CEIDA convértese nun referente de educación ambiental en Galicia grazas á gran cantidad de actividades formativas e divulgativas así como aos programas que, ano tras ano, organiza co apoio de diversas entidades.

A educación ambiental contribúe a que os cidadáns sexan responsables respecto ao medio natural, social e cultural no que desenvolven a súa vida. É un instrumento útil para potenciar a toma de conciencia crítica e sensible cara ao medio ambiente, a adquisición de coñecementos para a comprensión do contorno, así como o desenvolvemento de competencias, aptitudes, actitudes e valores orientados á consecución dun desenvolvemento sustentable. Por estes obxectivos traballa o CEIDA dende a súa constitución a través dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros.

Como dinamizador da educación ambiental en Galicia, o CEIDA deu resposta en 2008 aos sectores que máis o solicitaron especializándose así en distintos ámbitos como a conservación, o medio mariño, o turismo, o monte,... Non obstante, na traxectoria do CEIDA hai un eido de traballo continuo dirixido a satisfacer as demandas de información e formación dos educadores, tanto a aqueles que xa son profesionais como aos futuros.

Na liña de formación de educadores e para educadores desenvolvéronse nas aulas do CEIDA varios eventos. Para aqueles que buscaban un achegamento inicial á educación ambiental organizouse conxuntamente coa Universidade de Santiago de Compostela e a Deputación da Coruña o *Curso de iniciación á educación ambiental*. É de salientar que a interpretación do patrimonio foi a temática central da maioría das actuacións dentro desta liña de traballo. Así tiveron lugar no Castelo de Santa Cruz o *Curso de verán Interpretación do patrimonio ou como fazer unha comunicación eficaz*, o *Curso museografía e interpretación do patrimonio* e o *Obradoiro de planificación interpretativa*. A primeira actividade coorganizouse coa Universidade da Coruña mentres que o apoio da Dirección Xeral de Turismo da Xunta de Galicia foi fundamental para o desenvolvemento das últimas. Tamén, e por iniciativa do Observatorio do Litoral da Universidade da Coruña, se dedicou a *Xornada situación actual e novas perspectivas do Dereito Ambiental en Galicia* á reflexión sobre a política e o dereito ambiental.



Varios expertos falaron no Castelo de Santa Cruz sobre política e dereito ambiental

Entre as actuacións divulgativas destacan dúas conferencias impartidas por expertos internacionais. O mexicano Edgar González Gaudiano, grazas a unha colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela disertou sobre *Unha ollada sobre a década da educación para o desenvolvemento sustentable* mentres que Elisa Nora Rizzo, procedente de San Tomé e Príncipe, converiou sobre a súa experiencia socioeducativa nese país. Esta conferencia organizouse convxuntamente coa Sociedade Galega de Educación Ambiental - SGEA -, unha colaboración que se estendeu ao *II Foro Galego de Educadores e Educadoras Ambientais*.

Fóra da sede do CEIDA e ao amparo do IV Congreso mundial da natureza organizado pola Unión Mundial para a Conservación da Natureza (UICN) levouse a cabo o *Café do coñecemento: educación, comunicación, concienciación e participación pública como ferramentas para a conservación da natureza no ámbito dos países lusófonos*. Nesta actividade reuníronse máis de vinte expertos de seis países e liderouse unha moción sobre estratexias de educación, comunicación e participación pública aplicada á conservación que foi finalmente aprobada polo plenario da UICN e que determinará o xeito de actuación da alianza neste eido.

Ademais, o CEIDA apoiou as iniciativas doutras entidades na realización de actuacións relacionadas coa educación ambiental. Destaca a colaboración nos seguintes eventos: o seminario *Tecendo redes de cidadanía. Prácticas de participación cidadá* que tivo lugar dentro do Plan Formativo Interea dependente da Deputación da Coruña e as universidades da Coruña e Santiago de Compostela; co Grupo de Investigación Pedagogía Social Educación Ambiental da Universidade de Santiago de Compostela - SEPA - no *IV Seminario Compostela de investigación en educación ambiental para a sostenibilidade*; e nas *Jornadas interpretación del patrimonio y museografía* organizadas pola Asociación para la Interpretación del Patrimonio - AIP -.



Actividades realizadas



II Foro galego de educadores e educadoras ambientais

- ▶ **Data:** 1 de marzo
- ▶ **Lugar:** Castelo de Santa Cruz. Oleiros

Obxectivo: Compartir e dar a coñecer as iniciativas e reflexións que xorden desde os profesionais galegos da educación ambiental.

Participantes: 75 educadores.

Comunicacións e coloquio sobre o medio mariño: *Posta en valor do patrimonio marítimo como dinamizador local;* Francisco Brea, de CEM S. Coop. **Programa Auga + Mar;** Paula Pérez González, da Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños - CEMMA - ● **Proxecto Serea;** Mónica Agrazo, CEIDA.

Comunicacións e coloquio sobre o deseño de roteiros interpretativos: *Os Camiños de San Andrés de Teixido;* Dolores Rubido, de Roteiros ● **Sendeiros de Castiñeiro e Carriozas;** Marlene Anaya.

Experiencias convidadas sobre soberanía alimentaria: *introducción dos produtos ecológicos nos comedores escolares;* Anabel Dacosta, Charo Sánchez e Miguel Losada, de Grela Verde ● **Relexións dende o vexetarianismo;** Sabela García Abalo.

Comunicacións e coloquio sobre comunicación e educación: Contos para educar no medio ambiente; Anxo Moure, de Papaventos Educación Ambiental ● **A educación ambiental na formación continua, unha vía para chegar a un sector de idade de difícil acceso;** Álvaro Trillo ● **O sector audiovisual na educación ambiental;** Ramiro Freire, de Selva Lupi, Escola da Natureza e Producións Audiovisuais.

Comunicacións e coloquio sobre experiencias nos centros educativos: A Axenda 21 Escolar de Galicia: inicio dun proceso de consolidación; Manuel Salgado e Francisco Serrallé, da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible ● **Os lamentos de Gaia;** Pilar Fernández Illán.

Obradoiro: Precisamos unha base de datos de profesionais da educación ambiental en Galicia?, como queremos que funcione?

Comunicacións e coloquio sobre voluntariado e profesionalización: Educación ambiental e profesionalización dende a microempresa; Manuel Domínguez Rei, de Ventos Estudos Ambientais ● **Educación ambiental dende o ecoloxismo, Proxecto Ríos e Proxecto Compostaxe Caseira;** Paco Bañobre, da Asociación para a Defensa Ecolólica de Galiza - ADEGA - ● **O Clube Chuvieira, a realidade como práctica da educación ambiental;** Mª José Ruan Serantes, de Néboa Medio Ambiente.

Comunicacións e coloquio sobre conservación e cooperación internacional: A conservación dos morcegos en México: a maridaxe entre investigación, conservación e educación ambiental; Araceli Serantes, da Universidade da Coruña ● **O desenvolvemento sostible e a cooperación internacional;** Purificación Alonso e María Muiños, da Fundación Lonxanet para la pesca sostenible ● **A educación ambiental na evolución do Courel;** Pablo González Gamallo.

Obradoiro: Avaliación do II foro e propostas para o futuro.

Coorganizado coa Sociedade Galega de Educación Ambiental - SGEA-.

JORNADAS: Interpretación del patrimonio y museografía

► **Datas:** 6 e 7 de marzo

► **Lugar:** Alacante

Nº participantes: 150 persoas



Contidos: A interpretación como ferramenta esencial para a posta en valor do patrimonio;

Renée Sivan, The Tower of David Museum of the History of Jerusalem ● Nova museoloxía e interpretación do patrimonio; Antonio Espinosa, Universidad de Alicante - Museo Municipal La Vila Joiosa e Carmina Bonmatí, museóloga ● Interpretación do patrimonio no deseño de exposicións de patrimonio natural e cultural; Joan Santacana, Universitat de Barcelona.

● Interpretación do patrimonio nas cidades – museo e nos conxuntos monumentais; Roser Calaf, Universidad de Oviedo ● Seminario de interpretación do patrimonio a cargo de Renée Sivan ● A interpretación do patrimonio natural nos museos e equipamentos de Latinoamérica; Carlos Fernández Balboa, Escuela Nacional de Museología de Argentina ● O Museo Arqueológico Provincial de Alicante (MARQ) e a musealización de lugares arqueolóxicos: experiencias desenvolvidas pola Diputación Provincial de Alicante; Manuel Olcina, director técnico do MARQ, Jorge A. Soler, director de exposicións do MARQ e Rafael Pérez, xefe da área de arquitectura da Diputación Provincial de Alicante ● Animación e teatralización en espazos patrimoniais; Francisco Javier Benítez, técnico en interpretación e guía intérprete.

Organizado pola Asociación para la Interpretación del Patrimonio - AIP -. Instituto Universitario de Investigaciones Turísticas da Universidad de Alicante, contou coa colaboración do CEIDA.

CONFERENCIA: Liñas prioritarias de traballo no CEIDA

- ▶ **Data:** 7 de marzo
- ▶ **Lugar:** IES Cruceiro Baleares. Culleredo

120 alumnos asistiron ao relatorio impartido por *Rebeca Vázquez*, educadora ambiental do CEIDA. A conferencia enmarcouse dentro das VI Xornadas tecnolóxico – culturais organizadas polo IES Cruceiro Baleares do concello de Culleredo.

SEMINARIO: Tecendo redes de cidadanía. Prácticas de participación cidadá

- ▶ **Datas:** 7 e 8 de marzo
- ▶ **Lugar:** Castelo de Santa Cruz. Oleiros

Dentro do Plan Formativo Interea. Organizado pola Deputación da Coruña, a Universidade da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela. O seminario contou coa participación de 20 persoas.



CURSO: Museografía e interpretación do patrimonio

- ▶ **Datas:** 11 e 12 de marzo e 25 e 26 de abril
- ▶ **Lugar:** Castelo de Santa Cruz. Oleiros

Carlos Balboa impartiu o módulo de museografía e patrimonio natural, e *Renée Sivan* o de patrimonio cultural

Obxectivos: Presentar ao persoal técnico e responsables dos museos, espazos expositivos, xacementos arqueolóxicos e lugares de interese etnográfico, cultural ou natural, as posibilidades da interpretación do patrimonio para comunicar de forma eficaz os seus valores. Mostrar distintas iniciativas nas que a interpretación serve para mellorar a xestión e o

deseño de exposicións en museos e espazos expositivos. Analizar experiencias exitosas na comunicación dos valores dunha colección, exposición, xacemento ou elementos de interese natural e cultural dunha forma amena e comprensible.

Participantes: 48 museógrafos, intérpretes do patrimonio, guías turísticos e puntos de información turística, deseñadores de espazos expositivos, arquitectos, axentes de uso público nos espazos naturais e educadores ambientais.

Relatores: *Carlos Fernández Balboa*, Escuela Nacional de Museología de Argentina, impartiu o módulo museografía e interpretación do patrimonio natural e *Renée Sivan*, The Tower of David Museum of The History of Jerusalem, encargouse do módulo de patrimonio cultural. É a segunda vez que esta figura, recoñecida a nivel mundial, imparte un curso no CEIDA.

Colaboracións: Dirección Xeral de Turismo da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Deporte. Deputación da Coruña.



Anton Lois, de Teixugo S. Coop.

CURSO: Iniciación á educación ambiental

- **Datas:** do 27 ao 29 de marzo
- **Lugar:** Castelo de Santa Cruz. Oleiros

Obxectivos: Introducir as temáticas e as metodoloxías de traballo no ámbito da educación ambiental. Presentar os recursos e programas galegos para a educación ambiental. Favorecer o intercambio e a reflexión sobre a crise ambiental e posibles respuestas dende o ámbito socioeducativo.

Participantes: 21 guías e monitores de tempo libre, persoal técnico municipal e persoal técnico ambiental, profesorado e alumnado de ciencias, educación, turismo, educadores ambientais e público interesado.

Contidos: *Introdución á educación ambiental;* Antón Lois, Teixugo S. Coop. ● **Educación ambiental, conservación e xestión de espazos naturais protexidos;** Carlos Vales, director do CEIDA ● **Equipamentos para a educación ambiental en Galicia;** Araceli Serantes, do CEIDA e profesora da Universidade da Coruña ● **Recursos para a educación ambiental en Galicia;** Manuel Antonio Fernández Domínguez, do IES Xelmírez I ● **Mesa redonda: empresas galegas de educación ambiental** coa intervención de Xoán Fontañá, de CEM S. Coop.; Xoan R. Silvar, de SEAS Servicios Medioambientales S.L.; Roberto Figueira, de Terranova Interpretación y Gestión Ambiental S.L.; Manuel Domínguez, de Ventos Estudos Ambientais e Antón Lois, de Teixugo S. Coop. ● **A interpretación do patrimonio como recurso para a educación ambiental;** Marlene Anaya, da Asociación para a Interpretacion do Patrimonio ● **Obradoiro: Recursos interpretativos na Illa de Santa Cruz;** Sonia Pazos, CEIDA ● **Educación ambiental e tempo libre;** Andrés Burgos, CEIDA ● **Ambientalizar as actividades de tempo libre;** Xulio López, CEIDA ● **Mesa redonda programas institucionais de educación ambiental en Galicia coas seguintes intervencións;** Axenda 21 Escolar de Galicia, Manuel Salgado da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Vive en defensa do monte galego, Noa López da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade da Secretaría Xeral de Benestar da Vicepresidencia da Xunta de Galicia. Auga Mar, Raquel Padín Sampedro da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade da Secretaría Xeral de Benestar da Vicepresidencia da Xunta de Galicia. Climántica, Sabela García Abalo da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible ● **Axendas 21 Locais e procesos de participación;** Lucía Iglesias, profesora da Universidade de Santiago de Compostela ● **Mesa redonda: experiencias nos concellos galegos** coa intervención de Anxo Barreiros do Concello de Oleiros, Javier Ramírez do Concello da Coruña, Kike López do Concello de Rianxo e Alfonso Filgueira do Concello de Narón ● **Discapacidade e educación ambiental;** Pedro Brandariz, de DINAMO. ● **Educación ambiental con mulleres no rural;** María Gómez, da Asociación para a Defensa Ecolólica de Galiza - ADEGA - ● **Mesa redonda: asociacionismo e educación ambiental en Galicia** coa intervención de Analía Moares, de Amigos da Terra; Ramsés Pérez, de ADEGA; Antonio R. Corbal, do Centro de Desenvolvemento Rural O Viso; Sabela García, da Sociedade Galega de Educación Ambiental - SGEA - e Sonia Aguiar Verea, da Sociedade Galega de Historia Natural - SGHN-.

Colaboracións: Deputación da Coruña. Universidade de Santiago de Compostela.

CURSO DE VERÁN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA: Interpretación do patrimonio ou como facer unha comunicación eficaz

- ▶ **Datas:** do 30 de xuño ao 3 de xullo
- ▶ **Lugar:** Castelo de Santa Cruz. Oleiros



Obxectivos: Presentar a interpretación do patrimonio como recurso para a comunicación estratégica no ámbito da divulgación do patrimonio natural e cultural. Introducir os aspectos teóricos más relevantes. Dar a coñecer a metodoloxía e recursos propios desta disciplina. Favorecer a introdución desta práctica, ben espallada nos países anglófonos, na xestión e conservación do patrimonio natural e cultural. Presentar actividades e programas que sirvan ás persoas participantes como exemplos de boas prácticas.

Participantes: 32 estudiantes da Universidade da Coruña – UDC - e outras universidades, fundamentalmente de Ciencias da Educación, Bioloxía, Ciencias do Mar, Arquitectura, Turismo, Ciencias da Comunicación, INEF e Socioloxía, persoal técnico e profesionais que están a traballar nos Espazos Naturais Protegidos, nos gabinetes de comunicación e educación dos museos, nos xacementos arqueolóxicos ou infraestructuras de interese etnográfico, guías turísticos e guías de natureza, técnicos municipais de cultura, profesorado de primaria e secundaria e deseñadores gráficos.

Contidos: *Introducción á interpretación do patrimonio;* Marlene Anaya, AIP • **Planificación interpretativa;** Eduardo Martínez, Hidria e Asociación para la Interpretación del Patrimonio - AIP - • **Os procesos de comunicación en interpretación;** Jorge Morales, Consultor e AIP

- **Centros de interpretación;** Antonio Espinosa, Museos de La Villajoyosa e AIP ● **Centros de interpretación en Galicia. Diagnóstico;** Araceli Serantes, UDC e AIP ● **Diseño e planificación de itinerarios;** Lola Falcó, Ambiental S.L. e AIP ● **O guía intérprete;** Antón Lois, Teixugo S. Coop. e AIP ● **Interpretación teatralizada;** Javier Benítez, Animarte e AIP ● **Diseño de carteis: como redactar os contidos;** Ana Galdos, CEIHA - AIP ● **Visita ao Faro de Mera;** equipo educativo do CEIDA ● **Interpretación e turismo. Que está a pasar en Galicia;** Mavi Lezcano, UDC e AIP ● **Accesibilidade e interpretación ambiental: propostas sen barreiras;** Antonio Espinosa, AIP ● **A avaliación en interpretación do patrimonio;** Jorge Morales, AIP ● **Recursos para a interpretación nos Espazos Naturais Protexidos;** Pablo López del Amo, guía intérprete.

Mesa de experiencias: Servizos de interpretación nos Parques Nacionais, *Pablo López del Amo*, Sierra Nevada; *Mar Matute*, Picos de Europa; *Katia Sanz*, Illas Atlánticas. Visita guiada ao Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia; equipo de guías intérpretes do Parque Nacional Illas Atlánticas.

Coorganizado coa vicerreitoría de Cultura e Comunicación da UDC.

Colaboracións: Asociación para la Interpretación del Patrimonio - AIP -. Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.



OBRADOIRO: Planificación interpretativa

- **Datas:** do 15 ao 19 de setembro
- **Lugar:** Castelo de Santa Cruz. Oleiros

Obxectivos: Coñecer o proceso de planificación interpretativa, a súa teoría e os procedementos. Revisar as etapas e distintos matices do proceso de planificación. Aplicar estas técnicas,

na medida do posible, a un caso real no lugar con valor patrimonial. Elaborar propostas de intervención que poidan ser consideradas para un eventual plan de interpretación.

Participantes: 20 persoas da Administración de cultura, medio ambiente, turismo, técnicos de equipamentos, empresas dedicadas á difusión do patrimonio natural ou cultural, xestores de turismo rural e cultural, xestores do patrimonio e técnicos en interpretación.

Contidos: Revisión dos conceptos básicos da interpretación do patrimonio. Análise do recurso, sitio ou área. O potencial interpretativo. Análise dos usuarios. Definición das mensaxes interpretativas. Medios interpretativos. Selección dos medios. Conceptos de planificación interpretativa. O proceso de planificación. Etapas do proceso. Anticipación, punto de partida. Obxectivos da planificación. Recompilación da información. Análise da información (recurso, destinatarios, obxectivos para a interpretación, contidos e medios). Síntese da información e toma de decisiones. O plan de Interpretación. Execución do plan. Avaliación da planificación. Formulación de propostas para un lugar en concreto.

Relator: Jorge Morales, consultor.

Colaboracións: Dirección Xeral de Turismo da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia. Deputación da Coruña.

CAFÉ DO COÑECIMENTO: Educación, Comunicación, Concienciación e Participación pública como ferramentas para a conservación da natureza no ámbito dos países lusófonos

- ▶ **Data:** 6 de Outubro
- ▶ **Lugar:** IV Congreso mundial da natureza da Unión Internacional para a Conservación da Natureza - UICN-. Barcelona

Dentro do IV Congreso mundial da natureza da UICN, o CEIDA organizou o *Café do coñecemento: educación, comunicación, concienciación e participación pública como ferramentas para a conservación da natureza no ámbito dos países lusófonos*. 21 participantes de países lusófonos como Brasil, Mozambique, Portugal e de Galicia aos que se uniron persoas doutros territorios de

España, Arxentina e Perú asistiron ao Café. A reunión serviu para coñecer e recoñecer o traballo das entidades participantes así como o modo no que aplican estratexias de comunicación, educación e participación de cara á conservación da natureza. Tamén foi importante como punto de partida para o establecemento de alianzas e procesos de colaboración que contribúan a divulgar e maximizar os resultados e impulsar as ferramentas CECoP (comunicación, educación e concienciación pública) nos programas de conservación.

Un resultado importante do congreso foi a aprobación da moción presentada polo CEIDA e que contou co apoio do Departament de Medi Ambient i Habitatge da Generalitat de Catalunya; da Fundación Proteger de Arxentina; da Fundación Naturaleza y Hombre e a Lliga per a la Defensa del Patrimoni Natural - DEPANA - de Catalunya. Na moción demandábase un maior impulso das estratexias e accións de comunicación, educación e conciencia pública - CECoP - para a conservación da natureza e instaba, entre outros aspectos, á secretaría xeral da UICN a incorporar estas medidas no plan de acción 2009-2012.

IV SEMINARIO COMPOSTELA: Investigación en educación ambiental para a sostenibilidade

- **Datas:** 27 e 28 de outubro
- **Lugar:** Centro de estudos avanzados da Universidade de Santiago de Compostela

Participantes: 90 investigadores no campo da educación ambiental e das dimensíons sociais do cambio climático.

Contidos: *Conferencia marco: da investigación en comunicación ambiental ao cambio climático;* Ricardo de Castro Maqueda, Consejería de Medio Ambiente da Junta de Andalucía ● *Conferencia marco: educación, comunicación e cambio climático;* María Teresa Escalas Tramullas, profesora emérita da Universitat Autònoma de Barcelona ● *Presentacións de liñas e proxectos de investigación:* Pere Grau Roca, Universitat Autònoma de Barcelona; María José Díaz González, Universidad Autónoma de Madrid; Elisabeth Brandão Schmidt e Marilia Andrade Torales, Fundación Universidade Federal de Río Grande e Centro Univer-

sitario Feevale, Brasil. *Luisa Amparo Díaz Jaimes*, Universidad de Córdoba. *Humsilka Maria Oliveira de Amorim*, Universitat de les Illes Balears. *Germán Llerena del Castillo*, Universitat Autònoma de Barcelona. *Concepción Piñeiro*, Universidad Autónoma de Madrid. *María Leda Oliveira de Muner*, Universidad de Sevilla. *Fabiana Bracht*, Centro Universitario Feevale, Brasil. *Pilar Punter Chiva*, Universitat de València. *Mónica Arto Blanco*, Universidade de Santiago de Compostela. *Diego García Ventura*, Universidad Autónoma de Madrid. *Sandra Roberta Mores*, Centro Universitario Feevale, Brasil.

Organizado polo Grupo de Investigación Pedagoxía Social Educación Ambiental da Universidade de Santiago de Compostela - SEPA -, contou coa colaboración do CEIDA.

XORNADA: Situación actual e novas perspectivas do dereito ambiental en Galicia

- ▶ **Data:** 24 de novembro
- ▶ **Lugar:** Castelo de Santa Cruz. Oleiros



Obxectivo: Reflexionar sobre a política e o dereito ambiental en Galicia, fundamentalmente o seu nivel de desenvolvemento e de aplicación. Dar a coñecer as novas tendencias normativas marcadas polo Estado e especialmente pola Comunidade Europea.

Participantes: 32 persoas representantes e técnicos das administracións públicas, asociacións ecoloxistas, técnicos, profesionais e estudantes do sector ambiental ou do dereito e interesados no coñecemento e aplicación do dereito ambiental.

Contidos: *Inauguración:* Eloy Gayán Rodríguez, decano da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña - UDC - e Carlos Vales, director do CEIDA • **Dereito ambiental de Galicia: evolución e perspectivas;** Alejo Calatayud Álvarez, asesor do Conselleiro de Medio Ambiente e Alba Nogueira López, profesora titular de Dereito Administrativo da Universidade de Santiago de Compostela • **Mesa redonda: aplicación, control e cumprimento da legislación ambiental de Galicia** moderada por Rubén Rodríguez Escobar, avogado, Trillium Consultores; Santiago Cristín Mariño, avogado, Javier de la Cerda e Asociados; Antonio Roma Valdés, fiscal • **Novidades e tendencias do derecho ambiental comunitario e estatal.** José Pernas García, profesor contratado doutor de dereito administrativo da facultade de Dereito da Universidade da Coruña; Javier Sanz Larruga, profesor titular de dereito administrativo da Universidade da Coruña • **Mesa redonda: reflexións sobre a política ambiental de Galicia** moderado por Raúl Romar García, xornalista de La Voz de Galicia; Xosé Luís Castro Baleato, vogal de espazos naturais e biodiversidade da Federación Ecoloxista Galega; Javier de la Cerda, vicepresidente de Aproema; Salvador García García, Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia; Manuel Soto Castiñeira, director da Oficina de Medio Ambiente da UDC.

Coorganizado co Observatorio del Litoral da Universidade da Coruña.

Colaboración: Trillium Consultores.

CONFERENCIA-COLOQUIO: Unha ollada sobre a década da educación para o desenvolvemento sustentable

- **Data:** 16 de decembro
- **Lugar:** Castelo de Santa Cruz. Oleiros

Noventa persoas asistiron á conferencia impartida por Edgar González Gaudiano, membro do Grupo de Referencia da UNESCO para a Década da Educación de Nacións Unidas para o Desenvolvemento Sustentable.

Colaboracións: Grupo de Investigación Pedagogía Social Educación Ambiental da Universidade de Santiago de Compostela - SEPA -.



Pablo Meira Cartea, do Grupo de Investigación SEPA, presentou a Edgar González Gaudiano



A arquitecta Elisa Nora Rizzo falou da súa experiencia en San Tomé e Príncipe

A arquitecta Elisa Nora Rizzo, vicepresidenta de Natcultura e coordinadora da Roça de Diogo Vaz conversou sobre a escola rural aberta á comunidade e adaptada á realidade local como precursora da creación do auto-emprego e dadora de oportunidades de formación para os más novos.

Coorganizado coa Sociedade Galega de Educación Ambiental - SGEA -.

CHARLA - COLOQUIO: Natcultura unha experiencia socioeducativa en San Tomé e Príncipe

- **Data:** 18 de decembro
- **Lugar:** Biblioteca pública de Santiago Anxel Casal. Santiago de Compostela

cooperación



Mediante a cooperación internacional achéganse aos gobernos e á sociedade civil doutros territorios a experiencia e os recursos precisos para desenvolver de seu procesos positivos no eido socioambiental. Esta é a ferramenta utilizada polo CEIDA para canalizar iniciativas en favor da sustentabilidade e da conservación do patrimonio ambiental máis alá de Galicia.

O CEIDA asistiu á «III Conferencia Nacional do Meio Ambiente. Mudanças climáticas» celebrada en Brasilia



«Naturalists Without Borders» otorgou a Carlos Vales, director do CEIDA, o seu galardón anual


É incuestionable que o modelo de consumo das sociedades occidentais desencadeou unha crise ambiental profunda que ten como máximos expoñentes problemas globais como o cambio climático, a desertificación, a perda de biodiversidade, o espolio de recursos naturais... xunto cunha infinidade de casos locais e espallados por todo o mundo. Aínda que a principal razón de ser do CEIDA é a de contribuír á sustentabilidade e á conservación da natureza en Galicia, dende a institución asúmese a responsabilidade de participar na resolución ou paliación da problemática global que, pese a manifestarse en territorios afastados, é consecuencia do estilo de vida occidental.

A raíz da participación no V Congreso iberoamericano de educación ambiental (Brasil, 2006), o CEIDA e outras institucións galegas adquieren o compromiso de organizar o I Congreso internacional de educación ambiental dos países lusófonos e Galicia. Este evento, desenvolvido en setembro de 2007 en Santiago de Compostela, marcou o punto de partida dunha actividade internacional onde o CEIDA despega e multiplica os contactos internacionais, contribuíndo a darlle relevancia a Galicia no eido ambiental internacional, en especial dentro dos espazos lusófono, iberoamericano e europeo. En recoñecemento a este traballo internacional a organización *Naturalists Without Borders* (Naturalistas sen Fronteiras) distinguiu ao director do CEIDA, Carlos Vales, co seu galardón anual que lle foi entregado na asemblea celebrada en Lleida no mes de xullo.

Entre as actuacións de cooperación levadas a cabo polo CEIDA está a de establecer relacións de colaboración con axentes ambientais, gobernamentais e sociedade civil doutros territorios para compartir ideas e metodoloxías, trazar estratexias e traballar en rede. Nesta cooperación en dúas direccións, Galicia benefíciase coa visita de expertos que expoñen experiencias e iniciativas concretas que achegan novas bases de debate, coñecemento e acción que redundan nunha maior creatividade e efectividade do traballo ambiental.

Accións internacionais

Parte das actividades de cooperación do CEIDA diríxense aos gobernos nacionais e outras estruturas gobernamentais dos estados. Con estes participouse no deseño de estratexias nacionais relacionadas co ambiente e, en casos, o CEIDA serviu de vector para a posta en contacto con institucións galegas. Así, en maio, Carlos Vales foi un dos convidados internacionais á *III Conferéncia nacional do medio ambiente*, celebrada en Brasilia. Este é o evento sectorial máis importante organizado polo goberno brasileiro e no que se fixan as políticas e directrices que guiarán a actividade dos vindeiros anos.



O seminario internacional «O turismo como factor de cooperación» reuniu no Castelo de Santa Cruz a distintos expertos, como o timorense Demetrio do Amaral de Carvalho

O CEIDA facilitou o contacto e acompañou á comisión da Dirección Xeral de Turismo da Xunta de Galicia, encabezada polo seu Director Xeral Rubén Camilo Lois, nas reunións co Ministério de Turismo, Indústria e Comercio de Cabo Verde e coa Unión Nacional dos Operadores Turísticos, que tivo lugar en xullo no país africano. As administracións locais tamén foron obxecto de atención producíndose, no 2008, varios encontros en Galicia e en Cabo Verde que desembocaron nun proceso de irmadade, co impulso do CEIDA, entre o concello coruñés de Abegondo co de Santa Catarina, da illa caboverdiana de Fogo, asinado a finais de novembro entre representantes de ambas as dúas institucións.



Ao longo de 2008, o CEIDA organizou diferentes actividades formativas dentro e fóra de Galicia. Destaca o traballo realizado cos axentes sociais caboverdianos durante o *Curso gestão de residuos sólidos*, impartido polos expertos ambientais, colaboradores do CEIDA, realizado en xullo na cidade de Praia xunto coa Plataforma de ONGs de Cabo Verde e o *Instituto Superior de Educação*.

Por outra banda, os axentes galegos que traballan na cooperación tamén foron destinatarios preferentes das actuacións do CEIDA, ben daquelas deseñadas específicamente para eles ou ben enmarcadas noutras áreas como conservación e turismo, que inclúen formación e información sobre relacións cooperativas. *Ollando a lusofonía* é un exemplo de actividade específica para cooperantes galegos, que se reuniron no Castelo de Santa Cruz en setembro para disertar sobre as vantaxes e os beneficios das relacións co mundo lusófono. Os seminarios *Retos e desafíos da cooperación na conservación da biodiversidade* e *O turismo como factor de cooperación*, que tiveron lugar no Castelo de Santa Cruz en abril e en outubro, e as reunións transnacionais en Sardeña e Bretaña, son mostras do solapamento da coope-



O curso «Gestão de residuos sólidos» celebrado en Cabo Verde en xullo de 2008 foi organizado polo CEIDA

ración con outras liñas de traballo de importancia para o CEIDA como son as de conservación, turismo e medio mariño.

Dado que o marco estratéxico é fundamental para repercutir sobre os criterios ambientais na cooperación, o CEIDA colaborou coa Secretaría de Estado de Cooperación Internacional, do Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación, na redacción da *Estrategia de Desarrollo Sostenible de la Cooperación Española* e apoiou á Universidade da Coruña e á Asociación Luso-Galega de Antropoloxía Aplicada - ALGA - na organización do *Seminario europeo para unha axenda harmonizada para a cooperación con Timor Leste*, celebrado do 22 ao 24 de outubro no que axencias de cooperación de dez países se reuniron con representantes gobernamentais de Timor Leste e ONGs para establecer as bases dunha política europea coordinada de desenvolvemento do país asiático.

As redes internacionais constitúen un dos escenarios propicios para acadar os obxectivos da liña de cooperación do CEIDA. Neste marco, tivo lugar a colaboración no seminario *Educação, ambiente, turismo e desenvolvimeto comunitário*, realizado en San Tomé e Príncipe (África) no mes de xullo. Outra das accións destacadas é a participación na presentación da *Conferencia internacional Infantojuvenil* organizada polo goberno brasileiro durante a Expo Zaragoza 2008.

Así, en outubro de 2008 participouse no *IV Congreso mundial da natureza* que tivo lugar en Barcelona e estivo organizado pola Unión Mundial para a Conservación da Natureza - UICN -, o CEIDA é unha das mil entidades que componen esta organización. Tamén neste ámbito, entrou a formar parte da *Rede Iberoamericana de áreas protexidas, turismo e inclusión social*, que pretende favorecer o debate teórico e divulgación de boas prácticas sobre a instrumentalización da conservación como factor de desenvolvemento económico e social tomando como base Espazos Naturais Protexidos.

Por último, cabe salientar que para aspectos formativos se formularon acordos coa Università della Calabria (Italia) coa finalidade de que os seus estudiantes poidan completar

Froito da cooperación desenvolvérónse en Cabo Verde programas como o de conservación da tartaruga boba



a formación desenvolvendo prácticas no CEIDA. Acordos semellantes realizáronse coa entidade INTEGRA, para a recepción de alumnos europeos ao amparo do programa Leonardo da Vinci e coa Universitat Catalana d'Estiu de Ciències de la Natura para a colaboración na divulgación e celebración de cursos internacionais de conservación.

O futuro do traballo no eido da cooperación está marcado en función das necesidades e propostas que xorden das entidades coas que o CEIDA traballa en cada un destes países. Así, a formación de xestores de áreas protexidas nos países lusófonos de África, o apoio na elaboración de materias educativas e divulgativas, a intensificación do traballo nas distintas redes das que forma parte, o apoio e o fortalecemento institucional de gobernos e sociedade civil, son próximos desafíos.

Actividades realizadas

CURSO: Gestão de residuos sólidos (Cabo Verde)

- ▶ **Data:** do 30 de xuño ao 1 de xullo
- ▶ **Lugar:** Auditório do Instituto Superior de Educación, cidade de Praia. Cabo Verde. África




Carlos Pérez e Alfonso del Val impartiron o curso «Gestão de residuos sólidos»

Participantes: 25 técnicos das cámaras municipais e estudiantes.

Contidos: O problema dos residuos, algúns exemplos prácticos ● Unha xestión dos residuos más respectuosa co medio (recollida, tratamento, compostaxe doméstica) ● Exemplos de xestión integral de todos os residuos sólidos nas illas pequenas e medias.

Relatores: Carlos Pérez Losada, químico; Alfonso del Val, consultor ambiental; Carlos Vales, director do CEIDA.

Organizado coa Universidade de Cabo Verde /Instituto Superior de Educação; Plataforma das ONGs e Célula de Execución de Proxectos do Ministerio de Educación e Ensino Superior de Cabo Verde.



ACTO: Ollando a lusofonía

- **Data:** 25 de setembro
 - **Lugar:** Castelo de Santa Cruz. Oleiros
- Participantes:** 42 persoas

Luis Moita, vicerreitor da Universidade Autónoma de Lisboa

Contidos: *Ollando a lusofonía dende a cooperación Galega;* Alfredo Novoa, presidente do Fondo Galego de Cooperación ● *Dende a investigación. Vantaxes e beneficios do relacionamento coa lusofonía;* Elías Torres, vicerreitor de Cultura da Universidade de Santiago de Compostela ● *Dende a música;* Fran Pérez, cantante do grupo NARF ● *Ollando África dende a lusofonía* ● *Que acontece nas sociedades africanas despois da colonización portuguesa?*; Luis Moita, vicerreitor da Universidade Autónoma de Lisboa e catedrático de Relacións Internacionais ● *Presentación da exposición fotográfica colectiva Ollando a Lusofonía;* Xacobe Meléndrez Fassbender, fotógrafo.

Colaboracións: Universidade de Santiago de Compostela. Foto Artús.

**SEMINARIO INTERNACIONAL:
Educação, ambiente, turismo
e desenvolvimento comunitário
(São Tomé e Príncipe)**

- ▶ **Datas:** do 21 ao 28 de xullo
- ▶ **Lugar:** San Tomé e Príncipe. África

Participantes: 100 persoas

Contidos: Mesa Redonda: educação, ambiente e desenvolvimento comunitário moderada por Aidil Borges, Instituto Superior de Educação de Cabo Verde/NEREA Investiga. Participaron Pablo Meira da Universidade de Santiago de Compostela co relatorio: ***Educación, ambiente e identidade cultural: do impacto ambiental ao impacto cultural do turismo*** e Rogério Roque Amaro de CEA/ISCTE-Portugal co relatorio: ***O papel dos actores e das comunidades locais nos processos de desenvolvimento e na promoção de uma economia solidária em São Tomé e Príncipe.***

Panel 1: Estratégias educativas para a (re)construção de comunidades sustentáveis moderada por Maria Antónia Barreto de CEA/ISCTE-Portugal. Participaron Germán Vargas Callejas da Universidade de Santiago de Compostela/NEREA Investiga co relatorio: ***Estratexias educativas para a reconstrucción de comunidades sustentables*** e Rosa Madeira da Universidade de Aveiro co relatorio: ***As crianças como protagonistas de transformações nas relações intergeracionais.***

Panel 2: Apresentação da experiência Ambiental de São Tomé e Príncipe moderado e comentado por Xavier Muñoz y Torrent da Associação Caué. Participaron Arlindo de Carvalho,



Director-Geral do Ambiente de São Tomé e Príncipe, co relatorio: ***Educação ambiental no processo de consciencialização ambiental da população e de integração das comunidades na gestão do ambiente;*** Jorge de Carvalho de MARAPA co relatorio: ***Experiências da MARAPA na protecção do meio ambiente em S. Tomé e Príncipe*** e Luís Mário da Associação Monte Pico-São Tomé e Príncipe co relatorio: ***Associação Monte Pico e Desenvolvimento do Ecoturismo em São Tomé e Príncipe.***

Mesa Redonda: *O impacto do ecoturismo nas comunidades locais* moderado por Brígida Rocha Brito de CEA/ISCTE-Portugal. Coa participación de Isaura Carvalho da Roça de São João de São Tomé e Príncipe co relatorio: ***Roça S. João, Projecto Integrado de Desenvolvimento;*** Bastien Loloum da RAPAC Jalé Ecolodge co relatorio: ***Um projeto piloto de ecoturismo de base comunitária em São Tomé;*** Elisa Nora Rizzo da Escola de Diogo Vaz, Natcultura-São Tomé e Príncipe co relatorio: ***Turismo solidário na Escola de Diogo Vaz;*** Danilo Barbero de ECOFAC co relatorio: ***Programa Ecofac - componente STP: Balanço de 15 anos de actividades de valorização das Áreas Protegidas através do Turismo e Direcção de Turismo e Hotelaria de São Tomé e Príncipe.***

Grupos de traballo: artes e ofícios e educação ambiental; turismo, cultura e identidades; o papel da juventude para as sociedades sustentáveis e a acção sócio-educativa no estudo dos impactos ambientais.

Mesa Redonda: *O papel social e político da educação ambiental na conservação da biodiversidade* moderado por Manuela Cardoso do CEA/ISCTE-Portugal. Participaron Carlos Vales do CEIDA co relatorio: ***O papel social e político da educação ambiental na conservação da biodiversidade;*** Luís Moita da Universidade Autónoma de Lisboa co relatorio: ***Contributo para uma reÁexão sobre a acção pela biodiversidade*** e Júlio Cesar de Sá da Rocha de SRH/SEMARH co relatorio: ***Comunidades tradicionais e reservas extrativistas: uma nova abordagem brasileira na conservação da biodiversidade.***

SEMINARIO INTERNACIONAL: O turismo como factor de cooperación

- ▶ **Data:** 17 de outubro
- ▶ **Lugar:** Castelo de Santa Cruz. Oleiros



Obxectivos: Identificar as necesidades de cooperación en Timor Leste. Favorecer a identificación e o establecemento de contactos entre axentes de cooperación. Debater sobre as oportunidades e riscos que o turismo pode significar como factor de desenvolvemento comunitario.

Participantes: 15 técnicos e directivos de ONGs, administracións públicas e outros axentes de cooperación, representantes de empresas do sector turístico e persoas interesadas na cooperación internacional.

Contidos: *Inauguración:* José Luis Barcia, delegado provincial da Coruña da Consellería de Innovacion e Industria da Xunta de Galicia; Luis Gárate, profesor de Antropoloxía na Universidade da Coruña e Carlos Vales, director do CEIDA • **Conferencia: situación social e ambiental no Timor;** Demetrio do Amaral de Carvalho, ONG Haburas Foundation e Premio Goldman en 2004 • **Mesa redonda modelos de desenvolvemento turístico e experiencias prácticas aplicadas dende a cooperación** coa participación de Carlos Vales, CEIDA; Demetrio do Amaral de Carvalho, ONG Haburas Foundation; Luis Astray, Labañou Solidaria; Xosé Santos, Centro de Estudos e Investigacións Turísticas da Universidade de Santiago de Compostela - CETUR - • **Clausura:** Alfredo Novoa, presidente do Fondo Galego de Cooperación.

Coorganizado coa Oficina de Cooperación e Voluntariado da Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación da Universidade da Coruña • Dirección Xeral de Turismo da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia • Asociación Luso - Galega de Antropoloxía Aplicada - ALGA - • Centro de Estudos e Investigacións Turísticas da Universidade de Santiago de Compostela - CETUR-.

Seminario europeo para unha axenda harmonizada de cooperación con Timor Leste (SECTO)

- ▶ **Datas:** do 22 ao 24 de outubro
- ▶ **Lugar:** Paraninfo da Universidade da Coruña. A Coruña

O CEIDA colaborou neste seminario organizado pola Universidade da Coruña que consistiu en plenarios e mesas sectoriais simultáneas conforme aos Obxectivos do Milenio e á National Priority do Goberno de Timor Leste.



I Curso iberoamericano de bioturismo

- ▶ **Datas:** do 17 ao 21 de novembro
- ▶ **Lugar:** Venezuela. América

Nº participantes: 45 persoas

Contidos: *A cara e a cruz do ecoturismo: o efecto das visitas nas áreas protexidas*, Joan-domènec Ros ● *A ordenación territorial como instrumento de xestión ambiental nunha área privada*. Caso Hato Piñero (Venezuela), Edgar Useche ● **Mesa redonda: Definición de**

Os participantes e relatores do curso visitaron Hato Piñero, en Venezuela

turismo de natureza, ecoturismo e bioturismo moderada por Guillem Chacón ● **Tartarugas mariñas e turismo como alternativa de conservación**, Hedelvy Guada ● **Herpetofauna de Venezuela**, César Barrio Amorós ● Curso: **Modalidades do bioturismo I: bolboretas e aves** coordinado por Guillem Chacón ● Curso: **Interpretación da natureza I** coordinado por Araceli Serantes ● Curso: **Ferramentas, programas e equipamentos I** coordinado por José Manuel Calvo ● **O bioturismo baseado nas aves e mamíferos mariños na Patagonia (Arxentina): experiencias e casos de estudo**, Silvia Ferrai e Carlos Albrieu ● **Paisaxes vexetais como instrumento de bioturismo no Hato Piñero**, Francisco Delascio ● Curso: **Modalidades do bioturismo II: botánico e subacuático** ● Curso: **Interpretación da natureza II** ● Curso: **Ferramentas, programas e equipamentos II** ● Curso: **A xestión do bioturismo dende a Administración. Interpretación ambiental no Parque Nacional Henri Pittier (Venezuela), pasado, presente e futuro**, Ernesto Fernández ● **Etnias e turismo**, Leobardo Abreu y Mariusa Abreu ● Curso: **Modalidades do bioturismo III: vínculos co antropolóxico e cultural; fauna vertebrada, científico e académico** ● Curso: **Interpretación da natureza III** ● Curso: **Ferramentas, programas e equipamentos III** ● Curso: **O guiado pola natureza I** coordinado por Ernesto Fernández ● **O “birding” en Europa**, Mª Ángels Lacruz ● **Xestión de exhibicións interpretativas para centros de visitantes en áreas naturais protexidas**, Carlos Rivero Blanco ● Curso: **O guiado pola natureza II** ● Curso: **Promoción e divulgación do Bioturismo** ● Curso: **Experiencias en Venezuela** ● Mesa redonda: **Perspectivas do desenvolvemento do bioturismo en Venezuela e América do Sur** moderada por Edgar Useche ● **A saúde do planeta**, Joandomènec Ros.

Organizado pola Universitat Catalana d'Estiu de Ciències de la Natura, contou coa colaboración do CEIDA.

forestal



Falar de monte é falar dun ben ambiental, social e económico totalmente vinculado á cultura galega, a unha maneira de ser e de fazer. O CEIDA pretende con esta liña de traballo fomentar a cultura forestal e promover a valorización do monte e dos bosques en termos de sustentabilidade para acadar unha mellora da calidade ambiental do territorio.



Tradicionalmente o monte galego estivo relacionado co sistema agrogandeiro

O patrimonio forestal de hoxe é o resultado dos profundos cambios que tiveron lugar no medio rural galego, sobre todo a partir da década dos cincuenta. Tradicionalmente, o monte en Galicia non ten unha orixe nin unha vocación forestal, xa que sempre estivo relacionado cun sistema agrogandeiro no que cumpría o papel de fornecedor de terras de cultivo e de servicios para o gando. Existía un equilibrio entre o social, o ecolóxico e o económico e unha harmonía entre os aproveitamentos do monte e a conservación do patrimonio natural.

Actualmente, a superficie forestal en Galicia representa dous terzos do territorio, sendo o 50% desta superficie arborada. Por outra banda, un de cada tres galegos é propietario de monte, ben a título individual ou como membro dunha comunidade.

O crecente deterioro ambiental de hoxe en día, así como a ruptura do equilibrio ecolóxico, fan que cada vez sexa más evidente e urxente a necesidade de combinar os usos e beneficios económicos do medio natural e, particularmente, os do monte coa protección do ambiente. O monte é unha peza fundamental do contorno e, polo tanto, da boa xestión depende o futuro ambiental do medio, aínda que tamén o económico e o social; e polo tanto, faise necesario indagar nas formas de aproximar intereses para conciliar a utilización económica dos recursos forestais e a protección ambiental.

O monte, e consecuentemente o medio rural galego, require dunha abordaxe sistémica que achegue á sociedade os grandes beneficios da conservación e da xestión sustentable, comprometendo a implicación da cidadanía e a corresponsabilidade na busca da resolución dos problemas e a posta en marcha de accións encamiñadas á diversificación dos produtos e servizos que ofrece.

Actividades de educación ambiental

Na actualidade a conservación do monte e do bosque pasa por unha variedade de medidas nas que accións de formación, divulgación e concienciación da man da educación ambiental, convértense en ferramentas indispensables para manter un dos maiores valores patrimoniais. Estas medidas oriéntanse á valorización do potencial forestal,



Alfredo Suárez Canal, Conselleiro do Medio Rural, inaugurou o seminario internacional «Usos sociais de parques periurbanos, xardíns botánicos e outras áreas forestais» no que se desenvolveu un taller de expertos



tanto dende o punto de vista socioeconómico como dende o ambiental, tentando reverter a tendencia de abandono do medio rural. É necesario establecer as bases para un cambio forestal forte onde unha das primeiras liñas de traballo é o establecemento dunha cultura forestal adaptada á realidade actual. Neste senso, a educación ambiental é unha ferramenta necesaria á vez que eficaz, construíndo procesos orientados á adquisición de valores, coñecementos e actitudes que propicien capacidades e compromisos para un desenvolvemento sustentable.

O CEIDA traballa ao servizo da sustentabilidade da sociedade e, dende os últimos anos, a posta en valor do patrimonio forestal é unha das liñas prioritarias de actuación. Este esforzo materialízase grazas ao apoio da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia e ao seu compromiso e aposta no desenvolvemento dunha xestión forestal que valoriza o potencial dos aproveitamentos e que garante a multifuncionalidade.

Ao abeiro da Orde de valorización integral e promoción da multifuncionalidade do monte, durante o 2008 o CEIDA traballou en actividades de formación, concienciación e divulgación a través de diversas xornadas co fin de avanzar na implicación da

Un total de 26 persoas vinculadas ao sector forestal participaron nunha das xornadas técnicas silvopastorais

cidadanía na busca dun aproveitamento integral dos produtos e servizos forestais a través dunha xestión forestal sustentable. O CEIDA centrouse, principalmente, naqueles colectivos e grupos sociais más relevantes e, polo tanto, más susceptibles de achegamento ao monte e involucrados no presente e no futuro do mesmo. Propietarios particulares, membros das comunidades de montes veciñais, silvicultores, gandeiros, mulleres rurais, traballadores de empresas e servizos agroforestais, xestores, técnicos e persoal da administración local e autonómica foron os principais destinatarios.

A Xornada de ordenación e valorización integral do monte galego orientouse, basicamente, ao coñecemento das liñas estratéxicas da política forestal da Consellería do Medio Rural. Por outra banda, as Xornadas técnicas silvopastorais foron un espazo de aprendizaxe, reflexión e debate *in situ* sobre o manexo sustentable do monte e a súa multifuncionalidade, centrado na compatibilidade do aproveitamento gandeiro e forestal.



Un momento da xornada «Ordenación e valorización integral do monte galego»

Parque Forestal

Así mesmo, para avanzar no coñecemento dunha ciudadanía cada vez máis sensibilizada na conservación do patrimonio natural, e para comprender as potencialidades do bosque e do monte galegos e a relación con outros bosques emparentados tanto ecolóxica como bioxeográficamente, o CEIDA presentou un proxecto de creación dun Parque Forestal á Consellería do Medio Rural. A proposta consiste nunha restauración

ecolóxica nun espazo forestal de alta capacidade ambiental e cun elevado potencial social e didáctico e engloba un proxecto educativo cunha serie de programas integrados para favorecer a participación dos diferentes actores sociais no fortalecemento do vínculo entre o monte, o bosque e a cidadanía.

A este respecto, distintos profesionais que traballan en parques periurbanos, xardíns botánicos e outras áreas forestais amosaron o potencial destes lugares como espazos de aprendizaxe, reflexión e intervención de educación ambiental no *Seminario internacional sobre usos sociais de parques periurbanos, xardíns botánicos e outras áreas forestais*. Este foi o arranque para a realización do taller de expertos na busca de experiencias que axudaron a concretar e argumentar a necesidade dun Parque Forestal con vocación educativa para Galicia.

No contexto forestal galego, coa maioría do monte en mans de moitos propietarios particulares, cobra especial relevancia a educación ambiental orientada á mocidade galega, cidadáns de hoxe e posibles decisores e xestores do mañá. Para iso, puxérонse en marcha mecanismos para que a comunidade educativa asuma a responsabilidade na conservación do patrimonio forestal. Así, o CEIDA, en colaboración coa Consellería do Medio Rural, apostou por levar á escola o coñecemento sobre o monte, a relación con el, os seus valores, potencial, usos, problemática... ademais da xestión sustentable dos recursos. Isto materializouse a través do programa de educación ambiental *Pés na terra*.

Como centro de educación ambiental que traballa ao servizo da valorización do monte galego, o CEIDA tamén estivo presente no *Congreso internacional de valorización integral do monte*, celebrado en Santiago de Compostela en novembro de 2008 e dedicado aos aproveitamentos non madeirables.

O equipo de educadores participou nas sesións simultáneas dirixidas ao uso social, amosando a importancia da educación ambiental no establecemento dunha cultura forestal que garanta a preservación do medio.

Por último, preocupados polo estado das masas forestais autóctonas, e tras o acordo de colaboración coa Fundación Territori i Paisatge da Obra Social de Caixa Catalunya, o CEIDA traballa na elaboración dun proxecto de Rede de Reservas Forestais de Galicia. Ten como obxectivo identificar, caracterizar e inventariar as masas arboradas autóctonas galegas, recoller información sobre o estado e situación e, polo tanto, proponer medidas de xestión compatibles coa conservación. Neste senso, tras diversas consultas a expertos,

constituíuse un grupo de traballo que ten o labor de consensuar os criterios que determinen a importancia das distintas masas autóctonas e a posible inclusión na Rede de Reservas, dentro dun proceso abierto, participativo e multidisciplinar onde teñan voz o maior número posible de sectores sociais. Paralelamente a isto, realizouse unha indagación bibliográfica e visitas a algunas das áreas incluídas provisionalmente na proposta inicial, co fin de comprobar *in situ* a pertinencia e o estado dos valores atribuídos.

Todas estas actuacións iniciadas e levadas a cabo dentro da liña forestal no ano 2008 terán continuidade no futuro. O CEIDA esforzarase por achegar á sociedade os beneficios derivados da conservación do monte e dos bosques galegos, tanto socioeconómica como ambientalmente. Axudar e capacitar á ciudadanía na participación activa na defensa do medio é un compromiso do CEIDA. Para iso, continuarase traballando na mellora da oferta e da calidade das accións formativas e divulgativas, co ánimo de que o CEIDA sexa o punto de encontro e referencia de persoas e grupos vinculados ao monte e á conservación dos bosques. Constitúen retos futuros a ampliación e a consolidación dos programas educativos e dos proxectos xa iniciados, ademais da busca de novos espazos e instrumentos de aprendizaxe que estimulen e promovan unha nova cultura forestal.

O CEIDA organizou distintas actividades no 2008 para promover a multifuncionalidade do monte



Actividades realizadas

XORNADA: Ordenación e valorización integral do monte galego

- **Data:** 1 de abril
- **Lugar:** Castelo de Santa Cruz. Oleiros



Alberte Blanco, Director Xeral de Montes e Industrias Forestais

Obxectivos: Coñecer e divulgar as liñas mestras da actual política forestal. Poñer en valor o monte como patrimonio natural e cultural. Divulgar os valores ambientais e sociais do monte.

Participantes: 45 persoas entre as que se atopan propietarios forestais e colectivos que desenvolven a súa actividade arredor do monte, comunidades de montes, asociacións de propietarios, empresas forestais... profesorado e alumnado universitario do ámbito agrícola e forestal e público interesado.

Contidos: *Inauguración;* Alberte Blanco Casal, Director Xeral de Montes e Industrias Forestais e Carlos Vales Vázquez, director do CEIDA ● *A lei de prevención de incendios forestais;* Xosé Antonio Portos Mouríño, Subdirector Xeral de Defensa contra os Incendios Forestais da Consellería do Medio Rural ● *As unidades de xestión forestal -UXFOR-;* José J. Martel Muñoz-Cobos, Xefe de Servizo de Montes e Industrias Forestais da Delegación provincial da Coruña ● *Multifuncionalidade e valorización do monte;* Xoán Miguel Concheiro Abal, Xefe do Servizo de Planificación e Valorización do Monte da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais ● *Fomento de fronteirosas, liñas de axuda;* Alfredo Fernández Ríos, Xefe de Servizo de Producción e Industrias Forestais da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais ● *A produtividade do monte galego, pasado e futuro do mesmo;* Francisco J. Fernández de Ana Magán, presidente da Asociación Forestal de Galicia e profesor asociado da Universidade de Santiago de Compostela ● *Sistemas silvopastorais en Galicia;* Antonio Rigueiro Rodríguez, departamento de Producción Vexetal da Escola Politécnica Superior de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela.

Patrocina: Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia. Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural na Coruña.

SEMINARIO INTERNACIONAL: Usos sociais de parques periurbanos, xardíns botánicos e outras áreas forestais

- ▶ **Data:** 29 e 30 de abril
- ▶ **Lugar:** Castelo de Santa Cruz. Oleiros



Obxectivos: Divulgar as funcións e os servizos que os parques e xardíns botánicos, así como outras áreas forestais prestan á sociedade. Poñer en valor o patrimonio forestal como recurso educativo e os parques e xardíns como reservorios de vida.

Participantes: 54 asistentes entre os que se inclúen profesionais que exercen o seu traballo en parques e xardíns botánicos, técnicos municipais e responsables da área de parques e xardíns; persoal técnico responsable das aulas forestais e axentes vinculados ao sector forestal; responsables das áreas de medio rural, medio ambiente e educación; paisaxistas e persoal do sector da arboricultura, xardinería e arquitectura; educadores ambientais, intérpretes do patrimonio e guías turísticos, profesorado e público xeral.

Contidos: *Inauguración;* Alfredo Suárez Canal, Conselleiro do Medio Rural. José María Barja Pérez, Reitor da Universidade da Coruña. Enrique Sáez Ponte, presidente da Fundación Juana de Vega. Carlos Vales Vázquez, director do CEIDA ● **O Xardín Botánico Atlántico, un botánico de nova xeración. Un espazo de ciencia, educación, divulgación e cultura;** Ana Casino Rubio, directora do Xardín Botánico Atlántico de Xixón ● **Unha abordaxe educativa do Xardín Botánico de Río de Janeiro, accións de educación ambiental;** Maryane Vieira Saisse, Núcleo de Educação Ambiental do Instituto de Pesquisas Jardim Botânico do Rio de Janeiro, Ministerio do Meio Ambiente, Brasil ● **O Centro de educación ambiental Polvoranca: unha ponte entre o urbano e o natural;** Pepe Astiaso Laín, coordinador do Centro de Educación Ambiental Polvoranca. Consejería de Medio Ambiente y Ordenación del Territorio de la Comunidad de Madrid ● **Parque biolóxico de Gaia: 25 anos de experiencia;** Nuno Gomes

Oliveira, presidente do Conselho de Administração do Parque biológico de Gaia, E.M. Portugal ● **O Parque de Collserola: unha ferramenta de xestión e educación ambiental;** Montse Ventura Cabús e Roser Armendares Calvet, equipo de educación ambiental do Parc de Collserola. Barcelona ● **O Instituto municipal de xestión medioambiental de Córdoba: o seu Xardín Botánico e a súa experiencia educativa;** Bárbara Martínez, educadora ambiental do Xardín Botánico de Córdoba.

Patrocina: Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

Colaboran: Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas A Coruña-Pontevedra. Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia. Asociación e Colexio de Enxeñeiros de Montes de Galicia. Colexio de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia. Asociación Galega de Empresas de Xardinería. Colexio Oficial de Biólogos de Galicia. Sociedade Galega de Educación Ambiental - SGEA -. Fundación Juana de Vega. Asociación para la Interpretación del Patrimonio - AIP -. Asociación Española de Paisajistas - APE -.

XORNADA TÉCNICA SILVOPASTORAL: Roteiro na Capelada (2 edicións)

- ▶ **Datas:** Dúas edicións celebradas os días 14 e 21 de xuño
- ▶ **Lugar:** Montes da Braxe e Capelada. Cedeira



Obxectivo: Coñecer a experiencia silvopastoral dos montes da Braxe e Capelada.

Participantes: Comunidades de montes, asociacións de propietarios forestais e asociacións de gandeiros da provincia da Coruña. Na primeira edición participaron 37 persoas e na segunda 26.

Patrocina: Consellería do Medio Rural.

turismo



Galicia alberga unha gran cantidade de recursos atractivos para o turista. O turismo proporciona bens económicos áinda que, exercido de forma masiva, tamén pode deteriorar o medio.

Na busca do equilibrio entre economía e conservación, o CEIDA promove as boas prácticas ambientais no sector e divulga os valores do patrimonio natural e cultural como recursos turísticos.

A mostra *Parque Nacional Marítimo - Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia* dá a coñecer, a través de distintos paneis explicativos e ilustrativos e de maquetas, os valores naturais e culturais do único Parque Nacional galego así como as embarcacións tradicionais usadas no seu contorno.

O das Illas Atlánticas é o único Parque Nacional galego dos catorce que na actualidade hai declarados en toda España, a súa data de declaración foi o 1 de xullo de 2002.



Mais de 1.200 persoas visitaron a exposición no Castelo de Santa Cruz



Está formado polos arquipélagos de Cíes, Ons e Cortegada (na provincia de Pontevedra) e o arquipélago de Sálvora (A Coruña). Destaca o feito de que a superficie protexida mariña é case catro veces maior que a terrestre.



© Fran Nieto

O límite da mar

- ▶ Datas: Do 11 de decembro de 2007 ao 6 de febreiro
- ▶ Nº de visitantes: 1.224

Fran Nieto é o autor da exposición *O límite da mar* que está formada por más dunha vintena de fotografías tomadas nun período de varios anos na franxa costeira que vai dende o Cabo Prioriño (na entrada da Ría de Ferrol) ata a praia de Valdoviño, un lugar que goza dun bo estado de conservación. Esta é unha zona con escasas áreas urbanizadas dentro do dominio marítimo-terrestre, ao contrario do que acontece noutras partes da xeografía galega e peninsular. As imaxes están feitas con diferentes luces acadando así unhas composicións únicas.

É fotógrafo especializado en fotografía da natureza. O seu labor creativo foi galardoado ao máis alto nivel. Na actualidade dirixe a revista Naturaleza salvaje, un proxecto que divulga o patrimonio natural a través de imaxes de gran calidade.

www.frannieto.es



A natureza mariña galega

- ▶ Datas: Do 9 de febreiro ao 7 de abril
- ▶ Nº de visitantes: 2.042

Esta mostra itinerante, producida pola delegación de Ferrol da Sociedade Galega de Historia Natural - SGHN -, dá a coñecer as especies que poboan os mares e as zonas costeiras galegas, xunto cos seus perigos. *A natureza mariña galega* está composta por unha ampla colección de cráneos e maxilares de diferentes mamíferos mariños, onde se poden observar as diferenzas entre cetáceos con dentes e sen eles, ademais de aspectos relacionados coa súa bioloxía, distribución ou situación da especie. Oito paneis interpretativos complementan a exposición que estivo no Castelo de Santa Cruz, sede do CEIDA, coa axuda da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.



A gran cantidade de material que posúe a Sociedade Galega de Historia Natural deu lugar á elaboración dun catálogo de fondos mariños galegos onde se ilustran vinte e cinco coleccións de diferentes especies. Na publicación resálтанse os elementos más importantes da compilación onde se conta a súa historia e se fai un inventario das pezas que a forman.

Esta foi unha novedade anunciada no acto de inauguración que tivo lugar no Castelo de Santa Cruz ao que asistiron Fátima Linares Cuerpo, Directora Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia, Juan Ignacio Díaz da Silva, portavoz de mamíferos mariños da SGHN e Carlos Vales Vázquez, director do CEIDA.



A natureza mariña galega
EXPOSICIÓN

Do 9 de febreiro ao 7 de abril
Castelo de Santa Cruz. Liñas, Oleiros (A Coruña)
Horario: luns a venres 10-14 e 16-19 h. sábados 11-14 h.
ENTRADA DE BALDE

Telf 981 630 618 fax 981 614 443
www.ceida.org educacion@ceida.org



Cambio climático. O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción

- ▶ Datas: do 8 de abril ao 31 de maio
- ▶ Nº de visitantes: 1.910

Cambio climático. O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción é unha exposición producida polo CEIDA e polo INEGA -Instituto Enerxético de Galicia- baseada no proxecto europeo Clarity de Acción Educativa por el Clima, que busca dar a coñecer o problema ambiental do cambio climático e informar sobre as súas causas e consecuencias a nivel global e de Galicia.



Conta coas colaboracións da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, o Ministerio de Medio Ambiente, a Alianza Del Clima e a Dirección Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea.

A mostra recolle os impactos que exerce o cambio climático sobre a natureza, tales como o aumento do risco dos incendios, a perda de fertilidade do solo, un mar menos rico e diverso... Na exposición tamén se analizan as causas como a radiación solar, as erupcións volcánicas ou as actividades humanas (emisións contaminantes procedentes do tráfico, das térmicas...) e as solucións a este fenómeno (dende pequenas actuacións nas actividades cotiás ata decisións administrativas).



Os visitantes pueden calcular
a cantidad de emisións
contaminantes que evitarían
co uso da bicicleta



Rehabitando a Tinería

- ▶ Datas: do 3 ao 28 de xuño
- ▶ Nº de visitantes: 571

A Xunta de Galicia escolleu a sala de exposicións do CEIDA para a mostra *Rehabitando a Tinería*, unha exposición ilustrativa da rehabilitación feita pola Consellería de Vivenda e Solo en cincuenta e dous edificios do centro histórico de Lugo.

Exposición

Rehabitando a Tinería
Proxecto de rehabilitación do Barrio da Tinería en Lugo

DATAS
do 3 ao 28 de xuño • 2008

HORARIO
luns a venres:
10 a 14 h.
e 16 a 19 h.
sábados:
11 a 14 h.

Na mostra, composta de 35 paneis e 5 maquetas que ilustran o resultado final dalgunhas das obras, amósase a maior actuación de rehabilitación integral dun barrio nun centro histórico en Galicia, a Tinería, que comparte espazo coa muralla romana e dende o cal se contemplan as torres da catedral de Lugo.

A administración contribúe con este proxecto á conservación do patrimonio á vez que dá resposta a unha parte da demanda de vivenda protexida na cidade lucense. Mesturando o uso residencial con usos dotacionais e de servizos preténdese que a Tinería recupere a vitalidade social que tiña en anos anteriores.



Un desexo, un país. Bolivia

©Xela S. Lariño

- Datas: Do 1 ao 26 de xullo
- Nº de visitantes: 2.035

A mostra de Xela S. Lariño chegou á sala de exposicións do Castelo de Santa Cruz medio cento de fotografías realizadas, no ano 2006, nunha viaxe a Bolivia.

As instantáneas recollen o patrimonio natural e etnográfico do país sudamericano así como figuras, pezas de roupa e instrumentos musicais co obxecto de aproximar a beleza da natureza, cultura e folclore boliviano.

Nesa viaxe a autora coñeceu á señora Balbina, a única muller que, dende que quedou viúva e con fillos, traballa na mina de prata de Cerro Rico, na cidade de Potosí, para sobrevivir. A fotógrafo, que quedou fascinada da historia, destina a recadación íntegra deste traballo ao financiamento da familia de Balbina.

Xela S. Lariño (Muros, A Coruña)

Viaxeira entusiasta, sempre vai coa súa cámara capturando as paisaxes que pasan por diante do seu obxectivo. Percorreu todo o mundo e mostrou as súas vivencias a través da súa obra en varios concellos da provincia da Coruña. Xa anteriormente, noutra organización conjunta co CEIDA, encheu o Castelo de Santa Cruz de imaxes do continente americano, a través da exposición *Naturezas mesturadas* 2005.




Fotógrafos da natureza 2008. Wildlife photographer of the year

- Datas: Do 30 de xullo ao 30 de agosto
- Nº de visitantes: 8.044

Baixo o patrocinio do Concello de Oleiros e da entidade financeira Caixanova, a mostra *Fotógrafos da Natureza 2008* abriu as súas portas ao público o 30 de xullo cun acto inaugural que contou coa presenza de Ana Pallares Corral, do Concello de Oleiros, Rodrigo González Molines, director da sucursal de Caixanova de Santa Cruz e María do Carme López Marcos, coordinadora de programas de Educación Ambiental do CEIDA.

É o quinto ano que as salas do CEIDA acollen a espectacularidade, diversidade e beleza do mundo que nos rodea a través das mellores instantáneas presentadas ao prestixioso concurso anual Wildlife Photograher of the Year, organizado pola BBC e o Museo de Historia Natural de Londres co patrocinio de Shell. Este ano, no que se celebrou a edición número trinta e catro do concurso, recibíronse máis de 32.000 imaxes de fotógrafos profesionais e afeccionados procedentes de 78 países. Os estilos e protagonistas das imaxes son moi variados, van dende a plasmación abstracta da natureza ou o comportamento íntimo dos seres vivos ata o efecto do quecemento global, pasando por retratos de animais.



Ollando a lusofonía

- Datas: Do 3 de setembro ao 29 de novembro
- Nº de visitantes: 3.320



© Jorge Rosmarinho

fonía, unha mostra fotográfica colectiva na que o fío condutor é a identidade común das súas xentes e paisaxes.

Nesta exposición, que estivo no Castelo de Santa Cruz, en Oleiros, nove profesionais da fotografía dos países de fala galego-portuguesa expoñen medio cento de instantáneas. O 25 de setembro tivo lugar a presentación da mostra, acto ao que asistiu un dos fotógrafos, Xacobe Meléndrez.

Ollando a lusofonía é unha das 66 exposicións que percorren Galicia e que se inclúen no certame Outono Fotográfico, organizado pola Casa da Xuventude de Ourense.

O intercambio cultural foi unha das cláusulas sinaladas polos asistentes ao I Congreso internacional de educación ambiental dos países lusófonos e Galicia que se celebrou, en Santiago de Compostela, en setembro de 2007 organizado polo CEIDA. A maiores do programa académico, púxose en marcha un programa de actividades culturais para os 400 asistentes chegados dos países lusófonos. Así naceu ***Ollando a luso-***



© Ricardo França



© António Luís Campos

Preténdese que esta mostra percorra distintos puntos de Galicia e dos países lusófonos. No mes de abril do 2008, o IES Maximino Romero de Lema de Baio (Zas) acolleu esta exposición, de man do CEIDA, con motivo da celebración da semana cultural.

Autor	Localización das fotografías
Xacobe Meléndrez	Galicia
António Luís Campos	Portugal
Katia Silva	Timor Leste
Jorge Rosmarinho	Guinea Bissau
Mário Jaleco	Mozambique e Angola
Ricardo França	San Tomé e Príncipe
Vítor Nogueira	Brasil
Xulio Villarino	Cabo Verde


Arte e Natureza. Grupo Arou

- Datas: Do 2 de decembro ao 31 de decembro
- Nº de visitantes: 300

A vila pesqueira de Arou, situada no concello de Camariñas, inspirou a vinte artistas de toda Galicia para crear o Grupo Arou, que naceu a raíz do I Encontro de arte e natura-
reza Man de Camelle. Este colectivo, formado por fotógrafos, escultores... é o responsa-
ble da mostra **Arte e Natureza** que expuso no
Castelo as melhores fotografías realizadas baixo
a coordinación de Nils-Udo, un artista alemán
de intervención plástica na natureza.

A mostra invitou aos visitantes a apreciar
a arte latente na natureza e a reflexionar sobre
a necesidade da conservación.

A través das instantáneas refíctese o valor
da unión formada pola auga e a pedra; en defi-
nitiva, o valor do litoral galego, centrándose
nun pequeno lugar da Costa da Morte tinxido
de negro polo vertido do Prestige.



O Lobo en Galiza. Unha carreira por sobrevivir

- Datas: Do 2 de decembro ao 31 de decembro
- Nº de visitantes: 300




Distinto material artístico compón a exposición *O Lobo en Galiza. Unha carreira por sobrevivir* na que a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza - ADEGA -, a promotora da idea, recolle a opinión sobre esta especie en risco de extinción que varios artistas galegos plasmaron nas súas obras traducidas en cadros, esculturas, papiroflexia, fotografías...

Esta exposición foi resultado do II Encontro sobre o lobo galego celebrado os

días 8 e 9 de novembro na sede do CEIDA e que incluíu unha ruta por un foso do lobo no concello de Bande, en Ourense. Os participantes nesta actividade, dende gandeiros, cazadores... ata educadores ambientais, viron a necesidade desta exposición para defender a conservación da especie salvaxe máis emblemática de Galicia e para que sexa esta quen siga regulando o medio natural e que forneza a inspiración cultural.





4. centro de documentación Domingo Quiroga

En plena sociedade da información é preciso contar con centros especializados onde poder fazer consultas concretas sobre un tema específico.

O CEIDA pon a disposición do cidadán un servizo experto en temática ambiental e infinidad de información (monografías, audiovisuais, revistas...) recollida no Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga.

servizos e actividades



O coñecemento da problemática ambiental é fundamental para potenciar unha conciencia solidaria co ambiente, o que crea a necesidade dunha sociedade ben informada, que actúe en consecuencia, levando a cabo prácticas responsables que favorezan a conservación do planeta. A difusión da información ambiental é unha das ferramentas que permite achegar documentación aos responsables de políticas ambientais, para a elaboración de programas e plans coherentes co medio, aos educadores e aos profesionais que traballan na formación e divulgación e á cidadanía.

Este é o motivo polo cal o CEIDA, desde a súa constitución, ofrece un servizo de información e documentación especializado en temática ambiental: o Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga. Recompila e organiza de forma sistemática a producción científica e divulgativa publicada sobre esta temática para poñela a disposición do público interesado.

O 2008 supuxo a consolidación dun amplio fondo documental organizado e automatizado, especializado en educación ambiental, conservación e desenvolvemento sustentable. A diversificación da actividade do CEIDA demandou, por parte do persoal, novas materias; o que deu lugar á ampliación das áreas do medio mariño, forestal, conservación, enerxía e cambio climático, turismo e cooperación.



En Rede

O Centro de Documentación asistiu un ano máis ao Seminario de Centros de Documentación de Espazos Naturais Protexidos e Medio Ambiente que organiza o Centro Nacional de Educación Ambiental - CENEAM - dende o ano 2002. Neste encontro, celebrado en Valsaín (Segovia), participaron responsables de distintos Centros de Documentación do RECIDA (Rede de Centros de Información e Documentación Ambiental).


Apoios e colaboracións

O Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga conta co apoio de distintas institucións para desenvolver actividades. Entre elas cabe destacar a

colaboración da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia que, desde o 2006, apostou pola divulgación ambiental do centro. Froito desta axuda xurdiu o *Boletín Informativo Amares*, unha publicación electrónica de periodicidade mensual especializada en medio mariño e que recolle as novidades bibliográficas e novas de actualidade relacionadas co tema. As novas tecnoloxías facilitan o espallamento deste documento entre os traballadores do mundo do mar.

Domingo Quiroga Ríos (1900-1992)

Tivo un papel sobranceiro na defensa dos recursos naturais e ambientais de Galicia. Contribuíu a chamar a atención sobre os perigos da enerxía nuclear e dunha industrialización non respectuosa co medio. Adicou un grande esforzo á defensa dos recursos mariños, con varias obras pulicadas sobre o tema. Foi o primeiro presidente da Asociación para a Defensa Ecolólica de Galiza - ADEGA -, asumindo este cargo aos 74 anos de idade.



Durante o 2008, o Centro de Documentación contou ademais cunha colaboración especial, a da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, a través do seu Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica - INCITE -. Co seu apoio levouse a cabo unha edición especial do *Boletín de Novidades* dedicado á Ciencia e á Tecnoloxía e a realización de actividades dentro da Semana da Ciencia 2008, tales como o *Obradoiro en liña A Internet como ferramenta de busca de documentación científica*, ou o *Obradoiro de iniciación ao vídeo documental*.

Os fondos documentais do CEIDA enriquecense tanto da adquisición de materiais como de doazóns. O Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela e a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible son os principais doantes galegos. Xa nun plano estatal cabe destacar a consolidación das achegas doutras comunidades autónomas a través do RECIDA que dota de heteroxeñidade o fondo documental Domingo Quiroga. Nun plano internacional e tras a celebración a finais de 2007 do I Congreso de educación ambiental dos países lusófonos e Galicia, o Centro de Documentación iniciou colaboracións e intercambios con diferentes institucións de Portugal e Brasil e realizou doazóns a Cabo Verde e Timor Leste.

Semestralmente, o CEIDA publica a revista científica galego - lusófona de educación ambiental *AmbientalMente Sustentable* que permite o establecemento doutras liñas de colaboración e intercambio con entidades, como a recepción periódica das publicacións editadas polo Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino e o Organismo Autónomo Parques Nacionales.



**DOMINGO
QUIROGA**
CENTRO DE
DOCUMENTACIÓN
AMBIENTAL



O público en xeral pode acceder aos fondos xestionados polo Centro de Documentación. Este material está dispoñible para a súa consulta e préstamo a través de distintos medios proporcionando un rápido e fácil acceso á información e documentación ambiental. Este é un dos obxectivos do equipo de documentalistas do CEIDA.

Materiais do Centro de Documentación Domingo Quiroga	
Monografías	4.384
Revistas en curso de recepción	48
Artigos de revista baleirados	10.862
Literatura gris (documentación inédita)	815
Audiovisuais	796
Folletos	2.074


Perfil de usuarios e consultas realizadas

Foron moi diversos os colectivos e perfís que, ao longo do 2008, solicitaron documentación ao Centro Domingo Quiroga; destacan os que formularon as consultas a través do correo electrónico.

En canto ás consultas, os recursos didácticos e actividades relacionadas coa educación ambiental foron os materiais más solicitados, seguidos da información sobre sustentabilidade ambiental e Axendas 21 e xestión de Espazos Naturais Protexidos. Outras temáticas destacadas foron os recursos naturais e a interpretación do patrimonio.

A oferta do Centro de Documentación Domingo Quiroga ao longo do ano e a resposta por parte dos usuarios crean a necesidade dun acceso á documentación e á información que estea actualizada, sexa fiable, comprensible e de rigor para todos aqueles colectivos que ano a ano fan uso deste servizo do CEIDA, e establecese como reto a ampliación do ámbito de actuación.

Para alcanzar os seus obxectivos, é fundamental o apoio nas novas tecnoloxías para crear servizos que acheguen información de forma rápida e fácil.



Na actualidade, a páxina web do CEIDA ofrece a descarga de documentos e estase a traballar nunha ferramenta que permita a consulta dos fondos e da súa dispoñibilidade dende calquera parte do mundo, ampliando así o seu ámbito xeográfico.

Actividades da Semana da Ciencia 2008

Na edición da Semana da Ciencia 2008 realizáronse actividades que permitiron divulgar o coñecemento científico á vez que se difundiu o Centro de Documentación e os seus servizos. As actividades desenvolvéronse coa colaboración da Consellería de Innovación e Industria e dentro das accións de comunicación e divulgación científica e tecnolóxica

DIVERCIENCIA, no marco do Programa de Comunicación e Sensibilización Social do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica - INCITE -.



BOLETÍN DE NOVIDADES: Especial Ciencia e Tecnoloxía

O número de novembro do *Boletín de Novidades* que o Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga edita mensualmente, e dende hai varios anos, foi un Especial de Ciencia e Tecnoloxía, no que se destacaron os materiais adquiridos polo centro sobre esa temática, así como información relevante dispoñible na Internet.

O boletín dispoñibilizouse na web do CEIDA, xunto cos anteriores editados, e fíxose fincapé na súa divulgación con motivo da Semana da Ciencia 2008. A difusión realizouse vía correo electrónico, chegando a persoal de administracións públicas, membros de colectivos ecoloxistas, educadores ambientais, investigadores, estudiantes...

CURSO: A Internet como ferramenta de busca de documentación científica

- **Datas:** do 10 ao 23 de novembro
- **Lugar:** Curso en liña

The screenshot shows a virtual classroom interface. At the top, there's a banner for 'Aula Virtual'. Below it, a sidebar on the left lists course navigation options: 'Presentación do Administrador do Aula', 'Introducción ao Aula', 'Contenidos da Aula', 'Cuestionario', 'Página principal', and 'Iniciar'. The main content area has a heading 'Os meus cursos' with a list of items: 'Cursos impartidos como docente de la��s de documentación científica', 'Cursos impartidos por el profesor Domingo Quiroga', 'Experiencias en organización de actividades formativas desarrolladas en CEIDA nos últimos 20 años', 'Aulas virtuales impartidas en CEIDA nos últimos 20 años', and 'Aulas virtuales impartidas dentro da Semana da Ciencia 2008'. On the right, there's a sidebar titled 'Aula Virtual da SENSAI' with links to 'Cursos - Conferencias' and 'Formación Ambiental'. At the bottom, there's a footer with links to 'Presentación do Administrador do Aula' and 'Iniciar sesión'.

Participantes: Trinta alumnos de diverso perfil (mestres, investigadores, desempregados, educadores, técnicos, bolseiros e enxeñeiros) participaron no obradoiro que se realizou a través da plataforma educativa do CEIDA. As facilidades que ofrece a teleformación fixo que o número de solicitudes superara en tres veces ao de prazas.

Este obradoiro en liña permitiu mostrar aos participantes as ferramentas e a metodoloxía de busca de información na Internet, así como un amplio número de recursos de carácter cien-

tífico tales como directorios, bases de datos... onde atopar información relevante e de axuda á hora de desenvolver calquera tipo de traballo de investigación. O obradoiro levouse a cabo a través da aula virtual do CEIDA.

A duración do obradoiro foi de vinte horas e desenvolveuse entre os días 10 e 23 de novembro, coincidindo coa Semana da Ciencia. A área de documentación do CEIDA foi a encargada da elaboración dos contidos así como do seguimento do obradoiro a través de tutorías personalizadas.

OBRADOIRO: Iniciación ao vídeo documental

- ▶ **Datas:** do 12 ao 15 de novembro e do 19 ao 22 de novembro
- ▶ **Lugar:** Castelo de Santa Cruz. Oleiros



Participantes: 21 persoas

O obradoiro naceu co fin de que os participantes coñecesen o proceso de elaboración dun vídeo documental, dun xeito práctico, descubrindo así as posibilidades didácticas deste xénero; mostrándoo como unha ferramenta pedagóxica de grande utilidade para abordar cuestións socioambientais.

A actividade, de vinte horas de duración distribuídas entre o 12 e 22 de novembro, desenvolveuse no Castelo de Santa Cruz aproveitando o contorno para a gravación. Os vinte e un participantes presentaron un perfil heteroxenéo (estudiantes, educadores e profesionais do ámbito do audiovisual e marketing, técnicos de gabinetes de comunicación, fotógrafos...).

O responsable do desenvolvimento da actividade foi a empresa Mr. Misto Films.

Boletíns electrónicos

O Centro de Documentación Domingo Quiroga edita periodicamente dous boletíns que difunde entre máis de 3.000 usuarios.

Boletín Electrónico de Novidades

A súa edición comezou en maio de 2006 co fin de divulgar os fondos do Centro de Documentación e os servizos que ofrece ao público en xeral.

A elaboración do boletín é un dos traballos más destacados do Centro de Documentación xa que, a falla dun catálogo en liña, o boletín permite difundir a través da Rede aquelas adquisicións más destacadas sobre temática ambiental presentes no centro e dispoñibles para a súa consulta e préstamo.

En 2008 incluíronse algunas novas que aportan máis dinamismo, como as ligazóns que permiten acceder desde o menú da portada ás diferentes seccións. Tamén se incorporou o apartado *Vídeos na rede* que amosa recursos audiovisuais dispoñibles na Internet e engadíronse novas publicacións ás listaxes de boletíns-e e revistas-e.

Boletín Informativo Amares

Especializado no medio mariño, comezouse a editar en outubro de 2006 a raíz dun convenio de colaboración entre o CEIDA e a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

A periodicidade é mensual e pódese consultar, xunto co *Boletín de Novidades*, na sección de publicacións da web do CEIDA.

O boletín divúlgase entre persoas vinculadas co medio mariño: Consellería de Pesca, confrarías, asociacións, centros de investigación e tecnolóxicos, museos, etc, coa finalidade de proporcionar información actualizada sobre o estado do sector, eventos, axudas e novidades editoriais dispoñibles no Centro de Documentación sobre esta temática.

sumario

- eventos 1
- todo mundo 1
- cursos, congresos 2
- exposiciones 3
- destacado 6
- actualidade 6
- materiais 9
- monografías 9
- artigos 10
- recursos electrónicos 10
- directorio web 13
- extranet 13
- estatal **Novedades** 16
- gallego 16
- contactos 18
- consellería 18

eventos e novedades_bolsas e ayudas

- Subvenciones. — Orden FOM/2381/2008, de 30 de Julio, por la que se establecen las bases reguladoras para la concesión de subvenciones públicas a las empresas navieras españolas para compensar parcialmente las inversiones realizadas en la implantación del código internacional para la protección de los buques y de las instalaciones portuarias.
- Ministerio de Fomento.
Publicada no BOE, 11 agosto 2008, núm. 193.
Mais información:
<http://www.boe.es/boe/dias/2008/08/11/pdf/A34143-34145.pdf>
- Ayudas. — Resolución de 31 de julio de 2008, del Instituto

Asesoramento

Un dos papeis fundamentais do Centro de Documentación é o de asesorar os usuarios sobre os materiais que poden consultar, útiles para o seu traballo. Foi importante o papel do centro no asesoramento aos participantes do II Congreso de Educación Ambiental dos Centros de Ensino da provincia da Coruña.

Ademais, este ano iniciouse a tarefa de difundir bibliografía específica aos participantes nas xornadas de formación, capacitación e divulgación levadas a cabo polo CEIDA. Preténdese así convidalos a que coñezan o Centro de Documentación e as posibilidades que ofrece.

Outras actividades

Un ano máis, o Centro de Documentación do CEIDA participou na 7ª edición do Seminario de Centros de Documentación Ambientais e Espazos Naturais Protexidos, organizado polo CENEAM e o Parque Natural da Zona Volcánica da Garrotxa, e que reúne aos membros do RECIDA, Rede de Centros de Información e Documentación Ambiental de ámbito estatal. A actividade tivo lugar na sede do CENEAM, en Valsaín (Segovia) entre os días 7 e 9 de maio.



Nesta edición seguiuse coa dinámica establecida o ano anterior na que se realizaron talleres de traballo para favorecer o intercambio de experiencias e novas ideas. Os temas tratados foron os boletíns electrónicos, a evaluación de páxinas web e os servizos de información dixital.

En 2008 conseguiuse unha maior difusión colectiva dos integrantes da Rede, incorporáronse outros novos e iniciáronse propostas de participación conxunta en proxectos e experiencias. Neste sentido, o Centro Domingo Quiroga comprometeuse, xunto con Javier Puertas Blázquez de Europarc-España, á coordinación da divulgación dos boletíns electrónicos editados polos centros da Rede.

publicacións

Publicación que recolle as actividades desenvolvidas polo CEIDA ao longo do ano 2007

VALES VÁZQUEZ, C. (dir. e coord.). *Memoria de actividades 2007*. Liáns (Oleiros): CEIDA, DL 2008. 107 p.



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2007



2ª reimpresión dunha publicación que propón unha reflexión sobre o modelo de consumo de enerxía, estimulando novos comportamentos a favor dun modelo enerxético más sustentable.

VALES VÁZQUEZ, C. (dir. e coord.). *Prestige: Crónica negra dun modelo enerxético insostible*. Idea orixinal, Jordi Sargatal. 2ª reimp. [Liáns, Oleiros]: CEIDA; [Barcelona]: Fundación Territori i Paisatge, 2008. 87 p. ISBN-978-84-611-8490-3.




Cadernos divulgativos con información sobre dous interesantes itinerarios forestais, facendo fincapé nos seus recursos, valores e especies forestais. O primeiro deles discorre pola Serra da Capelada no concello de Cedeira. A segunda das publicacións describe o itinerario de Pencabada, que transcorre polos Cumios de Sanguiñedo no concello de Monfero. Publicacións patrocinadas pola Consellería de Medio Rural.

LÓPEZ MARCOS, Mª do C. *Pés na terra: Itinerario forestal pola Serra da Capelada*. 2ª reimpr. [Liáns, Oleiros]: CEIDA, 2008. 16 p.

CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA. *Pés na terra: Itinerario forestal polos Montes de Monfero*. [Liáns, Oleiros]: CEIDA, DL 2008. 12 p.


Recóllense reflexións, enfoques metodolóxicos e propostas de acción que xorden no mundo académico e que demostran que existen ámbitos consolidados ao carón doutros emergentes, tanto a nivel teórico como metodolóxico. Contribuíron ao financiamento a Consellería de Medio Ambiente de Desenvolvemento Sostible, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia.

SAUVÉ, L; et al. *Formación e investigación en Educación Ambiental: Novos escenarios e enfoques para un tempo de cambios*. Coordenadores, Pablo Ángel Meira Cartea, Marília Andrade Torales. [Liáns, Oleiros]: CEIDA, 2008. 199 p. (Documentos para a Educación Ambiental do CEIDA; 2) ISBN - 13:978-84-612-4519-2.



Dentro da colección *Que me dis de...* dirixida a un público xuvenil, o CEIDA é o autor do título *A auga* onde se aborda a problemática deste recurso dende unha perspectiva mundial e co obxectivo de achegar aos máis novos a importancia da conservación deste recurso e do seu consumo responsable. Está editado por Nova Galicia Edicións.

CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA. *A auga*.
Vigo: Nova Galicia Edicións, DL 2008. 55 p. (*Que me dis de...*). Dispoñibles edicións en español e inglés.
ISBN 978-84-96950-97-9.



O CEIDA edita os resumos do Seminario Internacional *Educação, Ambiente, Turismo e Desenvolvimento Comunitário*. Tivo lugar do 21 ao 28 de xullo en San Tomé e Príncipe, organizado polo Centro de Estudos Africanos - CEA/ISCTE -, a Direcção-Geral do Ambiente; a Dirección de Turismo e Hotelaria da República Democrática de São Tomé e Príncipe e a Associação Internacional de Investigadores em Educação Ambiental NEREA-Investiga.

CENTRO DE ESTUDOS AFRICANOS (Portugal); et al. *Seminário Internacional Educação, Ambiente, Turismo e Desenvolvimento Comunitário: São Tomé e Príncipe 21-28 de Julho de 2008: Resumos*. [Liáns, Oleiros]: CEIDA, 2008. 95 p. ISBN-13: 978-84-691-4676-7.



AmbientalMente sustentable xurdiu como espazo de comunicación científica para a educación ambiental no ámbito galego-lusófono. Neste quinto número preséntanse reflexións teóricas, experiencias de investigación e de participación, así como estratexias de acción e recursos para o traballo en educación ambiental.

AmbientalMente Sustentable. Oleiros, 2008, vol. 1 (5), núm. xan-xuñ. ISSN 1887 - 2417.



No número 6 da revista *AmbientalMente sustentable* fálase da importancia da conservación dos bosques, dos procesos forestais e da correcta xestión para poñer en valor o seu uso social.

AmbientalMente Sustentable. Oleiros, 2008, vol. 2 (6), núm. xull-dec. ISSN 1887-2417.



O CEIDA coordina a publicación deste material educativo incluído dentro da exposición *O cambio climático: O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción*. O caderno de actividades didácticas está destinado aos alumnos de secundaria co fin de que traballen sobre un dos fenómenos ambientais más salientables das últimas décadas.

CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA. ***O cambio climático: O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción. Caderno de actividades didácticas secundaria.*** A Coruña: CEIDA, DL 2007. 20 p.





5. entidades colaboradoras

Moitas das actividades desenvolvidas polo CEIDA ao longo do 2008 foron possibles grazas ao apoio de numerosas entidades locais, provinciais, autonómicas, nacionais e internacionais pertencentes tanto á administración como ao mundo empresarial. Todas estas institucións caracterízanse polo respecto ao medio e o interese en promover a conservación.

Colaboracións internacionais



Governo Federal do Brasil



República de Cabo Verde

República democrática
de São Tomé e Príncipe

Creada en 1948, a Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN) é a maior rede ambiental do mundo. Agrupa a 84 Estados, 111 axencias gobernamentais, 784 ONGs nacionais, 34 axencias afiliadas, 89 ONGs internacionais e a uns 1.000 científicos e expertos de 160 países. Persegue inxuir, estimular e apoiar as sociedades de todo o planeta, co obxecto de manter a integridade da natureza e asegurar o uso equitativo e ecoloxicamente sustentable dos recursos naturais. O CEIDA foi a primeira organización galega en formar parte desta entidade mundial.
www.uicn.org

Unión Internacional para a Conservación da Natureza



Nerea Investiga



Centro de Estudios Africanos

Administración central



AECID. Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo



CENEAM. Centro Nacional de Educación Ambiental



Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino



Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

Administración autonómica



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ConSELLERÍA de Educación
e Ordenación Universitaria



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

ConSELLERÍA de Innovación
e Industria



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ConSELLERÍA do Medio Rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

ConSELLERÍA de Cultura
e Deporte



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS

ConSELLERÍA de Pesca
e Asuntos Marítimos



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

ConSELLERÍA de Vivenda e Solo

Outras entidades con participación pública de Galicia



INEGA. Instituto Enerxético
de Galicia



Turgalicia



Xacobeo

Administración local



CONCELLO DE
ABEGONDO

Concello de Abegondo



Concello de Betanzos



Concello de Sada



Federación Galega
de Municipios e Provincias



Asociación Grupo de Acción
Local Terra das Mariñas



Deputación da Coruña

O patrocinio da institución coruñesa co CEIDA encamiñase á formación, asesoría, divulgación e participación ambiental para os concellos da provincia. Ademais, promove a sensibilización e a educación ambiental dirixida aos centros de ensino e outros colectivos sociais de Galicia a través dos seus programas.

www.dicoruna.es

Ámbito universitario



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



O Observatorio del Litoral, do Instituto Universitario de Estudios Marítimos (UDC) traballa no eido xurídico do litoral, formula propostas de mellora, asesora ás Administracións e institucións, e promove a difusión de estudos sobre o litoral.
www.observatoriodellitoral.es



O Instituto Universitario de Estudios Marítimos é o resultado da colaboración entre a UDC e a Autoridade Portuaria da Coruña. A súa finalidade é acceder ao coñecemento especializado no ámbito das ciencias e técnicas do mar para incidir no desenvolvemento de Galicia.
www.udc.es/iuem



A Asociación Luso-Galega de Antropoloxía Aplicada, impulsada por integrantes do Grupo de Estudios de Antropoloxía Aplicada (GEAA) da UDC, ten un carácter científico-académico á vez que comprometido co desenvolvemento sostible. Prioriza as relacións cos países lusófonos.
www.anthroponet.org

Universidade da Coruña



► A USC, con máis de cincocentos anos de vida, desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico. Dende o ano 2008 mantén un convenio de colaboración co CEIDA.
www.usc.es



SEPA. Grupo de Investigación en Pedagogía Social e Educación Ambiental



CETUR
Centro de Estudos e Investigacións Turísticas

CETUR. Centro de Estudos e Investigacións Turísticas



IBADER
Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvimento Rural

IBADER. Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvimento Rural

Universidade de Santiago



UNIVERSIDADE DE VIGO

Universidade de Vigo



Universitat Catalana d'Estiu de Ciències de la Natura



Università della Calabria

Empresa privada



Gadisa, empresa líder de distribución no noroeste da península, fixou un amplo programa de responsabilidade social corporativa, a través do cal busca o cumprimento equilibrado das responsabilidades en materia económica, social e ambiental sobre a sustentabilidade.
www.gadisa.es

Grupo Gadisa



Baiucas das Mariñas



Supermercados Haley



Foto Artús



OFC Centro de Formación

Fundacións e entidades financeiras




CENTRO TECNOLÓGICO DEL MAR
 FUNDACIÓN CETMAR

CETMAR é unha fundación promovida pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Dirección Xeral de I+D da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e polo Ministerio de Educación e Ciencia. Contribúe a mellorar as condicións para o desenvolvemento sustentable dos recursos mariños, favorecendo a eficiencia dos sectores relacionados co uso e a explotación do mar e os seus recursos. Xunto coa Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos é promotor do Proxecto Serea, no que o CEIDA foi seleccionado como socio.
www.cetmar.org

CETMAR



Caixanova



Fundación Fernández Latorre



Voz Natura



Fundación Juana de Vega

Constituíuse en 1872 coa vocación de crear unha escola teórico-práctica de agricultura, obxectivo que se materializou en 1992. Dentro das últimas actividades que desenvolveu cabe destacar a implantación do Máster Juana de Vega de Arquitectura da Paisaxe e a creación da cátedra Juana de Vega.
juanadevega.org/ga/



Fundació Territori i Paisatge

O Patronato da Fundació Territori i Paisatge, que pertence á Caixa de Catalunya, constituiuse o 18 de decembro de 1997. Ten como principais obxectivos colaborar na conservación do patrimonio natural e concienciar a poboación da necesidade de protexer o medio. Estes obxectivos materialízanse a través de subvencións de proxectos de estudo e conservación presentadas por ONGs, institucións e administracións municipais. Este ano, a entidade colaborou co CEIDA para seguir afianzando o traballo nas liñas de Medio Mariño e Forestal.

Ambientalistas



ADEGA. Asociación para a Defensa Ecolólica de Galiza



SGEA. Sociedade Galega de Educación Ambiental



SGHN. Sociedade Galega de Historia Natural

Outras entidades



AGADER. Axencia Galega de Desenvolvemento Rural



AIP. Asociación para la Interpretación del Patrimonio



FAEPAC. Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña



FAIMEVI. Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo



FEOGA. Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola



FGCMF. Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial